



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 27

Sesión plenaria
6 de novembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 2959 (12/PNP-000334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

4.2 5980 (12/PNP-000626)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que promova un incremento dos efectivos da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024

4.3 12248 (12/PNP-001009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego na política de control da transmisión da lingua azul e da enfermidade hemorráxica epizoótica no gando galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f1, do 09.10.2024

4.4 13362 (12/PNP-001096)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que modifique as condicións de asignación e utilización de fondos finalistas en materia de políticas activas de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f1, do 23.10.2024

4.5 13507 (12/PNP-001118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e seis deputados/as máis

Sobre as negociacións dos contratos do Goberno galego coas concesionarias das autovías Santiago-Brión, O Salnés, A Barbanza e Celanova e a materialización do rescate en 2025 da AG-55 (A Coruña-Carballo) e a AG-57 (Vigo-O Val Miñor)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f1, do 23.10.2024



4.6 13596 (12/PNP-001130)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre determinadas actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha respecto das necesidades dos centros públicos de ensino en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f1, do 23.10.2024

Punto 5. Interpelacións**5.1 1063 (12/INT-000043)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre o modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

5.2 12285 (12/INT-000540)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e catro deputados/as máis**

Sobre a xestión da Xunta de Galicia dos fondos europeos para o sector agrario, concretamente da orde deste ano, que regula os plans de mellora e a incorporación da xente nova ao sector

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f1, do 09.10.2024

5.3 13236 (12/INT-000581)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 13820 (12/POPX-000021)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a política que está a levar a cabo o Goberno galego para afrontar o problema de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024

6.2 13822 (12/POPX-000022)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé tomar para abordar con eficacia os problemas da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024



Punto 7.Preguntas ao Goberno

7.17350 (12/POP-000948)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e doce deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do compromiso que ten o Goberno central co impulso do AVE entre Galicia e a fronteira portuguesa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 61, do 06.08.2024

7.213379 (12/POP-001994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis

Sobre a situación do IES Agra de Leborís, da Laracha, no que concirne ao cumprimento dos acordos sindicais e á súa dotación docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

7.312422 (12/POP-001903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a calidade da atención da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f2, do 09.10.2024

7.413286 (12/POP-001986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que desenvolve ou vai desenvolver a Xunta de Galicia respecto do nó de transición xusta das Pontes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f2, do 23.10.2024

7.513792 (12/PUP-000052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o mantemento ou a retirada da acreditación obrigatoria do nivel de coñecemento da lingua galega para optar á contratación laboral temporal na súa propia administración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024

7.612343 (12/POP-001893)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Mourelle, Ethel María e oito deputados/as máis

Sobre as novas campañas impulsadas pola Xunta de Galicia para a vacinación fronte ao virus respiratorio sincitial e ao virus do papiloma, así como respecto da vacina intranasal contra a gripe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97f2, do 09.10.2024



7.713119 (12/POP-001969)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a previsión que ten o Goberno galego respecto do cumprimento do Plan funcional do Hospital Gran Montecelo, aprobado o 23 de xuño de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024

7.813791 (12/PUP-000051)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre a posibilidade de materializar un pacto pola lingua entre todas as forzas políticas parlamentarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024

7.913818 (12/PUP-000053)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre o grao de implicación do Goberno galego no proceso de reversión aos concellos dos terreos portuarios non utilizados para tal fin

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 39.10.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente xustifica a inasistencia ao pleno dos deputados: don Ángel Rodríguez Conde, don Brais Ruanova Vilas-Boas, don Julio Ernesto Abalde Alonso e don Armando Ojea Bouzo. (Páx. 11 .)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política que está a levar a cabo o Goberno galego para afrontar o problema de acceso á vivenda. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 11.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que o Goberno galego prevé tomar para abordar con eficacia os problemas da sanidade pública. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Resposta do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 21.)

O señor Pazos Couñago (P) pide a palabra e fai uso dela ao amparo do artigo 76.1. (Páx. 23.)

A Sra. Pontón Mondelo (BNG) e a Sra. vicepresidenta segunda, Prado Cores, piden o uso da palabra, que lles é denegado polo señor presidente. (Páx. 24.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Ariadna Fernández González, sobre determinadas actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha respecto das necesidades dos centros públicos de ensino en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Davila (BNG).* (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 27.) e *Sra. Vázquez Suárez (P).* (Páx. 30.)

Nova intervención da señora Fernández Davila (BNG). (Páx. 32.)



Votación das proposicións non de lei

A señora Amigo Díaz (P) fai uso da palabra para pedir a votación por puntos do punto número 1 e do punto número 3 por separado. Alén diso, solicita a votación do punto número 2 á parte. (Páx. 34.)

A señora Espinosa Mangana (S) non acepta a votación por puntos. (Páx. 34.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais: rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 35.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que promova un incremento dos efectivos da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA): aprobada por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 31 abstencións. (Páx. 35.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego na política de control da transmisión da lingua azul e da enfermidade hemorráxica epizoótica no gando galego: rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 35.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que modifique as condicións de asignación e utilización de fondos finalistas en materia de políticas activas de emprego: aprobada por unanimidade, por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, sobre as negociacións dos contratos do Goberno galego coas concesionarias das autovías Santiago-Brión, O Salnés, A Barbanza e Celanova e a materialización do rescate en 2025 da AG-55 (A Coruña-Carballo) e a AG-57 (Vigo-O Val Miñor): rexeitada por 31 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Ariadna Fernández González, sobre determinadas actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha respecto das necesidades dos centros públicos de ensino en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 36.)



Interpelación de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 37)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 40.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 44.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 45.)

Interpelación de D. Secundino Fernández Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da Xunta de Galicia dos fondos europeos para o sector agrario, concretamente da orde deste ano, que regula os plans de mellora e a incorporación da xente nova ao sector. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 48.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 51.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 53.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 55.)

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 57.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 59.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 62.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 64.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha alteración da orde do día que consiste en substanciar a pregunta que figuraba no noveno lugar. (Páx. 66.)

Pregunta de D. Carlos López Font e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de implicación do Goberno galego no proceso de reversión aos concellos dos terreos portuarios non utilizados para tal fin. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 67.)

Réplica do autor: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 69.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e doce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do compromiso que ten o Goberno central co impulso do AVE entre Galicia e a fronteira portuguesa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 70.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 72.)

Réplica do autor: *Sr. García Comesaña (P)*. (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 74.)



Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/das máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación do IES Agra de Leborís, da Laracha, no que concirne ao cumprimento dos acordos sindicais e á súa dotación docente. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 75.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 76.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González)*. (Páx. 78.)

Pregunta de D^a Iria Taibo Corsanego e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a calidade da atención da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 79.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 82.)

Pregunta de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que desenvolve ou vai desenvolver a Xunta de Galicia respecto do nó de transición xusta das Pontes. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 84.)

Réplica do autor: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 86.)

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante o mantemento ou a retirada da acreditación obrigatoria do nivel de coñecemento da lingua galega para optar á contratación laboral temporal na súa propia administración. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 91.)

Pregunta de D^a Ethel María Vázquez Mourelle e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as novas campañas impulsadas pola Xunta de Galicia para a vacinación fronte ao virus respiratorio sincitial e ao virus do papiloma, así como respecto da vacina intranasal contra a gripe. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 92.)



Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 94.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a previsión que ten o Goberno galego respecto do cumprimento do Plan funcional do Hospital Gran Montecelo, aprobado o 23 de xuño de 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 96.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 97.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 98.)

Pregunta de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a posibilidade de materializar un pacto pola lingua entre todas as forzas políticas parlamentarias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ferro Iglesias (P)*. (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua a Xuventude (López Campos)*. (Páx. 101.)

Réplica do autor: *Sr. Ferro Iglesias (P)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua a Xuventude (López Campos)*. (Páx. 102.)

Remata a sesión ás tres e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

Xustifican inasistencia á reunión de hoxe os deputados: don Ángel Rodríguez Conde, don Brais Ruanova, don Julio Ernesto Abalde e don Armando Ojea Bouzo.

E, sen máis, continuamos coa orde do día, co punto 6, de preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política que está a levar a cabo o Goberno galego para afrontar o problema de acceso á vivenda

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

¿Temos un problema de emerxencia habitacional? Non é unha pregunta, é unha afirmación. Galicia ten un problema de emerxencia habitacional. É un dereito que reconece a Constitución de todos nós, a Constitución española, e é algo que está reflectido tamén no Estatuto de autonomía, onde se establece no artigo 27 ese dereito e esa competencia exclusiva que reside na Xunta de Galicia; por tanto, sitúa a responsabilidade de dar cumprimento a ese dereito e ao seu desfrute na Xunta de Galicia.

¿Temos problemas de vivenda en Galicia? Si. ¿De adquisición de vivenda? Si. Para moitos mozos e mozas e para moitas familias é un proceso inasumible o de adquirir unha vivenda. Pero aínda é máis grave no campo do alugueiro da vivenda.

Temos unha situación onde nos últimos dez anos o salario mínimo interprofesional medrou máis ou menos un 25 por cento, pero a renda medrou un 58 por cento. Temos unha situación real onde mozos e mozas que gañan uns 1.100 euros ao mes pois teñen que destinar case o 50 por cento do seu salario a pagar a renda do alugueiro do seu piso.

¿Por que se produce esta situación? En primeiro lugar, porque houbo renda solta para a especulación durante moitos anos, porque non se corrixiron os efectos permisivos e perniciosos da especulación e porque houbo unha inacción evidente por parte dos sucesivos gobernos durante os últimos anos para non construír vivenda pública e non dar solución a ese acceso á vivenda. Por tanto, evidentemente —e eu creo que aí todos coincidimos, e xa non quero entrar en datos e en cifras—, durante os últimos anos non se construíu vivenda pública, e hoxe non poden desfrutar nin entrar nesas vivendas públicas os mozos e mozas e as familias que tanto o necesitan.



¿Que fan —e eu dicíallo hai un mes, antes da presentaciódos orzamentos—? Eu pedíalle ao presidente da Xunta determinación neste campo; determinación para afrontar este problema e resolver esta evidente necesidade que temos hoxe; non dentro de dez anos, senón hoxe, que existe esa necesidade.

¿Que fan outras comunidades autónomas? Bueno, pois claramente apostan, no caso, por exemplo, de Euskadi, por aumentar o seu patrimonio de vivenda en alugueiro público, cun investimento histórico sen precedentes, e o mesmo fai Cataluña en canto á construción. Pero, evidentemente, ¿hai que construír? Si, hai que construír, pero imos ter que esperar uns tres ou catro anos para poder desfrutar desas vivendas que se fagan en construción pública e en mans públicas, que é polo que apostamos os socialistas. Pero, namentres, hai que solucionar este problema e hai que actuar con medidas, probablemente moitas delas inmediatas e temporais, para solucionar esa verdadeira necesidade que teñen hoxe mozos e mozas e moitas familias no noso país.

Nós xa lle dixemos: actúe, colabore, participe, implíquese no proceso de declaración de zonas tensionadas. Ten efectos bondadosos tanto para os arrendatarios como para os propios arrendadores, que poden ver bonificada esa situación nun control de marco de prezos. Pero tamén lle propoñemos e lle poñemos enriba da mesa: xere un banco público de vivendas en alugueiro onde a Xunta sexa a verdadeira mediadora e que sexa capaz de atraer cara a ese banco público de alugueiro de vivendas moitas vivendas que están baleiras, apartando, deterrando e castigando a infravivenda, que tamén entorpece nese proceso de acceso á vivenda.

Podemos afrontar un proceso case inmediato de xeración dunhas 5.000 vivendas que podemos recuperar nese mapa, e ademais podémolo facer a cantidades razoables. Garantimos, a través dese banco, seguridade para os arrendadores, prazos de arrendamentos máis longos, e para os arrendatarios, prezos razoables para eses alugueiros

En definitiva, o que lle propoñemos é unha aposta polo público, esa mediación que debe ser a Administración pública da Xunta de Galicia, para garantir e sacar cara ao mercado esas vivendas que hoxe están baleiras, improdutivas e que soamente están esperando medidas especulativas para poder obter algún beneficio.

Nós propoñémoslle solucións. Nós queremos que isto se afronte como unha verdadeira necesidade e con urxencia, e sobre todo, ademais, máis alá dos titulares que vostede ofrece, se plantexen as solucións. Nós ímolo facer tamén emendando eses orzamentos, que consideramos que no ámbito da vivenda son deficitarios. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señor Besteiro.



Bueno, xa onte fixemos unha declaración institucional, pero quero volver recordar nesta intervención todas as vítimas da traxedia de Valencia e tamén os galegos que están alí traballando, e quero agradecerlles a todos os galegos a súa solidariedade en forma de doazóns, de aportacións e de intentos de facer todo o que podían, como demostraron estes días.

Non é sinxelo, co que estamos vendo, e co que acontece tamén no mundo, intentar centrarse neste tema. É a miña obriga e, polo tanto, vou facer, intentando, ademais —creo que vostede o fixo—, manter o ton institucional e mostrar desde Galicia como debería ser a política noutros sitios; en España, por suposto, e tamén noutros lugares. *(Aplausos.)*

Vostede pregunta que medidas tomamos dende a Xunta de Galicia e se somos conscientes do problema da vivenda. Por suposto, pero é certo —e non llo vou recordar— que hai un Ministerio de Vivenda. Vostede fai política en Galicia e, polo tanto, tenme que preguntar a min, pero recórdolle que hai moitas cousas que dependen tamén das decisións —en canto ao financiamento sobre todo— que se tomen dende o Ministerio de Vivenda a nivel estatal.

Pero nós claro que temos que facer cousas, e dígolle que son perfectamente consciente de que a vivenda é un problema de primeira magnitude. Primeiro, sono porque o percibo, percibímolo todos, e ao mesmo tempo sae en todas as enquisas recorrentemente, e cada vez nun lugar máis elevado, se é que non o está xa no día de hoxe.

Polo tanto, aquí hai dúas maneiras de afrontalo, que é: ser proactivo, responsable e poñer máis vivenda á disposición das persoas para que baixe prezo, ou facer todo o contrario, políticas que o que fan é retraer do mercado vivenda, que provocan escaseza e que, ademais, aumente o prezo.

Polo tanto, eu teño claro que a nosa política ten que ser a primeira, é fundamental, e temos que dedicarnos a iso, e para iso, mire, primeiro hai que ter medidas efectivas, e témolas —falaremos diso na segunda réplica—, hai que alonxarse de demagoxias e ter tamén orzamentos, porque isto é tamén moi importante e implica empregar recursos públicos.

Sabe vostede que nesta lexislatura —e hai que poñerse retos, xa o dixemos, e ímolo conseguir, xa empezamos— imos duplicar o número de vivendas públicas promovidas directamente pola Xunta de Galicia. Hai que facelo, e pasar de 4.000 a 8.000. Xa temos en marcha máis de mil nos primeiros meses desta lexislatura.

Hai tamén que favorecer que a iniciativa privada, e as cooperativas sobre todo, constrúan tamén vivenda. Hai que facilitarlles trámites, hai que apoialas economicamente e hai que facilitarlles chan, que tamén o estamos facendo.

Vostede sabe que semana tras semana no Consello da Xunta de Galicia estamos traendo medidas que teñen que ver coa promoción da vivenda, coa facilitación. Non só hai que construílas directamente, que temos que facelo, senón que tamén hai que levar a cabo outras medidas para poñer vivendas á disposición en todas as cidades. Agora mesmo estamos actuando en San Paio de Navia, en Xuxán, en Garabolos, no Bertón, en Valdecorvos, no Castiñeiriño e en Cambedo; nas sete cidades.



E os orzamentos da Xunta, como lle dicía, teñen que soportar todo iso: 120 millóns. Triplicamos o número, e vostede di que é insuficiente. Espero as súas aportacións, e espero que sexan en positivo, pero, polo de agora e polo de pronto, triplicamos os orzamentos.

Sabe que tamén temos unha política decidida para poder converter os baixos, respectando as condicións de habitabilidade, en vivendas. E temos moitas máis cousas. Eu xa sei que é moito máis fácil facer demagogia, facer promesas, non ter orzamentos e dar números que despois non se cumpren, pero creo que ese non é o camiño. Tampouco creo que sexa o camiño, señor Besteiro, demonizar os propietarios. Non se equivoque, a Lei de vivenda estatal, coa que a Xunta de Galicia non está de acordo e por iso a recorreremos, o que está facendo é detraer. A xente ten medo a alugar os seus pisos. Polo tanto, vostede fala de fórmulas mágicas, pero terá que depender de que a xente perda o medo, e dende logo a lei que están facendo non favorece iso en absoluto.

Os problemas de vivenda son problemas fundamentais, os problemas de vivenda teñen que implicar a todas as administracións. Espero tamén coordinación co Ministerio Vivenda, que recoñeceu, ademais, que temos un nivel de execución moi superior en fondos europeos para a vivenda que o resto das comunidades autónomas.

Nós imos seguir facendo unha política de responsabilidade, de retos e con resultados, e para iso fai falta respaldo orzamentario. Témolos, e espero as súas aportacións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, fíxese que eu creo que a miña aposta e a proposta de solucións vai en clave positiva absolutamente. Vostede prefire rexeitar ese tipo de solucións e ese tipo de propostas, e a aposta que fai a Xunta de Galicia non é soamente construír vivenda pública —xa veremos para cando—. As primeiras 1.500 vivendas, loxicamente —e acábo de recoñecer vostede— son grazas a esa transferencia do Estado dos fondos Next Generation. É importante que así se saliente.

Pero, en todo caso, a súa aposta tradicional é a aposta polos pisos de menos de trinta metros para aqueles menores de 35 anos. Non sei se para vostede ou para calquera dos membros do Goberno galego, cando tiñan menos de 35 anos, o seu proxecto de vida pasaba e se movía en torno aos trinta metros cadrados. Eu espero que non, pero para os galegos de hoxe tampouco é unha solución de futuro.

Aposta por iso e aposta pola relaxación na lexislación. Bueno, xa veremos o efecto que ten. Eu o que lle propoño é ser máis ambiciosos e afrontar ese problema do alugueiro cunha clara aposta pública, de mediación pública, de que realmente o público pese con forza nesa inter-



vención nun momento en que é necesario; xa non lle digo definitivamente, pero si neste momento é necesario que o público pese sobre iso.

Vostede fáleme do cumprimento dos orzamentos. O cumprimento dos orzamentos nos anos anteriores non lle foi moi beneficioso para as súas teses: pouca execución e, noutros casos, como no ano 2024, alá polo mes de xuño, execución sobre o acceso a vivenda, e, nesa partida, cero euros, para eses orzamentos que vostede sempre defende e que é moi bo que aparezan e que estean en vigor o 1 de xaneiro. Bueno, pois, en seis meses, cero nesa execución. Pero voulle dicir máis, isto é unha cuestión ideolóxica, e eu como tal a entendo. Vostedes priorizan o principio da liberdade, pero o problema que teñen moitos galegos e galegas, moitos mozos e mozas galegas, é que non teñen accesibilidade á liberdade porque non teñen liberdade de elección. ¿Sabe por que? Porque teñen necesidade. E a súa obriga —a nosa obriga— é poñer fin a esa situación de necesidade e que poidan elixir e ter liberdade porque xa a necesidade desapareceu.

E para iso nós o que plantexamos é a forza do público, a garantía do público, o aval do público; tamén para os arrendadores, aos que non lles poñemos tacha, senón que se incorporen a un proceso onde teñan unha rendibilidade razoable. Queremos poñer fin a esa especulación e queremos un mercado controlado a prezos razoables para a situación que viven mozos e mozas en Galicia, pero, sobre todo, tamén moitas familias. Lembre que hai 18.000 persoas que están inscritas no Rexistro de Demanda de Vivenda Pública. Esas son as cifras que ten que ter presentes permanentemente, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche desta pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, non; non se equivoque, non rexeito nada. Xa lle dixen que agardo —e ademais ogallá— que sexan útiles as súas aportacións a través de emendas aos orzamentos.

E non se equivoque nunha cousa —vostede isto repíteo sempre—, os cartos dos Next Generation e dos fondos europeos mándaos Europa, non os manda o señor Sánchez. O que pasa é que o señor Sánchez, como non é capaz de facer vivenda, transfírenolo ás comunidades autónomas para que fagamos vivenda nós, pero son cartos de Europa, non o son en absoluto do señor Sánchez. *(Aplausos.)*

E mire, non se equivoque tampouco coas zonas tensionadas. Eu díxeno sempre: a Xunta de Galicia cumpre as leis. Aquí cúmprense as leis, ¡faltaría máis! E, polo tanto, se algún concello pide a declaración de zona tensionada en Galicia, a Xunta de Galicia, se cumpre os requisitos, vaina tramitar. Pero é que ningún concello está cumprimentando os trámites, ¡por algo será! Tampouco ningún concello socialista, e non me estraña, señor Besteiro. Oia, en Cataluña —datos da Generalitat— nas zonas que se declaran tensionadas subiron os arrendamentos, o prezo, case un 20 por cento, e nas zonas onde non están tensionadas non che-



garon ao 2 por cento. Esta é a realidade. Polo tanto, mentres non faga un bo diagnóstico, mentres non se dean conta de que a súa Lei de vivenda o que está é asustando os posibles arrendadores e sacando vivendas do mercado ou ben para vivenda turística ou simplemente para telas aí... Vostede di que é para especular; eu dígolle que están esperando por un goberno que lles dea confianza. Probablemente se equivoquen. Xa me gustaría a min que os propietarios tivesen unha lei que os animase, xunto cos estímulo da Xunta, a poder facelo; pero para iso, entón, hai que cambiar a Lei de vivenda, señor Besteiro, que está sendo moito máis un problema que ningunha solución.

E respecto da execución, oia, o último ano a execución do IGVS está nun 94 por cento. Vostedes tiñan unha media que non era mala —había cousas que facían bastante peor—, dun 80 por cento. Nós chegamos ao 94 por cento. Polo tanto, isto hai que deixalo claro, porque se lanzan cifras por aí que non son certas. A min xa me gustaría que fose o cento por cento, e temos que chegar ao cento por cento, pero estamos nun 94 por cento no último ano, que non está mal; son case quince puntos máis ca vostedes.

E hai moitas cousas que se fixeron xa e que hai que seguir facendo: mire, dende o ano 2009, 830 millóns de euros dedicados a apoiar a máis de 175.000 persoas para acceder a unha vivenda; fixemos 2.403 vivendas de nova construción nos últimos anos. ¿Son dabondo? Non, agora hai que facer case o dobre nestes catro anos. Ese é o reto que nos poñemos. 7.500 persoas foron beneficiarias das axudas da Xunta ao alugueiro e 4.500 persoas en risco de desafiuzamento foron axudadas pola Xunta de Galicia. Hai que seguir facendo cousas, como un paquete de medidas de máis de 7,5 millóns de euros para axudar a xente a unha rehabilitación para que poidan comprar unha vivenda en cascos históricos e en zonas rurais, baixadas de impostos... A vostede xa sei que non lle gusta moito falar de baixadas de impostos, pero os galegos aforraron estes últimos anos máis de 400 millóns de euros en materia de vivenda. E, mire, hai que seguir, e somos conscientes de que hai que tomar medidas valentes.

Eu anúnciolle que a partir do ano que vén subiremos os umbrais para que a xente poida acceder a vivendas de promoción pública. Non é normal, sobre todo na xente nova —e aí doulle a razón, todos estamos de acordo niso—, que unha parella cun fillo nunha zona urbana, se entre os dous gañan 24.000 euros, estea fóra das posibilidades de acceder á vivenda pública. Polo tanto, subiremos ese umbral e daremos máis posibilidades á xente nova. (Aplausos.)

Faremos tamén que as vivendas protexidas sexan vivendas protexidas sempre; sempre á disposición dos que as necesitan. Vostedes en catro anos desprotexeron máis de 10.000 vivendas, señor Besteiro. Faremos que o 25 por cento das vivendas de promoción pública para comprar e o 40 por cento para alugar vaian destinadas á xente nova. Facilitaremos tamén —e creo que é moi importante; vostedes non o valoran dabondo, creo, pero xa verán como é unha boa medida— que os baixos comerciais se poidan converter en vivendas. É bo para as cidades, é bo para as persoas que agora non teñen acceso e é bo para todos; polo tanto, hai que facelo. Reduciremos á metade os prazos de tramitación do novo solo residencial para vivendas protexidas. En definitiva, faremos moitísimas cousas. Esta é a nosa política, señor Besteiro. Temos un reto; son consciente de que nos marcamos un reto medible e, polo tanto, opinable e fiscalizable, e ímolo cumprir; se é coa súa colaboración, moitísimo mellor.



Mire, aquí dogmatismos, moi poucos, demagogia moi pouca. Aquí ten que haber máis casas a menor prezo, ten que haber menos demagogia —como lle dicía— e máis realidade, e vai haber máis orzamentos e menos promesas incumpridas. Para iso xa está o Ministerio, que nos traspasa o diñeiro —recórdolle— de Europa ás comunidades autónomas. Ogallá vostedes nos axudasen facendo vivendas, pero non o fan. Farémolo nós desde a Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que o Goberno galego prevé tomar para abordar con eficacia os problemas da sanidade pública

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, quero tamén que as miñas primeiras palabras sexan de solidariedade e cariño cos valencianos e coas valencianas. Que saiban que o noso corazón está con eles e con elas e que este é un momento para que todas as institucións colaboren no máis importante, que é axudar ante unha traxedia que nos encolle o corazón a todos e a todas. (*Aplausos.*)

Señor Rueda, ten vostede a 372.000 galegos e galegas en lista de espera. ¿Parécelle normal? Non foron capaces nin de recuperar a situación previa que tiñamos antes da pandemia. Así, hoxe ten a 212.000 persoas agardando por unha primeira consulta, a 45.027 agardando por unha operación e a 114.632 agardando por unha proba diagnóstica; son 85.000 persoas máis que hai cinco anos. E estamos falando de datos de 31 de decembro de 2023, porque, aínda que estamos no mes de novembro, aínda non publicaron as listas do primeiro semestre; non sei, señor Rueda, se é que son tan malas que teñen que agochalas.

As listas de espera significan que os galegos e as galegas non teñen a atención que necesitan en tempo e forma, como estamos vendo na área de Vigo, onde doentes oncolóxicos tiveron que ser citados de madrugada ou trasladados a Ourense para recibir radioterapia. E isto pasa en Vigo despois de que o seu goberno pagase un sobrecusto de 470 millóns de euros polo hospital Álvaro Cunqueiro; un hospital máis pequeno, con menos superficie e menos camas das que estaban previstas, pero máis caro. É algo inexplicable, e por iso desde o BNG queremos que se investigue, porque con eses 470 millóns de euros hoxe Vigo podía ter o servizo de radioterapia que necesita. Eses 470 millóns de euros en vez de ir axudar a sanidade, o que fan é engrosar os beneficios que teñen as construtoras e os fondos vóitre. Estas son as consecuencias das súas privatizacións.

Por iso, desde o BNG queremos que se investigue ese sobrecusto de 470 millóns de euros. E se vostede non tivese nada que agochar, se tivese a conciencia tranquila, non estaría intentando boicotear esa comisión de investigación. Quero denunciar que o seu portavoz xa nos



trasladou que non van negociar o plan de traballo da Comisión de Investigación, algo que non pasou nunca neste Parlamento. (*Aplausos.*) Por iso, señor Rueda, píddolle unha dobre rectificación: rectifique e negocie o plan de traballo da Comisión de Investigación, porque este Parlamento non é a súa finca particular. E, segundo, rectifique e rescate o hospital de Vigo, porque o que ninguén entende, señor Rueda, é por que ten centos de millóns para rescatar concesionarias, pero non ten nin un só euro para rescatar a saúde dos galegos e das galegas.

Rectifique, señor Rueda, e deixe de ser un problema para a saúde dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señora Pontón, vostede pregunta de vez en cando pola sanidade. A miña impresión sempre é porque queda sen argumentos noutros temas ou porque se aburriu deses temas. Agora xa vexo o porqué: utiliza a sanidade para volver darlle vida a esa comisión de investigación que vostede creou, que se lle vai esvaecendo, e necesita isto. Isto é o que lle importa a sanidade. (*Aplausos.*)

Renuncio a utilizar ese ton que ten vostede tan agresivo sempre nas preguntas. Está no seu dereito, pero eu creo que hoxe non é o día; e, polo tanto, eu, dende logo, non o vou facer, igual que intentei non facelo co señor Besteiro.

Empezou moi ben —teño que dicirlllo; hónraa ese feito— en recoñecer todo o traballo e solidariedade dos galegos. Debería aproveitar tamén para corrixir outro erro: na anterior sesión vostede cometeu unha equivocación —na miña impresión e na de moita xente; as asociacións de pais e nais xa llo dixeron—: frivlizou con algo tan serio como o *bullying*. Creo que tamén lle honraría aproveitar a súa segunda intervención para recoñecer que foi unha equivocación e para pedir desculpas, señora Pontón. Debería facelo.

Pregunta vostede por sanidade —xa digo, agora vexo o motivo—, pero eu vou falar en serio de sanidade e aproveitar esta ocasión para defender moitas cousas que se están facendo ben; sempre recoñecendo que hai cousas que hai que facer mellor, por suposto. E, dende logo, non quero facer meu ese dito que di que «o esforzo inútil conduce á melancolía». Eu vou seguir esforzándome en dicirlle a vostede que para falar en serio dun tema tan transcendental como a sanidade pública en Galicia hai que ser minimamente rigoroso. Vostede lanza datos —como fai sempre que fala deste tema e doutros—; datos que total despois pensa que ninguén vai comprobar, datos que mestura, datos que manexa interesadamente, pero, ao final, vézelle bastante o plumeiro.

Voulle dar un exemplo, mire, esta semana insistía moito en que hai que dedicar o 25 por cento do orzamento da sanidade pública á atención primaria. Pois moi ben, señora Pontón, eu podía rematar aquí a pregunta, porque non é o 25, dedicamos o 30 por cento do orzamento da sanidade pública á atención primaria. (*Aplausos.*) E mire, non o digo eu —xa hai informes, que vostede non vai validar, porque vostede só utiliza os informes que lle convén—, senón que a Federación de Asociacións en Defensa da Saúde Pública recoñece este dato. Claro, se vostede quere facer trampas ao solitario —que, ao mellor, mo di na réplica, pero xa me



adianto eu —, pode dicir: «non, é que vostedes contan os medicamentos» —xa mo dixo algunha vez—. ¡Home!, é que os medicamentos que se receitan na sanidade primaria forman parte da sanidade primaria; ao mellor, quere que os metamos na Consellería do Medio Rural ou na Consellería de... *(Aplausos.)* Dígollo porque este, señora Pontón, é todo un exemplo de como ve vostede a sanidade. Xa digo, agora trouxo esta pregunta para falar do que falou, pero ao final sempre está o de sempre, a súa visión catastrofista, o seu non recoñecer absolutamente ningún avance: todo vai mal, nada vai ben.

Vostede é inxusta co esforzo orzamentario que fai a Xunta cos impostos dos galegos e das galegas. Vostede é inxusta co esforzo de tantos profesionais que queren facelo cada día mellor e que só cando a escoitan falar a vostede ven unha persoa que din que está nunha organización que intenta facelo todo mal e que deixa a todo o mundo tirado. Vostede é inxusta coa obxectividade e coa xustiza do que debería ser un motivo de orgullo. Eu estou orgulloso da sanidade pública galega e estou orgulloso dos seus profesionais. Creo que hai que seguir investindo, creo que hai que seguir mellorando, e pídolle, cando teñamos este tipo de debates, primeiro, que sexan sinceros; e, segundo, que xa que non é nin xusta nin obxectiva, polo menos sexa minimamente rigorosa coas cifras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, eu cítoo a que, cando vostede queira, nos sentemos e contrastemos datos, porque todos e cada un dos datos que dei na miña pregunta son oficiais do Sergas e do Ministerio de Sanidade. *(Aplausos.)* ¿Cales son as súas fontes, señor Rueda? *(Aplausos.)* ¿Cales son as súas fontes? *(Aplausos.)*

E, mire, ¿sabe o que é inxusto? O que é inxusto é o trato que lles dá vostede aos galegos e ás galegas. O que é inxusto é que hoxe teñamos unha atención primaria con lista de espera de até tres semanas, señor Rueda. O que é inxusto é que haxa persoas que morren porque unha ambulancia non chega a tempo. O que é inxusto, señor Rueda, é que hoxe teñamos 201 concellos sen pediatra, e 11.000 nenos e nenas sen pediatra. ¿Onde está a súa xustiza para eses nenos e nenas do rural? *(Aplausos.)* Iso si que é inxusto, señor Rueda.

E, mire, a situación é moi grave, moi grave, e a min o que non me parece serio é que vostede veña aquí sempre co seu ton paternalista a intentar cambiar a realidade. Porque, mire, eu vou seguir dándolle datos; datos que vostede lle quere ocultar á cidadanía deste país. E hoxe quero darlle dous moi claros: 275 millóns de euros. Estes son os recursos que necesitaría a atención primaria para ter o mesmo nivel de gasto que en 2009, porque hai que poñelos actualizados co IPC.

E voulle dar unha segunda cifra que vostede tamén lle oculta á cidadanía deste país: 1.961 millóns de euros. Ese é o recortazo en atención primaria nestes últimos quince anos. E por ese recortazo Galiza está á cola en investimento en todo o Estado. Só nos gaña, só o fai peor,



Madrid, que inviste menos que Galiza. E por iso hoxe estamos dedicando menos da metade do que recomenda a Organización Mundial da Saúde.

Polo tanto, señor Rueda, o que é inxusto é que vostede pola súa ideoloxía, polos seus recortes e privatizacións, castigue os galegos e as galegas cunha peor atención sanitaria.

E dínos que non nos preocupa a situación da saúde. ¿Preocupáballes a vostedes, cando tomaron unha decisión, sen os informes pertinentes, como está dicindo o Consello de Contas, de contratar un hospital polo que imos pagar 470 millóns de euros máis? ¿Sabe o que significan eses 470 millóns de euros? Significaría contratar pediatras para eses nenos e nenas que hoxe non o teñen; significaría que Vigo podería ter o servizo de radioterapia que se necesita; e significaría tamén que poderíamos contratar moitos máis médicos, médicas, enfermeiros e enfermeiras e sacalos da precariedade, señor Rueda. Porque quen non respecta os profesionais é vostede cando lles impón unha precariedade do 50 por cento, como ás enfermeiras deste país.

Polo tanto, non intente esconder as súas responsabilidades nin os seus erros na xestión política detrás duns profesionais que o BNG claro que respecta; respecta e apoia.

E, en todo caso, fíxenlle dúas preguntas moi concretas que, como sempre, vostede non responde porque non respecta este Parlamento:

Señor Rueda, ¿vai rectificar e negociar si ou non o plan da Comisión de Investigación? ¡Porque é que lle ten pavor a este tema! Xa nolo dixo aquí. ¡Téñenlle terror! Se tivesen a conciencia tranquila, permitirían que a comisión traballase e non farían o que nos trasladaron, que é...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que non queren negociar ese plan de investigación.

E, en segundo lugar, ¿vai rectificar a súa política sanitaria? Nós presentamos emendas para que haxa máis recursos para a atención primaria, para que teñamos psicólogos e psicólogas clínicas nos centros de saúde, para que se rescate o hospital de Vigo; para garantir, en definitiva, unha mellor atención aos galegos e ás galegas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Vai vostede negociar ou vai, como sempre...,

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: ...escondese detrás do absolutismo e do autoritarismo? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.



Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, a primeira cousa: non confunda paternalismo con ser unha persoa educada. Eu, por moito que vostede se enfade —que se enfada moito— e por moito que provoque e manexe cifras, vou seguir dicindo que as súas cifras non son rigorosas, e non me vou enfadar, vou intentar ser didáctico e non faltarlle ao respecto. Vostede faise a ofendida e ao mesmo tempo dime que eu todo o que fago o fago por ideoloxía, por fastidiar os galegos pola miña ideoloxía. ¡Señora Pontón, un pouco máis de humildade!

E, por certo, non pediu desculpas. Entendo que non é capaz de recoñecer que se equivocou gravemente, e moitos pais e nais llo dixeron publicamente, señora Pontón; dixéronllo publicamente. (*Aplausos.*)

Volveu insistir outra vez no verdadeiro motivo polo que vostede pregunta pola sanidade, que é intentar que non esmoreza a Comisión de Investigación dende o punto de vista que vostedes lle queren dar. Estaba dicindo o noso portavoz, o señor Pazos —está aquí detrás miña—, que aínda están en proceso de negociación. Vostede xa o dá por pechado. Vostede saberá por que; saberá se lle interesa ese resultado e xa o adianta para, polo menos, ter algo do que falar que realmente lle interese e a motive. A vostede a sanidade pública en Galicia non a motiva absolutamente nada, señora Pontón, está claro. (*Aplausos.*)

Mire, por moito que insista, é que non ten ningunha credibilidade, e a primeira cousa na que non ten credibilidade é cando di que vostede respecta os profesionais e ao mesmo tempo di que o seu traballo diario é un auténtico desastre, que non vale para nada, que todo é horrible, que todo vai a peor e que somos a peor comunidade autónoma de España; sempre, en todo, tamén en sanidade. Isto non é respectar os profesionais, señora Pontón, isto non é recoñecer a realidade. Vostede non vai recoñecer a realidade nunca, aínda que a teña diante, porque a ten diante; sabe que todo é mellorable —eu son o primeiro en dicilo, porque niso consiste a humildade dun político— e a vostede dálle igual. Fagamos o que fagamos, nunca se fará absolutamente nada.

Dálle igual que sexamos a terceira comunidade autónoma con menor espera cirúrxica, e a metade da media nacional. E vostede, claro, dá as cifras, pero, se dá as cifras, déaas ben, e hai que dalas en contexto. Polo tanto, efectivamente, hai que mellorar, pero creo que estamos —comparados co resto das comunidades autónomas— francamente ben. Non me chega, non é dabondo, e eu quero estar moitísimo mellor.

Dálle igual que esteamos absolutamente á cabeza no calendario vacinal. Mire, voulle facer un anuncio, por exemplo; un anuncio que lle vai dar igual, pero é bo que os galegos o saiban. Aumentamos este ano a vacina do papiloma humano para varóns ata os 18 anos. O ano que vén será ata os 21. Galicia seguirá á cabeza, no calendario vacinal, non só de España, senón do mundo. (*Aplausos.*)



A vostede dálle igual; dálle igual que construísemos ou rehabilitásemos todos os hospitais das cidades galegas; dálle igual que haxa 130 centros de saúde construídos ou con grandes rehabilitacións; dálle igual que os nosos hospitais teñan os últimos aparellos tecnolóxicos; que sexamos a primeira comunidade autónoma que vai ter un centro de protonterapia; que esteamos fabricando medicamentos CAR-T xa para loitar contra o cancro; que o sistema de cribado neonatal estea moi por enriba de calquera sistema de cribado para recén nados en calquera outra comunidade autónoma; dálle igual que no ano 2025 vaíamos crear 1.412 prazas para darlles estabilidade aos profesionais da sanidade; dálle igual, por exemplo —non fixo ningunha mención, iso é o que lle importan a vostede os temas—, algo que ás mulleres galegas lles importa moito, señora Pontón, que é que a partir de agora moitas das que quedaban fóra do sistema de fecundación in vitro, dos sistemas para apoiar a aquelas mulleres que queiran ter fillos e non poidan facelo no sistema público, non van estar fóra. A esas mulleres impórtalles; a vostede non lle importa absolutamente nada, señora Pontón, ¡nada! *(Aplausos.)*

Mire —e remato xa, señor presidente—, vostede, fagamos o que fagamos, vai dicir que todo é un desastre, vai seguir dicindo iso. Xa contamos con iso. Polo tanto, nós imos seguir traballando, e para seguir traballando hai que ter recursos e seguiremos dedicando cada vez máis. Volvemos ter unha cifra récord de cartos dedicados á sanidade pública, e tamén á sanidade primaria: 5 por cento máis do que vostede pide.

Para iso seguiremos loitando, para que non nos quiten o noso, para iso seguiremos dicindo que sistemas como o cupo... Vostede vai agora —teño entendido— a un debate para falar de soberanismos; eses soberanismos que tanto lles importan ás comunidades autónomas que queren detraer do conxunto global para telo eles. É así, señora Pontón. Polo tanto, loitaremos exactamente para defender o contrario do que vostede vai defender agora a Madrid.

Mire, necesitamos eses recursos, son necesarios para seguir mellorando. Todo isto preguntóuselles aos galegos hai uns cantos meses e faláron clarisamente nas urnas. Agora, na Xunta, coa forza que nos deron, falaremos tamén de sanidade nos orzamentos que espero que aprobemos dentro de pouco.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Pazos Couñago pide a palabra.)

¿Si, señor Pazos? ¿Para que quere a palabra?

O señor PAZOS COUÑAGO: Si, señor presidente.

Ao amparo do artigo 76.1, por alusións e precisións máis que evidentes.

O señor PRESIDENTE: Adiante, ten un turno.



O señor PAZOS COUÑAGO: A señora Pontón acusoume na primeira quenda da súa intervención de que nos negabamos —e que transmitiramos que nos negabamos— a negociar o plan de traballo da Comisión de Investigación. Só se pode entender esa afirmación desde dúas realidades: ou mente a señora Pontón ou lle menten á señora Pontón.

Esperando que sexa a segunda, trasládolle información directa e de primeira man. Foi este portavoz o que se dirixiu á persoa que vostedes designaron para pedirlle que aclarare cales eran os seus plantexamentos para intentar chegar a un acordo respecto dese plan. Fun cominado a dirixirme a el telefonicamente ao día seguinte. Foi este portavoz quen ao día seguinte fixo esa chamada para preguntarlle cales eran os plantexamentos para intentar chegar a un acordo no plan de traballo, e o único que se me dixo é que se quería retrasar o debate do plan de traballo, porque deben de saber os galegos que vostedes piden celeridade publicamente, pero despois están retrasando todos e cada un dos trámites desa comisión.

Eu non sei se debo entender que as manifestacións da señora Pontón na súa intervención de hoxe son a resposta definitiva do BNG á nosa oferta de alcanzar un acordo no plan de traballo. Moito me temo que si, porque o que temos claro cada día os membros deste grupo —e creo que cada vez máis galegos— é que vostedes nesa comisión non teñen ningún interese, porque hai moito tempo que teñen escritas as conclusións, independentemente do que digan os comparecentes, do que diga a documentación e do que diga a realidade que vostedes se negan a admitir cada día.

Por favor, o mínimo que lle pido é: deixe de mentirlles aos galegos, e menos en sede parlamentaria.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

Non, Non, non. Non, non, non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: Fixo unha acusación.)* Non, non. ¡Silencio, por favor! *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: Fixo unha acusación.)* As alusións, as alusións... *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: Fixo unha acusación.)* *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* ¡Un pouco de calma! ¡Un pouco de calma a todos!

A ver se recordamos ben o articulo 76.1 que di: A xuízo da Presidencia... *(Algúns señores deputados e algunhas señoras deputadas: ¡Ahh! ¡Ahh!)* ¡Ahh!, ¿enterámonos agora? ¡Tarde piron! *(Murmurios.)* Entón, o que lles quero dicir é que foi unha alusión moi directa ao portavoz, e ao portavoz respondeuna. *(Protestas.)* E aquí non hai máis debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.) *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: Está pedindo a palabra.)* Non, non, dáme igual. *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores:*



Está pedindo a palabra.) Ben, non, non vou dar... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, perdoe, é que isto sería sempre... (A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: Está pedindo a palabra.) Non estou de acordo, agora non estou de acordo. Non estou... O remate... (A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)

Vostede, por favor... Señora vicepresidenta, hai que ter un pouco de institucionalidade. *(Murmurios.) (A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) (A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores: ¡Amigo! ¡Efectivamente!) Se non, ten vostede alí un sitio. Se quere pedir a palabra, ten vostede alí un escano. (A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) Non, perdoe, sexa un pouco moderada.*

Terminou o debate. Non vou dar a palabra. Síntoo. ¡Non vou dar a palabra! *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Pero é que non a vou dar porque sei que está relacionado con isto! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Terminou. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Síntoo, terminou. Eu teño que pechar este debate. Foi unha alusión a un portavoz, moi directa, que foi contestada. E o artigo 76.1 di: «a xuízo da Presidencia». (Protestas.) E, a xuízo da Presidencia, non procede agora dar a palabra. Punto. (Murmurios.) ¡Punto! Terminou.*

Continuamos coa orde do día, se lles parece, que é unha proposición... *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non... Perdón. Non, non vou dar a palabras porque sei que está relacionado co debate. Para min está pechado este debate. Pechou. *(A señora vicepresidenta segunda, Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non, pechou. Está pechado este debate. Está pechado este debate. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, teñen vostedes outro mecanismo para formular unha protesta, se o consideran. Para min este debate está pechado. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, continuamos. Proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Ariadna Fernández González, sobre determinadas actuacións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha respecto das necesidades dos centros públicos de ensino en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidente.

Bos días a todos.



Eu creo que acabamos de presenciar unha cuestión bastante non obxectiva, desde logo, por parte da institución, como dicía o presidente.

No mes de xullo chamei a un director dun centro educativo da miña comarca para desexarlle a el e ao resto do seu equipo que tivesen bo verán, e, ante a miña sorpresa, díxome que seguramente non ían ter soamente un verán bastante caótico, senón que ían pasar un agosto bastante quente, porque, de todas as peticións que fixeran de profesorado para poder montar todas as aulas e unidades que necesitaban co número de matrículas que tiñan ese ano, no concurso de adxudicación de destinos do profesorado provisionais non chegaran todos os efectivos suficientes que se necesitaban para este curso académico.

¿Cantos centros tiveron que refacer os seus horarios en setembro días antes de comezar o curso precisamente por este problema? Está claro que a situación que tiña este centro co que eu falei non era a única en todo o país, senón que na maior parte deles pasaba esta mesma situación. Pediran as docentes necesarias antes de rematar o curso e asignáranse menos e, nalgúns casos, asignáran especialidades distintas ás que se precisaban. E vou pór algún exemplo. Por exemplo, no IES Agra de Leborís, da Laracha, por carencias de profesorado, deixaron de impartir materias troncais como son o Latín e o Grego, ou ben a Física en bacharelato. No IES Porto do Son, por exemplo, pediron un profesor de Educación Física e, ante a súa sorpresa, chegou un especialista en cabalos, nin máis nin menos; ¡un despropósito!

Por outra banda, tampouco foron atendidas aquelas peticións para cubrir as vacantes nos equipos de orientación, como Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, para atender o alumnado con discapacidade, con TEA, con TDAH, con TDA, dislexia etcétera. Neste curso, cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a Consellería asigna nin máis nin menos que 80 profesionais menos con respecto ao curso anterior, prometendo que serían enviados en setembro, e en moitos casos estes efectivos non chegaron nunca. Así nace o Plan Mega, un plan inventado para conseguir 18 millóns de euros de fondos europeos con seis programas, algúns que xa existían anteriormente, como é o Proa+, e que está concibido sobre todo para apoio e reforzo deste alumnado máis necesitado.

O pasado 2 de setembro o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia aprobaba no seu consello o Plan de mellora educativa, o Plan Mega, con varios obxectivos, segundo o Executivo galego —e quero lembralos tal cal—: reforzar os centros educativos con 400 docentes adicionais para mellorar o éxito escolar e a inclusión; incrementar o nivel de competencias clave e personalizar o apoio educativo; impulsar medidas específicas de atención á diversidade; mellorar as eivas detectadas nas avaliacións de diagnose e promover os proxectos referentes en áreas como a promoción da igualdade, da convivencia, o benestar emocional ou mesmamente a sustentabilidade.

Pero, ¿que pasou en realidade? A Consellería activa o primeiro dos seus seis programas que están incluídos, o Plan promoción, e fai un chamamento a 163 docentes. Non son os 200 anunciados nin son para comezar o 1 de setembro —de feito, os fondos estaban habilitados pola Unión Europea desde o día 1—, senón o primeiro día de curso, o día 11, para poder facerlles un contrato —como se dunha substitución se tratase— e rematar o 30 de xuño, dei-



xando así de realizar todas as tarefas de peche do curso e de preparación do curso seguinte durante o mes de xullo e, por suposto, claro está, sen pagarlles as súas vacacións de agosto.

Pero, cando chegaron aos centros —algún deles, iso si, a media xornada, tan só catro horas—, foron destinados a funcións ordinarias e estruturais de cada centro, porque estes non tiñan suficiente persoal para ter titores e titoras dentro das súas aulas. É dicir, moitos non están realizando as funcións propias dos obxectivos marcados no programa ao que pertencen estes fondos europeos, que son apoios e reforzos para o alumnado máis vulnerable e que máis o precisa, facendo, pois, un uso indebido dos fondos recibidos de Europa a través do Plan Mega. Este programa, en concreto, o Promociona, con máis de tres millóns de euros da Unión Europea a través do Ministerio de Educación, está sendo utilizado pola Consellería para cubrir vacantes que non foi quen de adxudicar no mes de xullo, deixando agora moitos nenos e nenas con necesidades especiais de apoio educativo sen os recursos que lles fan falta para avanzar dentro das súas aulas ao mesmo ritmo que as súas compañeiras e compañeiros.

A mediados de outubro —agora— saíu a resolución do programa Proa+, e moitos destes centros solicitantes e que xa desfrutaran deste apoio educativo en cursos anteriores non figuraban na lista da adxudicación; moitos deles por cuestión de non ter feito a avaliación da diagnose, que precisamente era voluntaria. Parece ser que non era tan voluntaria como parecía. Polo tanto, perderon varios PT, un deles polo Proa+, que non lle concederon agora, e outro polo programa que vostedes suprimiron este curso, que é o programa Acompaña, que tan bos resultados daba para a diversidade e tamén para a inclusión.

Queda clara esta situación desesperada que sofren os centros educativos e, sobre todo, as familias. E isto conlevou a que milleiros de nais e pais do país asistiran a esta gran mobilización que foi convocada o pasado 26 de outubro en Santiago, para defender, precisamente, os dereitos dos seus fillos e fillas a recibir a atención que precisan, e para rexeitar que os centros educativos rematen sendo meras garderías ou aparcamentos.

Imaxinen, señorías, a situación de todas estas familias, abocadas a loitar ano tras ano polos recursos que necesitan os seus fillos para contar cun PT de xeito preferente dentro da súa aula, por exemplo, e mesmamente tamén pola atención en horas dunha especialista de Audición e Linguaxe. Son medidas, evidentemente, que non son ningún capricho, que están deseñadas polo seu orientador e orientadora, baseándose en informes médicos, informes psicopedagóxicos e tendo en conta tamén o seu avance no sistema educativo. Un estudo que, ademais, está amparado pola normativa, pola Orde do 8 de setembro de 2021, que regula a atención á diversidade deste alumnado dos centros docentes na Galiza; un dereito recoñecido a estes nenos e nenas e que non debera estar en entredito en ningún momento.

Así que un dos datos que aporta o conselleiro sempre que ten ocasión dentro dos seus fantásticos resultados nesta área é o 94 por cento da inclusión do alumnado NEAE. Di que é a primeira comunidade autónoma do Estado. Si. ¿Que importa que sexa o 94 por cento, o 56 ou o 63, se, ao final, están dentro das aulas —si— aparcados e non teñen os recursos necesarios para que este alumnado avance? Así que a inclusión non é mesturar o alumnado que necesita recursos ou apoios cos demais nenos e nenas. A inclusión, precisamente, é dar esa alternativa e dar eses apoios que eles necesitan. Así que parece un chiste: suprimen vostedes



centos de prazas docentes, inventan un plan Mega para conseguir fondos europeos que paguen ao mesmo tempo profesorado, prometen centos de profesionais a maiores —un número histórico, ¡coidado!— e resolven cun puñado, dándolles funcións ordinarias en lugar de apoio e reforzo a quen máis o precisa, e a algúns tan só 4 horas, para acalar as direccións dos centros.

Miren, o que o señor Rueda vendía en rolda de prensa nada máis rematar o consello sobre este Plan Mega era que implicaba unha modernización do ensino centrada en aumentar a eficiencia, a eficacia e a equidade, para garantir o éxito escolar e fomentar unha cultura inclusiva. Pois non, non era un gran plan, o que era é unha gran mentira.

Así que a alternativa do BNG que traemos hoxe en forma de proposta sería para dotar dos recursos que precisan...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...todos aqueles centros educativos —agora mesmo—, para completar os catálogos dos centros que vostedes utilizan —que, por certo, son da época do Bipartito e que ata agora lles serviron, pero que nin sequera teñen completados ao cento por cento— e para, cos informes individualizados, completar o persoal con esas orientadoras e co persoal do equipo de orientación que o alumnado necesita, e despois xa farán os proxectos que puntualmente necesitan.

Estes días saíron —o día 3 exactamente— datos do Ministerio de Educación que din —e leo textualmente—: «*La educación gallega se queda a la cola en aumento de gasto, aunque sigue entre las mejores de España*». De pouco nos serve se entre o 2009 e o 2022, que son os datos que manexan, Galiza está cun aumento do 9,2 por cento. Este aumento é deficitario. Estamos manexando menos orzamentos que no 2009, iso é o que significa. E despois entre o 2018 e o 2022 soamente se subiron, cando había un pacto pola educación...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...un 15,8 por cento; é dicir, somos a comunidade autónoma que menos está investindo de todo o Estado.

Grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día.



Nós, dende o Grupo Socialista, imos apoiar esta iniciativa. Compartimos o fondo da cuestión e tamén temos iniciativas rexistradas, ademais, neste sentido.

Falamos agora de educación, e a educación é fundamental; é fundamental para ter capacidade en comprensión lectora e para saber, por exemplo, o que significa a palabra «alusión», pero tamén é fundamental para saber como e cando actuar de forma ecuánime, e ambos os aspectos ultimamente brillan pola súa ausencia neste Parlamento.

Pero, bueno, teremos que seguir, entón, incidindo na necesidade de seguir educando os nosos nenos e nenas, pero tamén ás veces as nosas persoas maiores.

O Plan Mega. O Plan Mega foi anunciado tanto polo presidente da Xunta como polo conselleiro de Educación como un plan novidoso; como «un paso de xigante» —dicían— «cara a unha educación de futuro, cunha maior atención personalizada ao alumno e como un vencellamento á calidade propia do ensino, con igualdade de oportunidades». A verdade é que é un bo titular. É un bo titular, pero a realidade é ben distinta, porque se anuncia esa transformación e consolidación definitiva do sistema educativo galego como a máis ambiciosa da historia —din—, pero, como dicía antes, a realidade dista moito destes anuncios. E se analizamos as distintas partes do plan, vemos que a realidade pasa por riba de todo o que se anunciou, e o que se está a vivir nos centros educativos é totalmente diferente, e así o denuncian reiteradamente non só a comunidade educativa, senón tamén as asociacións de pais e nais.

Como lles dicía, este anuncio, vende fume. Baixo ese nome orixinal, ao final, o que hai é un refrito de programas, que moitos xa existían, e a outros déuselles unha volta para que parezan novidosos, pero que están a facer o mesmo que facían. E, ademais, o que nunca menciona o Partido Popular, sorprendentemente, é que a meirande parte deste plan é financiado polo Goberno de España, porque o Goberno de España financia neste curso 2024-2025, con 17,7 millóns de euros, aos que se suman os fondos tamén para a gratuidade dos libros de texto; en total, 20,3 millóns de euros do Goberno de España.

E, pola contra, ¿que fai o Goberno da Xunta? Pois ese programa Proa+, que permite a incorporación de profesorado de apoio nas aulas, pero que, pola contra, a Xunta de Galicia o usa para contratar profesores a tempo parcial e cunha asignación temporal, non para todo o curso. O conselleiro afirmou á Xunta que para elaborar este plan xa tiña analizadas as necesidades dos centros. Entón, ¿por que teñen os centros que facer plans de reforzo e non incorporaron persoal ata o 2 de setembro? Por certo, este programa Proa tamén foi anunciado hai meses polo Goberno de España, establecendo, ademais, un aumento no prazo de financiamento ata o ano 2028. Polo tanto, despois a Xunta, aproveitándose disto, foi cando anunciou eses 400 profesores por catro cursos.

¿Que está a facer a Consellería con estes fondos? O que dicía, substituír profesores especialistas interinos por ese profesorado Proa+, así como profesorado de reforzo como consecuencia das novas *ratios*. Contrátanse en setembro e despídense en xuño. E logo fala o Partido Popular de educación de calidade. Despois están os outros programas de reforzo en competencias matemáticas e en competencias lingüísticas; tamén moito de anuncio e pouco de práctica.



En relación coas competencias matemáticas, non se están a realizar eses desdobramentos nas aulas que anunciaba o presidente Sánchez hai tempo que eran necesarios para mellorar eses índices que existían en relación ao baixo rendemento nestas asignaturas; ou esa incorporación de alumnado nese programa específico do galego para alumnado estranxeiro, como novidade, que realmente xa se está a facer en moitas cidades, pero sempre á custa do profesorado, porque é o profesorado o que ten que establecer eses protocolos para poder levar a cabo este tipo de programas. E despois, ademais, está este Plan Mega anunciado polo Goberno, que é un plan que ten unha burocracia excesiva, moito papeleo e moitos informes, que, ao final, complican moito a forma de proceder. E ademais os centros, como sempre mantemos e sempre denunciemos, non contan con esa infraestrutura administrativa para poder desenvolver isto, e iso significa máis carga para os profesores e profesoras.

E o último no que está máis centrada esta iniciativa do BNG hoxe é nese programa Promociona; nese programa Promociona que é basicamente modificar a *ratio* ponderando a presenza de alumnado con necesidades educativas especiais, que contará agora por dous ou por tres segundo o tipo de discapacidade que teñan; un programa, unha ponderación, que non se fai por vontade da Xunta, senón que é consecuencia dunha presión reiterada durante moito tempo por parte das asociacións sindicais, ou dalgúns asociacións sindicais do ensino que teñen como consecuencia que, ao final, a Xunta cedese e firmase ese acordo, que, ademais, non se está a cumprir en moitos centros.

¿Cal era a realidade desa situación? A realidade é que a Consellería, en opinión da maioría das asociacións de pais e nais, das ANPA, está aplicando tarde, e non como estaba previsto, este acordo acadado cos representantes sindicais, e non o está comunicando aos centros con tempo suficiente para que faciliten a programación do curso e a concesión de desdobramentos e tampouco teñen en conta na súa totalidade a presenza de alumnado con necesidades especiais; incluso se está a producir en numerosos centros a redución de profesorado de apoio lingüístico, ou de Pedagogía Terapéutica, a pesar de que o número de alumnos con necesidades especiais se incrementou durante este curso.

Temos exemplos de incumprimentos por todo o territorio, dende Vigo, Pontevedra, a Costa da Morte ou Alfoz, que fomos denunciado un a un en diferentes iniciativas presentadas dende o Grupo Socialista, e hai moitos máis que temos que seguir denunciando. Pero a inclusión educativa e a diversidade non poden ser —e ademais defendémolo— simplemente unha aplicación fría e ríxida das *ratios*, senón que teñen que ter en conta de forma individualizada cada un dos casos concretos.

Se queremos ter un sistema educativo público realmente inclusivo, a Administración educativa ten que ser sensible a situacións excepcionais que necesitan solucións, e sobre todo nos centros do rural, que son sempre os máis abandonados.

A Consellería neste momento non está a ser sensible e non aplica da forma que se estableceu no convenio, no acordo sindical, esa contabilidade das *ratios*, e ese desdoblamento das aulas, como así estaba previsto, e iso está a afectar moitos pais de nenos e nenas con necesidades educativas especiais; pais que están loitando porque os seus fillos poidan optar en igualdade



de oportunidades a un dereito que realmente e de forma obxectiva marca a Constitución para todo o mundo.

Polo tanto, dende o Grupo Socialista, imos apoiar esta iniciativa, porque cremos que a educación inclusiva é un dereito e que todos os nenos e nenas teñen que ter a igualdade de oportunidades e estar en pé de igualdade; e, ademais, como xa dixen noutras ocasións, unha educación inclusiva non só beneficia estes nenos e nenas con necesidades especiais, senón que beneficia todo o alumnado. Porque o máis democrático, o que máis se ten que aprender na escola é a convivir, e a convivir en igualdade todos os nenos e nenas, e iso non o imos conseguir mentres non teñamos unha educación inclusiva de calidade.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Vázquez Suárez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señora presidenta, e moi bo día a todos e a todas.

Miren, o PP de Galicia ten un modelo educativo que os galegos coñecen, que funciona e que, ademais, foi avalado hai uns meses; un modelo educativo que non agochamos, señorías do Bloque Nacionalista Galego. O noso modelo está aquí, no noso programa electoral, *(A señora Vázquez Suárez mostra uns documentos.) (Aplausos.)* este programa de goberno no que poden comprobar cales son os compromisos do Partido Popular de Galicia. Isto é así, e non todos poden dicir o mesmo.

A Xunta de Galicia reforzou os recursos para educación, e isto creo que é un feito incontable, mesmo o conselleiro presentou a semana pasada un orzamento que medra, e faino por quinto ano consecutivo, e con especial contundencia no capítulo I, no referido aos salarios do persoal. A falta de profesorado é unha falacia que se repetiu moito este inicio de curso, pero máis alá de casos concretos, que sempre poden existir e que se foron atendendo, o certo e verdade é que este curso hai máis profesores que nunca no sistema educativo, 31.603. Temos o maior número de profesores, a pesar da caída de alumnado, que é especialmente notoria en infantil e primaria, e o incremento do profesorado queda reflectido no capítulo I, como dicía, que se incrementa en 90 millóns de euros ata acadar os 1.789 millóns de euros, cun crecemento dun 5,3 por cento.

Galicia avanza na renovación do seu cadro de persoal. Dende 2009 convocáronse unhas 18.500 prazas de oposición, o que permitiu renovar un terzo do profesorado. Polo tanto, Galicia é a comunidade autónoma con menor taxa de interinidade estrutural de España, por debaixo do 5 por cento, 2 puntos menos do 8 por cento que exige o Goberno central, estando moi lonxe da media estatal do 24 por cento. O próximo ano, no 2025, como xa anunciou o conselleiro, convocarase a OPE correspondente ao ano 2024, cun mínimo de 1.600 prazas, o que nos permitirá seguir mantendo a taxa de interinidade máis baixa do país.



Xa dende o ano 1998 se foi dotando os centros de infantil, primaria e secundaria de departamentos de orientación, cun referente concreto a nivel de persoa responsable da xefatura do referido departamento. En consecuencia, hoxe todos e cada un dos integrantes da comunidade escolar teñen acceso aos recursos de orientación educativa e, polo tanto, poden realizar unha escolarización sen exclusións e en equidade.

A orientación educativa é unha parte esencial da actividade educativa, e non sabemos se este decreto entende a orientación como un motor, pero o que si sabemos é que integra a orientación en todo o proceso educativo de xeito activo, e, ademais de reforzar a excelencia e os resultados, o sistema educativo galego é ano tras ano o máis inclusivo de España. *(Aplausos.)*

Segundo o Ministerio, somos a comunidade máis inclusiva, na que o 93,6 por cento do alumnado con necesidades especiais está matriculado en centros ordinarios, o que significa un 10,7 por cento máis que a media estatal. Isto non é froito da casualidade. Actualmente o sistema conta cunhas 5.000 persoas dedicadas á atención á diversidade. Cando gobernaban vostedes, eran 2.700, e agora son 5.000.

O BNG critica tamén cuestións como que o Plan Mega inclúa programas que xa existían, ou que están financiados en parte con fondos europeos, como se iso fose algo malo e desvirtuase os obxectivos e a idoneidade deste plan. Pero o certo é que a Xunta de Galicia explicou dende o primeiro momento en que consiste o Plan Mega e cales son as medidas concretas con datas e orzamentos.

O propio conselleiro na súa comparecencia, por petición propia, antes do inicio do curso escolar, explicou nesta Cámara estas cuestións. En concreto, o Plan Mega —que agora o BNG titula como plan inventado— estrutúrase en seis grandes programas, catro de nova creación e dous que se reorientan, que son os seguintes: o Promociona, para reforzar as medidas de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais; o Proa+, centrado en garantir o apoio e o éxito escolar de rapaces e rapazas en situación de maior vulnerabilidade; programas de reforzo de competencia tanto lectora como matemática; tamén o programa de impulso aos centros referentes para que se convertan en exemplos destacados en áreas como a inclusión ou a innovación; e, por último, o Plan de apoio educativo para o alumnado estranxeiro, que está deseñado para facilitar a escolarización, a acollida e o benestar social destes estudantes.

Consideramos, ademais, que este é un programa fundamental nun contexto de crecente diversidade, onde os alumnos galegos xa destacan como líderes en tolerancia e en respecto.

Actualmente xa están en marcha o 50 por cento dos programas incluídos no Mega, e o BNG pode estar tranquilo porque pronto se empezarán a desenvolver as restantes iniciativas; en concreto están en marcha: Promociona, Proa+ e referentes.

Este Plan Mega forma parte dunha batería de medidas que se puxeron en marcha neste inicio de curso que permiten mellorar a atención ao alumnado con 200 docentes adicionais. Isto, unido a unha baixada histórica de *ratios*, outra medida pioneira e única en España, ponde-



rando o alumnado para efectos de *ratio*. E tamén hai que recordar que, malia ter 4.000 alumnos menos en infantil e primaria, hai máis aulas e máis profesores que o curso pasado.

Pero o mellor xeito de demostrar isto é poñer enriba da mesa os datos: o abandono escolar, un 9,1 por cento. ¿Que din os informes Pisa? Que estamos por enriba da media da OCDE española en todos os ámbitos. (*Aplausos.*) Somo líderes en ciencia e pensamento creativo, e tamén somos a comunidade autónoma máis equitativa de España. De feito, Galicia está entre as comunidades de réxime común con maior investimento por alumno, con 8.075 euros ao ano; 1.000 euros máis que a media española.

En definitiva, podemos afirmar que a Xunta de Galicia realiza unha aposta decidida para garantir a equidade, a eficiencia e a eficacia, ao tempo que asegura un sistema educativo de calidade, e facémolo cun modelo propio que funciona, que os galegos coñecen e avalan, ao igual que o avalan os informes nacionais e internacionais.

E despois está o modelo que vostedes avalan e apoian, o modelo dun compromiso de país, que non é máis que un *brindis al sol*, como puidemos observar onte na ponencia do PSOE anunciada para o 41 congreso federal, que aí si que non hai máis que fume.

Polo tanto —e xa remato, señorías—, é moi difícil crer en quen promete e engana constantemente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos de formación profesional do IES Terra de Soneira, en Vimianzo. Benvidos ao Parlamento e moi bo día.

E agora, para pechar este turno da proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Bo día ao alumnado de Vimianzo. Grazas por vir visitarnos.

Señora Vázquez, dende logo, respecto do profesorado, terán que dar, con total transparencia, os datos do profesorado que temos en cada centro, que non soamente é que vostedes non o fagan, senón que incluso lles están a prohibir aos centros educativos que llelos dean ás ANPA. ¡Vamos!, transparencia total, un exemplo do que hoxe se viviu aquí.

Levamos dous meses de curso. ¿Cando van implementar eses tres programas que quedan, que son realmente tamén de apoio educativo para o alumnado? Si, si, non sei. Sábeo vostede, seguramente.

Os galegos e as galegas estamos tamén un pouco fartos de todo ese discurso. Vostede debe pasear a carpeta dun lado para outro, porque sempre son os mesmos datos, non hai nada, e, desde logo, non se moven do seu modelo. De verdade, o seu modelo é deixar a moitísimo



alumnado con necesidades específicas fóra do sistema educativo e do seu avance persoal e académico.

Ben, pero non vou perder máis o tempo con vostede, o que vou ler son os datos de centros educativos que levan desde o mes de xuño ou de xullo pedindo á Consellería que lles dean os medios que precisan. Por exemplo, no IES Agra de Leborís, da Laracha, que eu comentei antes: reforzar docentes para impartir as materias suprimidas, e especialistas en PT e AL para a atención NEAE. CEIP do Castro de Ouro, de Alfoz: falta unha docente e unha PT. CEIP As Veigas e Mestre Ramiro Sabell Mosquera de Pontearreas, precisan PT, PT preferentes e especialistas AL para atender o seu alumnado. CPI da Cañiza, un docente de infantil e especialistas de apoio. En Ferrol: IES Ferrol Vello e IES de Canido, falta de profesorado; CEIP Leticia de Caranza, un docente de apoio NEAE. CPI de Atios en Valdoviño, hai docentes de apoio destinados en funcións ordinarias e en desdobres —é sempre o que comentei antes— e están sen reforzos á diversidade. CPI Nicolás del Río de Cedeira, falta medio coidador. Costa da Morte: CEIP Vila de Cee, un PT; IES Pedra da Aguia, en Camariñas, acaban de darlle medio PT este mesmo luns, pero pedía un —ou sexa, para contentalos—. CEIP Plurilingüe de Carnota, un profe de infantil e un de apoio. CEIP O Pindo, unha coidadora NEAE. CPI Pecalama de Tordoia, profesorado de infantil e profesionais de apoio. CEIP Ventín, CEIP de Barouta, CEIP Agro do Muíño e o IES de Ames, precisan máis profesorado, algún deles ata cinco docentes especialistas. A unidade de saúde mental infantoxuvenil do Álvaro Cunqueiro de Vigo, un docente para a súa aula; sen atender tamén o alumnado doente nos seus domicilios cando lles dan a alta sanitaria. IES Val Miñor de Nigrán, sen substituír o profesor de matemáticas que está en comisión de servizos na Xunta de Galiza. Dous CEIP en Oleiros, falta de docentes de apoio e reforzo NEAE. Centros de Infantil, de Primaria e Secundaria de Ribeira, en todos faltan coidadores, varios PT e AL e docentes para funcións básicas nos centros. IES A Cachada de Boiro, falta un especialista e un PT. CPI Cernadas de Castro en Lousame, falta unha coidadora. CEIP Cerdeiriñas de Piloña, en Vila de Cruces, dous docentes de Infantil e Primaria. CEIP Sigüeiro de Oroso, faltan coidadoras, docentes e especialistas. CEIP da Pobra do Brollón, falta un docente. IES Agra do Orzán na Coruña, faltan PT para atender a todo o alumnado NEAE. CEIP Plurilingüe de Monterroso, docentes de apoio para alumnado NEAE. CEIP Pedrouzos de Brión, faltan dous docentes de Primaria e un PT e unha orientadora estable para compartir con dous centros máis de infantil.

E teríamos aquí para toda a mañá —saúdo o conselleiro, que estaría ben que estivese xa antes—. Hoxe mesmo saía en nota de prensa o CEIP de Monterroso, que exige docentes para o alumnado con necesidades especiais. Conto aquí que teñen moitísimo alumnado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...de espectro autista, TEA. É un CEIP que agora no ciclo de Infantil teñen dous nenos con este diagnóstico e outros dos que hai sospeita tamén de TEA, que están facendo neste momento todos os informes. Di a ANPA: «Non recibimos resposta nin en xullo nin en setembro». Aínda están esperando a que a Consellería lles diga algo. Neste caso a Consellería o que lles fai aos centros educativos é obrígalos ou prohibirles que lles dean ningún tipo de datos...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...e ningún tipo de medidas. Entón, di unha nai —e xa remato, perdón— que está afectada: «Porque eu non quería mandar o meu neno a un colexio se é para que estea afastado, pero para iso o que necesito son os apoios necesarios». E ten toda razón: o que se necesitan son os apoios. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Votación das proposicións non de lei

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana.

Hai unha transacción que me fan chegar.

(A señora Amigo Díaz pide o uso da palabra.)

¿Si, señora Amigo?

A señora AMIGO DÍAZ: É que imos pedir a votación por puntos porque o punto número 2 da transacción nestes momentos dinme que xa se está facendo. Entón, queremos pedir a votación por puntos do punto número 1 e número 3 por separado.

O señor PRESIDENTE: ¿Por separado? Grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: E o punto número 2, tendo en conta que xa se está facendo neste momento, queriamos votalo á parte.

O señor PRESIDENTE: Vale.

Entón, ¿acepta vostede a votación por puntos?

A señora ESPINOSA MANGANA: Non, presidente, non aceptamos a votación por puntos, porque non concorda coa realidade do que está transmitindo.

O señor PRESIDENTE: Entón, non hai transacción. Como ma pasaron... Ou sexa, bueno, mal asunto. Quedou en nada todo.

Vale, pois entón votamos tal e como está.



Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia dirixidas a integrar no Servizo Galego de Saúde as unidades asistenciais de atención á drogodependencia xestionadas polas administracións locais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Continuamos entón votando a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado del Río.

Non se aceptan as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que promova un incremento dos efectivos da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (UPA).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Lara Méndez López

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego na política de control da transmisión da lingua azul e da enfermidade hemorráxica epizoótica no gando galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Noelia Pérez López.

Non se acepta a emenda do Grupo Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que modifique as condicións de asignación e utilización de fondos finalistas en materia de políticas activas de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e seis deputados/as máis, sobre as negociacións dos contratos do Goberno galego coas concesionarias das autovías Santiago-Brión, O Salnés, A Barbanza e Celanova e a materialización do rescate en 2025 da AG-55 (A Coruña-Carballo) e a AG-57 (Vigo-O Val Miñor).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Cristina Fernández Davila.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Ariadna Fernández González, sobre determinadas actuacións que a



Xunta de Galicia debe pór en marcha respecto das necesidades dos centros públicos de ensino en materia de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos coa orde do día. Interpelacións, xa no punto 5.

Interpelación de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Lara Méndez López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o modelo de desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Estes días observamos co corazón encollido as mortes e os danos causados pola DINA na zona de Levante. Hoxe xa non é cuestionable: o cambio climático é unha realidade que supón unha ameaza á humanidade; o cambio climático, sen dúbida, mata. Polo que é unha obriga colectiva, pero tamén individual, poñer todas as medidas ao noso alcance para loitar contra ese cambio climático; sabendo que as medidas para combatelo non poden estar enfocadas só nun problema medioambiental —que tamén—, senón que deben contemplar ese reto social, ese reto económico ao que vai asociado.

Temos forte dependencia en Galicia das fontes de combustibles fósiles: cerca dun setenta por cento, segundo os datos do Inega. Por esa situación de forte dependencia a Comisión Europea —como se sabe— puxo en marcha un paquete de medidas, a Estratexia Fit 55, co obxectivo de lograr esa neutralidade carbónica no 2050. Polo tanto, claro que é urxente aumentar, evidentemente, o despregue da enerxía renovable en Galicia; sen dúbida ningunha, señora conselleira. Pero nós pensamos que non así como se está a facer. As présas nunca son boas e, sobre todo, hai que construír a casa polos cimentos e non polo tellado. Moitas veces digo que realmente as últimas autorizacións que se outorgaron nos últimos anos duplican e triplican as dos dez últimos.

Tamén estamos falando de megawatts de parques eólicos que estaban un pouquiño parados, en paralización. Porque hai parques eólicos como o de Outeiro Grande, o parque eólico de Touriñán III e o parque eólico de Monte Neme que datan do ano 2007, 2010 e 2015 e autorizáronse agora en recentes datas. Por tanto, evidentemente, cun plan sectorial eólico no que sempre incidirei que data do ano 1997 e cuxas ADE —áreas de desenvolvemento eólico— non están adaptadas a novas directivas medioambientais.

Ontes compareceu para dar as liñas estratéxicas da súa consellería; entendo eu, na miña opinión, que sen facer un ápice de autocrítica da situación da parálise e do caos do desenvol-



vemento da enerxía eólica no noso país. Hai unha inseguridade xurídica, aínda que non lle guste o termo que utilicei de «inseguridade xurídica». Porque tamén o sector, a Asociación Eólica de Galicia e tamén o sector industria falan de «inseguridade xurídica» e de «parálise sen precedentes». Tamén escoitamos as empresas —evidentemente que escoitamos as empresas—, pero tamén escoitamos a sociedade civil e tamén escoitamos os grupos ecoloxistas. Moitas veces hai que ampliar o abano de escoita activa que pode facer o Goberno galego.

Esa é a realidade, aínda que non a vexan, e creo que algo de responsabilidade política digo eu que terán, despois de dezaseis anos no Goberno. A pesar de que tampouco lle guste, señora Lorenzana, que lea as sentenzas e que fale dos autos de suspensión cautelar, digo eu que algo terá que ver en por que se suspenden os parques eólicos. É dicir, se afondamos, é, evidentemente, o resultado dunha política desordenada e non planificada por parte do Goberno galego, sen ter en conta criterios de sustentabilidade ambiental integrada e adaptados aos novos tempos da nosa lexislación ambiental. ¿E fixeron algo? Non. Tan só improvisacións continuas, bandazos e máis bandazos, xunto con trece modificacións da Lei do sector eólico pola porta de atrás na Lei de medidas. Iso tamén é facer política: falar dos autos de suspensión, falar da sentenzas, señora conselleira, a pesar de que tampouco lle guste. Iso que evidentemente leva xa anos, como responsable da Consellería de Economía e de Enerxía, nas súas responsabilidades. Si, sen I+D+i, que xa non está a Gain, e tamén porque coas autorizacións dos parques eólicos pasóuselle a pataca quente á conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez. Non sei se o propósito é que coñeza outra sección do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Escoiteina con sumo interese e teño que dicir que valoro —tamén hai que dicilo— que nesas medidas na Lei do sector eólico —moitas, por certo, medidas que apuntamos nese proxecto de lei de recursos de Galicia do que falou das 32 emendas que non se nos aceptaron— contemplaban esas 32 emendas. Bueno, o tema do espírito de transacción e acordo... Aí —eu penso que sempre o digo— é que non pasaron o rodillo; pasaron a apisoadora. Pero entendemos tamén que realmente as súas medidas chegaron tarde, mal e arrastro. Amosan unha grande oportunidade perdida no Goberno galego do PPdeG de facelo ben. E non, señora conselleira, non teñen unha política enerxética de cambio climático recoñecible neste país. Iso é así.

Falou do Proxecto de lei de recursos. Como digo eu, como tal, evidentemente tampouco o compartimos; é unha privatización dos nosos recursos naturais. Apostamos e avogamos por unha empresa pública cento por cento; sen rechazar tampouco a colaboración público-privada, pero desde o control, o núcleo, o corazón público. E, iso si, como dicía moitas medidas foron acollidas, pero mal, tarde e arrastro. E significan dúas cousas: na nosa opinión, unha autoemenda do Goberno á súa propia política enerxética; e, o segundo, que esas medidas copiadas mal e arrastro non respectan tampouco o traballo que se fai neste Parlamento, señora conselleira. Evidentemente, tampouco amosan esa cogobernanza da que falaba onte co Miteco, que xa lle dixen que tiña un documento de zonificación cartográfico que data do ano 2020, ao que poderían acollerse de forma transitoria, ao mellor, para valorar as súas DIA. Señora conselleira, estou cento por cento segura de que non teríamos setenta parques eólicos suspendidos no noso país. Bótelle un ollo á disposición transitoria da emenda 32 que se fai no proxecto de lei. Propostas útiles e propostas propositivas.



Pero ben, eu voulle dicir que tamén sacou onte o carné de que somos bos galegos e galegas e o tema da cogobernanza. Voulle dicir eu que o seu partido tampouco pode sacar o carné de quen é bo galego e boa galega. Voulle poñer exemplos, porque vexo tamén facer política de voceira de Industria e Enerxía a conselleira de Economía e Industria. Por exemplo, ¿por que cando Rueda foi a Madrid á reunión con Pedro Sánchez non falou do sistema de financiamento autonómico ou da quita da débeda? Iso si, falou do proxecto privado político do PP: Altri. E, sobre todo, porque cunha man piden a transferencia da AP9 e a gratuidade e non contemplan a gratuidade, por exemplo, na autovía da Costa da Morte, a AG-55. Iso tamén. E, evidentemente, cando piden cogobernanza cos fondos Next en Galicia, que Galicia os maltrata... Chegaron 4.000 millóns de euros de fondos Next a Galicia; dos doce PERTE que están actualmente, participa Galicia en oito: 330 millóns permeabilizados chegaron á economía galega. Iso si, despois, dos outros fondos, non fala dos informes do Consello de Contas, que din que executa menos do cincuenta por cento dos fondos do Feder, do FSE, do marco financeiro plurianual... Actúan todos como illas no Goberno autonómico: un xestiona Feder, outro departamento FSE... É dicir, unha falta de coordinación e eficiencia; ineficiencia na xestión dos fondos Feder.

Fala de infrafinanciamento do Goberno de España, pero ¿como teñen os concellos? Infrafinanciados e asumindo competencias que non lles corresponden, señora conselleira. Sacan o carné de galegos e votan en contra da senda de estabilidade orzamentaria, que evidentemente beneficia Galicia e os concellos. Votan en contra do salario mínimo interprofesional no Congreso dos Deputados; da subida das pensións; tamén do aumento das becas B; da reforma das pensións; ou inaplican porque si a Lei de vivenda. Cogobernanza... Eu penso que iso tamén é incoherencia, demagogia, da que tamén falou onte na súa intervención. Deste xeito —iso tamén é facer política— amosa a incoherencia do PP de Galicia, que evidentemente é o mesmo partido, penso eu, que está no PP de Madrid. Penso eu.

De feito, o PP é o principal responsable de que Galicia non teña unha boa planificación do seu potencial enerxético. E aquí insistirei, é así. É que é un plan sectorial eólico que data do 1996, con pequenos retoques no 2002. Un plan que non está adaptado ao seu desenvolvemento territorial. Iso si, onte anunciou no Proxecto de lei de medidas ese gran paquete de estratexia e, evidentemente, que se ten que someter ao Plan novo sectorial eólico de Galicia; que, por certo, máis ou menos cálculo en torno aos tres ou catro anos. ¿Que pasa mentres tanto? ¿Seguimos cun plan sectorial eólico do ano 1997 non adaptado á lexislación medioambiental actual e á directiva de hábitat e á directiva de ecosistemas? ¿Como se van adaptar eses proxectos que están suspendidos? Señora conselleira, pregúntome eu.

Por certo, co novo plan sectorial eólico —que se vai adaptar o tema da compensación, dos beneficios económicos da sociedade de recursos de Galicia— pregúntome eu que vai pasar. E, sobre todo, se tamén nesa modificación que se fai do novo plan eólico se van poder autorizar parques eólicos fóra do novo plan sectorial. ¿Isto é serio, señora conselleira? ¿É serio? Evidentemente, eu penso que non. Creo que non están facendo política en maiúsculas, con estratexia, con rumbo e orientación.

E claro que aumenta a inseguridade xurídica que meta na actuación da partida de xadrez o tema da repotenciación, mentres están pendentes autorizacións de setenta parques eólicos suspendidos. Un plan que, volvo lembrar, é do ano 1997.



Evidentemente, e volvo insistir nesa cogobernanza da que tanto falaba co Miteco, ¿por que non foron e non tiveron reunións co Miteco cando empezaron a caer os primeiros autos de suspensión cautelar? Non me refiro ao tema da consulta pública, que pende do TXUE, da cuestión prexudicial. ¿Por que non se reuniron co Miteco? Sempre tivo as portas abertas. Creo que a primeira reunión técnica foi hai escasos meses, preocupado pola situación da eólica de Galicia. A porta do Miteco, señora conselleira, sempre estivo aberta. O documento de zonificación que clasifica en zonas aptas e non aptas e que ten unha declaración ambiental estratéxica data de decembro de 2020 ¿Por que non adaptaron as súas DIA —é un documento non vinculante— a ese documento técnico? Pregúntome eu. Estou poñendo medidas positivas e útiles. Evidentemente, é o que criticamos: chegan tarde, mal e arrastro.

A terceira directiva de renovables, que nin se menciona no proxecto de Lei de recursos. Poñen agora tamén con parche na Lei de medidas o tema das zonas de aceleración renovable. Tarde, mal e arrastro. E estou convencida —como lles dicía antes— de que o resultado sería moi distinto se apelamos a esa cogobernanza ou, diría eu, colaboración institucional entre administracións e deixamos de poñer carnés de galegos bos e galegos malos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Evidentemente, por iso a interpelo e lle pregunto cal é o modelo eólico galego na actualidade, tras o fracaso das numerosas resolucións xudiciais. ¿E ten previsto o Goberno galego —que xa evidentemente está previsto na Lei de medidas, porque penso que rexistrei esta iniciativa hai cinco meses— negociar un novo marco regulador nun novo plan eólico que contribúa a incrementar a implantación da enerxía eólica ordenada no noso país? De ser afirmativo, ¿cando? Si que me gustaría que me respondese, se é posible, a esa situación de transitoriedade: ¿que vai pasar con eses parques eólicos suspendidos cun plan sectorial eólico do ano 1997, en tanto non temos o novo plan sectorial previsto na Lei de medidas?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Iglesias.

Para dar resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Bo día, deputados.

Ben, señora Iglesias, efectivamente esta é unha interpelación que rexistrou creo que o 5 de abril. Creo que a mesma foille contestada no seu momento en maio en comisión polo director xeral de Planificación Enerxética e Minas. Eu volvo as veces que faga falta, e xa o poño por diante. Creo que onte respondín a todo o que vostede hoxe acaba de volver interpelar. É máis, acaba de facer unha serie de consideracións que parece que está continuando hoxe a com-



parecencia do día de antonte, porque vén aquí nunha comparecencia onde as tres preguntas creo que estaban claras na interpelación, que son: cal é o modelo eólico que temos pensado, como imos trasladar os beneficios aos cidadáns e aos concellos. Esas eran as tres preguntas. Vén aquí falar de salario mínimo interprofesional, de cogobernanza, de fondos Next... Esta é unha interpelación que vostede fixo o 5 de abril cunhas cuestións concretas ás que creo que teño que responder. E onte falamos na comparecencia doutras cousas. Repito: paréceme que non lle chegou o tempo no día de onte e quería continuar hoxe falando.

Eu creo que a estratexia do Goberno está clara e deixei onte clara. Fala hoxe dunha serie de medidas transitorias. Por exemplo, fala da posibilidade de aplicar de maneira transitoria esa zonificación do Ministerio e di que cre que isto podería favorecer que non teñan tantos recursos xudiciais ou tantas suspensións. Enténdoo porque os recursos son libres, por suposto, por parte dos recorrentes. A ver, eu non pretendo entrar —xa o dixen onte aquí— nun debate xudicial, porque creo que non debe ser así, pero si lle digo unha cousa: eu non creo que teña nada que ver a zonificación con cuestións que se están tratando nestes recursos. Como cando se solicitan os informes, se antes, despois ou en paralelo á información pública; esta é unha cuestión xurídica e é unha cuestión que se está analizando. Ou coa cuestión maior que agora mesmo está suspendendo realmente calquera proxecto que teña unha avaliación ambiental en España, que é esa cuestión prexudicial que o TSX de Galicia presentou ante o Tribunal da Unión Europea. Co cal, eu non creo que saber ou non se a lexislación ambiental española está adecuadamente trasposta respecto da directiva correspondente teña nada que ver ou solucione nada a aplicación transitoria que vostede está dicindo desa zonificación que fai o Ministerio.

Igual que tampouco entendo moi ben que poña como problema na transitoriedade a aplicación das directivas en materia de patrimonio natural, que vostede mencionou. A aplicación das directivas, unha vez que estean traspostas na regulación que sexa polo Goberno estatal, evidentemente que serán aplicadas de maneira obrigatoria pola dirección xeral do ramo cando efectúe o informe en sede da tramitación ambiental, a declaración da DIA, declaración de impacto ambiental. Entón, non sei por que razón pon en cuestión a aplicación das directivas comunitarias en relación coa planificación eólica, porque non o entendo.

Está poñendo medidas, pero repito que eu non creo que esas sexan as medidas que solventan a situación que nós agora temos dende o punto de vista das suspensións eólicas. ¿Que é un problema? Por suposto, pero é que eu nunca teño negado que iso sexa un problema. ¿Que crea inseguridade xurídica ás empresas? Evidentemente, eu mesma o dixen, claro que crea inseguridade xurídica a calquera investidor se non sabe se vai poder investir nin en que prazos. Pero non ten nada que ver co que creo que é o tema. Ten que ser debatido en sede xudicial e son temas absolutamente xurídicos os que se están debatendo; non a aplicación das... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, con carácter xeral, vostedes... [Inaudible.]

A cuestión fundamental está no TXUE e vostede sábeo, e iso ten que ver con como o Estado lexislador español traspuxo a directiva europea. Ese é o problema fundamental que agora ten toda España; non soamente a Comunidade Autónoma de Galicia. E respecto de calquera proxecto —repito— que teña que ser suxeito á avaliación ambiental.



Planificación eólica, que creo que era do que ía a interpelación. Creo que din conta onte. Vostede di primeiro que as présas non son boas, pero por outro lado que chegamos tarde. Non é conciliable, é unha cousa ou a outra; se as presas non son boas, entón quere dicir que estamos facendo as cousas con calma e entón non chegamos tarde. E di que hai que facer as cousas de maneira ordenada, cunha estratexia. Pois por iso aprobamos unha lei e por iso propuxemos a este Parlamento un proxecto de lei que foi aprobado, que é a Lei de recursos naturais. Creo que a estratexia para repercutir —que é o que vostede pregunta expresamente na interpelación— os beneficios dos proxectos á cidadanía galega, ás empresas e aos concellos está clara nesta lei; que, repito, vostedes non apoiaron. Vostedes saberán as razóns, pero non a apoiaron. E a esencia da lei é o que vostede está preguntando nesa interpelación.

¿Que imos facer a partir de agora? Novo Plan eólico de Galicia. Como dicía onte, é unha realidade; está orzado nos orzamentos para o ano seguinte. Evidentemente, onte vostede falaba de dous anos. Fun eu a que lle dixen que era máis tempo de dous anos. Evidentemente que é máis tempo. Porque o plan eólico claro que hai que facelo con tranquilidade; claro que hai que facelo ben; claro que hai que facer unha tramitación ambiental estratéxica, hiperspectuosa con calquera afección; traballando con todos os sectores, traballando, evidentemente, con todos os que teñen algo que aportar; e, por suposto, traballando con todos eses documentos dos que vostede está falando. Por suposto que imos traballar con todos eles. Ese plan eólico hai que facelo moi ben. ¿Ese plan eólico que vai supoñer? Home, evidentemente —isto é no que estamos traballando—, unha menor afección ambiental e maior potencia, xa para empezar, porque o estado da técnica o permite con menor afección ambiental. Iso é o que eu lle podo dicir agora. Estaría louca se agora mesmo lle avanzo o que vai saír dun primeiro borrador que despois se terá que someter, evidentemente, a información pública, a audiencia e traballar dende o punto de vista medioambiental esa avaliación estratéxica do plan.

En paralelo, e polo que vostede está dicindo, evidentemente temos por diante un longo camiño nesta lexislatura. Por iso hai que traballar en medidas transitorias. Medidas transitorias que, por unha banda, sobre o panorama actual eólico vaian pouco a pouco reducindo o impacto ambiental e a inseguridade industrial, que tamén é importante. De aí veñen esas medidas de repotenciación. Eu non acabo de ver cal é a inseguridade xurídica que vostede ve respecto duns proxectos que na súa documentación técnica cando se deron as autorizacións xa falaban dunha vida útil dos aeroxeradores. Co cal estamos falando dunhas autorizacións que chegan ao final da vida útil e que, polo tanto, están obrigadas xa simplemente polo contido da autorización referido á documentación técnica. ¿Cal é a inseguridade xurídica? O que estamos é obrigando a que se poñan máquinas novas —por entendermos— que funcionan moito mellor que as anteriores e producen menos impacto ambiental.

En paralelo, estamos traballando na segunda medida transitoria, o canon eólico. Evidentemente, se o canon eólico ía contra o número de muíños, agora temos que traballar para que a compensación ambiental se manteña. E ¿como se mantén? Pois —adiantábao e creo que está na proposta de lei de medidas— desta maneira: non soamente teremos en conta o número, senón que tamén hai que ter en conta a altura dos novos aeroxeradores para manter as compensacións eólicas, que creo que é moi importante.



A terceira medida vai relacionada cos beneficios dos que vostede falaba. Necesitamos que os proxectos eólicos non soamente sexan evidentemente compatibles co medio ambiente, senón coa máxima seguridade industrial, cunha nova planificación eólica. Temos que ir anticipando a Lei de recursos naturais antes de ter esa nova planificación. De aí que onte anunciase que todos os novos proxectos obrigatoriamente deberán xustificar que para un cincuenta por cento da enerxía eólica producida terán que firmar PPA coa industria e coa empresa galega, o cal favorecerá maiormente as pequenas e medianas empresas; por unha soa razón, porque as grandes empresas son hiperconsumidoras —normalmente— de enerxía. Polo tanto, teñen eses instrumentos, que non son máis que acordos a prezo fixo e durante un tempo determinado de enerxía moito máis accesibles no mercado que unha pequena e mediana empresa, que non o logra. O que estamos intentando é que a metade da enerxía producida polos eólicos dende xa, dende que entre en vigor a Lei de medidas, quede en Galicia; que quede, polo tanto, para consumidores galegos e que quede independizada dos movementos, das flutuacións de prezos que hai no pule eléctrico derivado fundamentalmente do gas. Co cal estamos independizando un cincuenta por cento da enerxía eólica en Galicia desas flutuacións do mercado. E con isto estamos, evidentemente, influíndo en que eses prezos dos PPA sexan máis competitivos, máis baratos para as pemes.

E o último mecanismo, que tamén ten natureza certamente transitoria —está avanzando os efectos da Lei de recursos antes de que estea o plan aprobado— é RDG. Eu sei que nunca imos concordar sobre RDG. Pero hai unha cousa que non é certa no que di, e é que non temos o control público de RDG. RDG é un instrumento para a política enerxética do Goberno, porque os dereitos políticos que temos na sociedade son fortísimos. Unha cousa é a nosa aportación económica, os nosos dereitos económicos e a participación no capital —que é dun trinta por cento e un setenta por cento é de sociedades e empresas privadas— e outra é que nós temos unha serie de dereitos de veto, cos que, se a Xunta di que non, o proxecto non se pode levar a cabo; fundamentalmente porque o proxecto que leve a cabo RDG sempre ten que ser en interese de Galicia. Esa é a gran bondade que ten RDG: conseguimos que 32 empresas galegas aporten ese setenta —ata o de agora— por cento do capital e, sen embargo, é a Xunta de Galicia a que pode decidir que proxectos non se fan —diría eu—.

Isto non é algo que esteamos inventando aquí en Galicia; este tipo de *utilities* existen noutros países da Unión Europea. Estanse utilizando como instrumentos de política enerxética por parte dos ministerios correspondentes para, dalgún xeito, poder favorecer o crecemento industrial e o abaratamento da enerxía. Esta non é unha idea da Xunta de Galicia. Si somos os primeiros que en España creamos un mecanismo —dicíao o outro día— que vai dende a produción ata a comercialización e que afecta todos os sectores, dende os veciños dos municipios pasando polas empresas e polas industrias. Porque este tipo de experimentos fixéronse en España, pero non están actuando en toda a cadea, dende a produción ata a comercialización, ou non están actuando para todos os colectivos.

Estas son as medidas, de momento —que evidentemente estamos comenzando—. Pero creo que non estamos só prevendo un plan eólico novo; temos unha lei, temos orzado e previsto o comezo dos traballos do plan; en paralelo, temos unha serie de medidas...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora conselleira.



A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta, remato. Creo que podemos seguir avanzando e seguramente poden ter ideas para seguir avanzando nesa transitoriedade. Podemos traballalas con vostedes. Pero eu creo sinceramente que, respecto das suspensións, o que me está dicindo da zonificación non quita a esencia do que está producindo as suspensións e, dende logo, non resolve a cuestión crucial agora mesmo que temos no TXUE.

Nada máis de momento, grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Ten un segundo turno despois.

Para a réplica, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, creo que é desde setembro de 2020 que ten as responsabilidades de Economía, Industria e ¿de...? —xa me perdín un pouco—. Pero forma parte do Goberno galego, que estiven mirando o tema do seu curriculum.

Evidentemente, que me fale de que realmente eses autos de suspensión... Se quere non falamos de tema xudicial, pero é que é a realidade; a inseguridade xurídica é manifesta. Supoño —e volvo incidir— que responden a unha forma de actuación e unha responsabilidade política de dezaseis anos de goberno onde amosaron non ter unha planificación ordenada do desenvolvemento eólico no noso país. E seguimos vivindo deses barros, da suspensión do concurso eólico do Bipartito, que sempre recordarei que sacaron fóra 2.325 megawatts, porque moitas das autorizacións responden a eses megawatts actuais; e sacaron fóra 5.000 millóns de euros de investimento. Era un dos maiores concursos eólicos de Europa. Cero responsabilidade política. E todo por motivos partidistas, señora conselleira. (Aplausos.) Evidentemente, tamén tivemos que pagar cartos públicos, cerca de douscentos millóns de euros de indemnización, por responsabilidade patrimonial ás que foron adxudicatarias do concurso eólico do Bipartito que suspendeu Feijóo cando chegou, por motivos evidentemente políticos.

Claro que é responsabilidade política, señora conselleira, e a súa responsabilidade eu apláudo. ¿Como non vou aplaudir que na Lei de medidas metan un plan sectorial eólico de Galicia? Evidentemente, é unha medida que trouxemos aquí e foi a miña teima —saberao tamén o compañeiro do PP e o meu compañeiro do BNG— desde que cheguei aquí. Iso tamén podería recoñecelo. Evidentemente que o aplaudo, pero vaise proxectar tres-catro anos, como ben matizaba. E mentres ¿que vai pasar? Eu digo —e recalco—: o tema da zonificación en zonas aptas e non aptas adaptada ás directivas medioambientais actuais xa o fixo o Miteco, ignorado por parte da Consellería, e autorizando parques eólicos, moitos que non penden da cuestión prexudicial; evidentemente, de consulta pública, como se teñen que facer e cando se teñen que remitir os informes sectoriais. Dezaseis parques eólicos, podemos identificar. Parque eólico de Liñares, de Serra da Piñeira, de San Cristovo ou de Neboada son suspendidos por motivos de falta de sustentabilidade ambiental. Temos unha Rede Natura, a máis raquíutica de España, señora conselleira, metida no caixón. ¿Non é responsabilidade do Goberno galego? ¡Por favor! De verdade que é faltar un pouco á intelixencia dos galegos e das galegas. Dígoo de corazón.



Despois o tema da Sociedade de Recursos de Galicia. Non, non imos estar de acordo, evidentemente. Ou é pública, ou é privada ou é un híbrido dos que tanto lles gustan. ¿En que quedamos? Entón, ¿teñen o dereito político de veto? Entón debería ser pública, pola aplicación do 102.2 da Lofaxga, non o 102.3. Traíame o expediente completo, que eu xa o examinarei; xuridicamente ou politicamente, eu decidirei como o examino, pero traia o expediente completo da constitución e da modificación e das ampliacións societarias que aí se fixeron. ¿Hai subscripción total de todas as 32 empresas do capital? ¿Canto vai desenvolver a Xunta de Galicia, catro millóns e medio ou máis? Evidentemente, se hai un control de dereito político de veto e poden bloquear proxectos, entón hai un control público, hai unha fuxida do dereito administrativo, señora conselleira. Apostamos polo control cento por cento público, o que non resta unha participación da colaboración privada. O EVE vasco é un exemplo: hai control cento por cento público e participación e sociedades filiais estratéxicas en proxectos de renovables, en proxectos de eficiencia enerxética, en proxectos de autoconsumo... Evidentemente que é cuestión de ideoloxía; o Partido Popular non aposta polo público, é algo evidente. Temos moitas mostras, porque van creando chiringuitos e máis chiringuitos a medida que van chegando ao Goberno. Agora tamén co tema da nova sociedade pública para a construción de vivenda pública, que se vai separar do Xestur. Non sei como vai ser; outro chiringuito máis... É cuestión de ideoloxía. É o seu modelo, evidentemente, é o seu modelo. Aí seguramente non imos chegar a un acordo.

Evidentemente que é urxente que se comece a facer unha política enerxética dos nosos recursos naturais en maiúsculas e que se solucione esta situación de transitoriedade. Claro que hai solucións, claro que hai solucións. E recordo e volvo recordar que se podería facer moito máis avogando por esa colaboración institucional co Miteco, que volvo reiterar que sempre tivo as portas abertas. Creo que a conselleira de Medio Ambiente foi a Bruxelas hai dous meses realmente preocupada polo tema da cuestión prexudicial. ¿Visitou algunha vez unha reunión técnica co Miteco? ¿Púxolle enriba da mesa o problema dos parques eólicos en Galicia, non o tema da consulta pública? Refírome ao tema das cuestións medioambientais. ¿Van sacar do caixón a ampliación da Rede Natura no novo plan sectorial eólico de Galicia, señora conselleira?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: A ver se se me pode responder se realmente van sacar nese novo plan sectorial eólico de Galicia proxectado para dentro de tres ou catro anos a rede Natura que teñen no caixón.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, a conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Señora Iglesias, de verdade que se cre que a solución á problemática eólica que temos en Galicia está no Ministerio de Transición Ecolóxica vive vostede nun mundo da ciencia ficción. *(Aplausos)*



Vostede sabe perfectamente o que fixo a señora ministra Teresa Ribera un minuto antes de facer as maletas. Sábeo perfectamente. Na interpelación non están actualizados os datos, pero modificou o PNIEC cuns obxectivos que xa eran difíciles de cumprir no ano 2030 e modificou o PNIEC ata puntos tan surrealistas como dicir que no ano 2030 en España imos ter tres xigawatts de enerxía eólica *offshore*. Como outras cuestións: 48 por cento de renovables no consumo de enerxía final; estabamos nun 40 de cota que tiñamos que alcanzar para o ano 2030 e pasou ao 48. E moitas outras cuestións relativas a vehículos eléctricos etcétera. Isto todo está moi ben se vai compasado por parte do Ministerio por unha política que realmente fomente o establecemento das renovables en España. Pero facer isto un día antes de marchar, con toda a xestión que fixo a señora Ribera en relación ás enerxías renovables, é ter unha cara estupenda. ¡Pero estupenda! (*Aplausos.*)

Din que nós vaiamos petar á porta do Ministerio. ¿Que foi dos cinco parques de Alcoa? Parques eólicos de tramitación do Ministerio que perderon os permisos de acceso e conexión porque as DIA se levaron fóra de prazo. O señor Besteiro, o pobre señor Besteiro, fiouse desta ministra e fixo unha foto bochornosa nas eleccións dicindo que estaba todo arreglado. E o que estaba todo arreglado é que puxeron unha disposición que aínda non cumpriron, dicindo que nos novos concursos ían ter unha puntuación específica sen ter sequera en conta —porque son dous ministerios que nin se falan, Industria e Medio Ambiente— que hai determinados proxectos de renovables que tiñan PPA firmados coa industria; e nin sequera falaron disto. ¡E resulta que eu teño que ir petar á porta de quen deixa decaer os permisos de acceso e de conexión dos parques eólicos dos que depende unha das principais industrias de Galicia! Non, señora Iglesias, eu teño que seguir traballando por Galicia; porque, se espero que traballe a señora Ribera, ¡pobres os galegos e pobres as empresas galegas! ¡Que cara teñen! (*Aplausos.*)

Tres xigawatts de eólica *offshore*. ¿Pero como pode dicir semellante cousa e quedar tan tranquila? Esta señora leva anos —janos!— para conseguir sacar o real decreto regulatorio da *offshore*. Saben todos que dos POEM que definiu o sector en Galicia está en contra. A ela deulle igual, nin falou. Prometeu que ía vir aquí falar co sector; están esperando por ela. Isto todo o escoitamos nós no Observatorio da Eólica Offshore; que, como falamos cos sectores —mal que lles pese—, nolo di o sector: que non se está falando con eles, que están en contra dos POEM deseñados. Facemos alegacións ao Real decreto da eólica *offshore*, prevéndose alí a aplicación da Lei de recursos naturais. Poñan máis compensacións económicas para os sectores afectados; que teñan máis peso os criterios sociais fronte aos criterios económicos.

¿Sabe o que fixo a señora Ribera, pois temos que irlle a petar á porta? ¡Pasar de todo, pasar de todo!, e aprobou o Real decreto sen ter en conta unha soa compensación social para o sector do mar. (*Aplausos.*) E ela, con esta regulación, ¿pretende chegar aos tres xigawatts de enerxía eólica *offshore*? É facilísimo deixar esta previsión e logo que a fagan os demais. A eólica *offshore* é competencia exclusiva do Ministerio na súa regulación—competencia exclusiva—.

E tamén respecto da autorización. ¿Van vostedes loitar —e déixoo aquí— por que Galicia sexa das primeiras comunidades polo seu potencial, na cal se desenvolva a eólica *offshore*? Porque se todos estamos de acordo en que hai que descarbonizar a economía e hai que pasar



por unha electrificación, esa electrificación supón —evidentemente e a todo custo— que se instale a eólica *offshore* en Galicia, e para que se poida instalar hai que falar co sector da pesca porque non se pode instalar a *cañón*, que é o que están intentando facer vostedes. (*Aplausos.*) Por tanto, coherencia no que están pedindo.

E mire máis o que está facendo o Miteco porque non hai con quen falar. Eu levo de conselleira non tantos anos como di; levo un ano e catro meses, pero nun ano e catro meses, ¿sabe cantas veces me reuniu ou tiver unha Conferencia Sectorial —calquera das dúas cousas— coa señora Ribera? Unha vez, (*A señora conselleira de Economía e Industria, Lorenzana Somoza, ergue un dedo, representando o número 1.*) a principios deste ano, e para unha cuestión absolutamente de trámite. Isto é a cogobernanza (*A señora Iglesias Rei pronuncia palabras que non se perciben.*) que ten o Ministerio de Transición Ecolóxica. ¡Non, non!, pero continuamos falando de cogobernanza. No Ministerio de Industria, neste ano e pico, non houbo (*A señora conselleira de Economía e Industria, Lorenzana Somoza, ergue un dedo, representando o número 1.*) nin unha soa Conferencia Sectorial —nin unha soa—. No Ministerio de Economía (*A señora conselleira de Economía e Industria, Lorenzana Somoza, continua a manter o dedo erguido en representación do número 1.*) houbo unha Conferencia Sectorial; unha única Conferencia para falar de cuestións de comercio. ¿Vostede cre que, tendo en conta como están as cousas, é posible que nestas tres competencias que eu teño, os tres ministerios só celebren unha Conferencia para falar dun voto de dez minutos e marchar? ¿Esta é a cogobernanza e a colaboración institucional que están levando a cabo os seus ministros en Madrid? ¡Por favor, señora Iglesias, por favor! ¿Como me pode dicir que están as portas abertas, se non hai con quen falar? ¡Non hai con quen falar!; é a realidade do que está pasando.

E logo di que o modelo galego leva a incrementar o rexeitamento da cidadanía. Proxectamos unha lei que, hai nada, vostede votou en contra, cando é unha lei precisamente para que, pouco a pouco, a cidadanía vaia entendendo os beneficios dos proxectos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): —remato xa, presidente—. Por tanto, mire, eu non teño ningún problema —evidentemente, porque é o meu deber—, en darlle conta as veces que queira sobre as medidas eólicas. Creo que o fixen onte; fíxoo xa o director xeral no seu momento, coa mesma interpelación que hoxe eu veño contestar.

As medidas actuais son as que son. Por suposto que hai que continuar traballando e evolucionalas; por suposto que estamos abertos a solucións útiles para o estado de suspensión e actual, pero non me diga que a solución a imos encontrar no Goberno central porque este Goberno está absolutamente só —absolutamente só—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): ...en Galicia.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D. Secundino Fernández Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da Xunta de Galicia dos fondos europeos para o sector agrario, concretamente da orde deste ano, que regula os plans de mellora e a incorporación da xente nova ao sector

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados.

Señora conselleira, ¿sabe o que é a Melles? ¿Coñece a orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das estruturas de produción das explotacións agrarias no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023-2027? Pense.

De todos os xeitos, voulle aforrar unha pequena explicación. Xa sabemos todos os deputados e as deputadas que é de Guntín e que vive no rural, e xa sabemos tamén que ese argumento lle vale a vostede para xustificar calquera medida que toman na Consellería que dirixe. A verdade, conselleira, é que me produce un pouco de desacougo pensar en todas estas persoas que viven en Guntín. Coñezo persoalmente varias e, polo mero feito do seu nacemento ou do lugar onde viven, teñen eses dons tan espectaculares para poder dirixirnos dende postos de responsabilidade. Pois, dado o grande influxo que provoca este feito, pois debería falar vostede co señor presidente Rueda para que nomease para o seu goberno máis persoas que nacesen en Guntín, así a Xunta de Galiza sería un Goberno admirado na Unión Europea. Incluso, xa para ser un Goberno de sona mundial, eu recomendaría que o presidente vivise en Guntín. (*Murmurios.*) Tamén coñecemos polas súas declaracións en actos públicos que a súa familia quería que fose veterinaria, e vostede empeñouse en facer filoloxía inglesa. Tamén coñecemos que, polo que vostede contou, como tiña que ir dar clase á Limia e non podía vivir en Guntín, pois que a puxeron de concelleira do PP en Guntín. E despois colocárona de alcaldesa e —como ben dixo vostede— acabou de conselleira. (*Murmurios.*) ¡O que é vivir en Guntín e, por suposto, ter bos padriños! ¡A onde se chega! Xa o di o refrán, que é moi axeitado para vostedes: «O que ten padriños, bautízase». (*Murmurios.*)

Señorías, (*Un señor deputado: ¡Es una falta de respeto!*) voulle dar uns pequenos datos para contextualizar o problema do agro galego. Nas últimas décadas, a poboación ocupada no sector agrario experimentou en Galiza unha intensa caída, ata quedar reducida a unhas cincuenta mil persoas. Esta diminución, veu acompañada dun crecente incremento da idade das persoas titulares das explotacións agrarias. Segundo datos do Censo agrario do ano 2020, só o 3,5 por cento das explotacións agrarias galegas teñen á súa fronte unha persoa menor de 35 anos, mentres, por outra banda, o 72 por cento dos titulares das explotacións teñen 55 anos ou máis idade. En resumo, nos próximos anos xubilarase máis do 70 por cento dos titulares das explotacións agrogandeiras galegas. E o que é máis grave, a gran maioría sen perspectivas de remuda xeracional.



E poderíamos pensar que a maioría das explotacións con titulares de idade avanzada sen remuda son pequenas explotacións abocadas ao peche. Nada máis lonxe da realidade. A situación afecta unha porcentaxe importante das explotacións tamén medianas e de gran dimensión. Os datos apuntan a que, mesmo nos tres extractos superiores de tamaño, é dicir, os que teñen uns ingresos maiores de cincuenta mil euros, hai arredor dun corenta por cento cuxo titular ten máis de 55 anos; e, incluso, hai un dez por cento dese corenta por cento que ten máis de 65 anos de idade.

Estes datos poñen de manifesto a gravidade da situación en Galiza e a importancia do problema da remuda xeracional no sector. O problema que trae consigo o avellentamento tan acusado dos titulares das explotacións agrarias ten unha gran transcendencia dende todos os puntos de vista. Así podemos resumir as consecuencias nefastas nos seguintes aspectos. No aspecto económico, para a produción de alimentos e para garantir a actividade agraria, para a cal é imprescindible que haxa esa remuda xeracional. Na perspectiva social, para manter o tecido nas áreas rurais. Sen explotacións agrogandeiras, pois desaparecerá o noso rural, tal e como o coñecemos, na xestión do territorio e en usos da terra; cambios que provocan problemas, entre os cales podemos destacar o incremento das superficies abandonadas e o conseguinte risco de grandes lumes. Tamén na perspectiva ambiental, as explotacións agrogandeiras levan centos de anos no noso país e, polo tanto, temos o ambiente, a paisaxe e a biodiversidade fortemente entrelazados coa actividade agrogandeira.

Señora conselleira, saberá que esta orde —da cal lle falei ao principio— é a única de axudas para os mozos e as mozas que pretendan incorporarse á actividade agrogandeira. Coñecerá tamén que esta orde é a máis importante das axudas para investimentos nas explotacións agrarias. Dentro das funcións da Consellería do Medio Rural está a tramitación de axudas da PAC e dos fondos europeos para dotar o desenvolvemento do sector agrario galego; e dentro das funcións de xestión das axudas temos os plans de mellora e as axudas de incorporación de mozas e de mozos ao agro, que son —estas dúas liñas—, con diferenza, as máis importantes para o presente e para o futuro do agro galego. Estas axudas podemos consideralas, dende sempre, como os programas estrela para o sector agrario galego.

Neste ano 2024, a actuación da Xunta de Galiza, no referente á xestión destas axudas chegou a un alto grado de negligencia. E explícome.

A primeira cuestión deste caos é o atraso na aprobación e a incerteza das persoas solicitantes, sobre todo dos mozos. Dende a propia Consellería indicóuselles que estas axudas se ían resolver no mes de outubro. Estamos a primeiros de novembro e non hai data para a comunicación da resolución. Este prazo, polo tanto, non se vai cumprir, o que vai traer, por suposto, atrasos nos cobramentos. Outra das consecuencias de que a resolución das solicitudes do ano 2024 se atrase é a posibilidade de que sexa inviable sacar unha nova convocatoria de axudas para o ano 2025.

Malia isto, a Consellería, con todo o rostro, negou calquera tipo de atraso a pesar das dilacións, que son máis que evidentes. Esta situación tampouco é nova porque temos unha experiencia de mala xestión dos fondos europeos na Consellería. Tamén hai unha falla de previsión, e isto é debido aos deficientes programas informáticos, ao déficit crónico de per-



soal, sobre todo de enxeñeiros agrarios, que son os encargados de tramitar e resolver as axudas. E dende logo, para o BNG non é de recibo que se intente xustificar a demora nunha cuestión de persoal e de volume de expedientes. Estamos ante unha actuación totalmente negligente da Xunta do Partido Popular, que pon trabas e problemas ao noso sector agrario. É que isto se xustifica, unha vez máis, no incremento de volume e, por suposto, non se asume ningún tipo de responsabilidade.

E a segunda cuestión deste caos administrativo, e para min, e para nós, e para o BNG, a máis importante, é a posibilidade de denegación de axudas. Nos últimos días, numerosos solicitantes reciben chamadas da Consellería do Medio Rural, que lles advirten de que non procedan a realizar ningún tipo de investimento, xa que as axudas pode ser que non sexan concedidas. Estas advertencias extraoficiais están xerando unha fonda preocupación nas mozas e nos mozos, nos titulares das explotacións agrarias e nas mulleres e homes, que son —como ben sabemos— os máis vinculados ao sector e os que máis ganas teñen de permanecer nel.

Estas axudas —xa sabemos tamén— son moi importantes para o sector agrogandeiro, pero tamén teñen un forte impacto na actividade económica e comercial das empresas e comercios radicados nas vilas e nas cabeceiras de comarca. Cada posto de traballo no sector agrario xera moito ao seu redor.

Conselleira, cada explotación agraria que pecha é un cravo na tumba das parroquias, das nosas parroquias. ¿Como pode ser que ás mozas ou aos mozos que están apostando pola súa incorporación ao agro lles vaian a denegar axudas?; ¿como pode ser que estas persoas, que teñen que facer estes investimentos para sacar adiante o seu proxecto de vida —de comezar no rural—, non sexan apoiadas pola Consellería do Medio Rural? Non atopamos ningún tipo de xustificación a esta actitude, ademais, tendo en conta que son medidas cofinanciadas pola Unión Europea, cun 60 por cento polo Feader, e polo Estado, nun 12 por cento; é dicir, a Xunta só pon o 28 por cento do montante das axudas: 28 euros de cada 100 euros.

Señora conselleira, no Bloque Nacionalista Galego recibimos numerosas queixas do sector, dos titulares das explotacións que están á espera das axudas para modernizarse. Compartimos a inquietude das mozas e dos mozos ante esta situación; escoitamos que queren facer do sector agrogandeiro o seu futuro. No BNG reclamamos á Xunta do PP que actúe xa e que resolva estes expedientes. As nosas mellores explotacións, as que se queren modernizar e mellorar, as nosas mozas e mozos que se queren incorporar a unha explotación merecen un respecto e non que os boicoteen.

Conselleira, as preguntas son moi claras e moi concretas, e ten a oportunidade de darlles resposta na súa intervención: ¿vai aprobar as axudas da convocatoria do 2024 a Consellería do Medio Rural?, ¿vai a Xunta aprobar todas as axudas solicitadas para as melloras das explotacións do ano 2024?, ¿vai a Xunta de Galicia aprobar todas as axudas solicitadas para incorporar mozos e mozas na convocatoria do 2024?, ¿vai sacar a orde de axudas do ano 2025 que contemple os plans de mellora?,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...¿cal é a explicación da Xunta de Galicia a este caos da aprobación das axudas?

Agora ten —como xa lle dixen— a oportunidade de dar resposta.

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Resposta da conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidente, deputadas e deputados, permítanme que as miñas primeiras palabras hoxe aquí sexan de apoio e cariño a todas esas persoas que están a sufrir os efectos da DINA. E tamén ese cariño e apoio a todos os galegos e galegas que están traballando alí, en especial, e polo que a min me toca, ao persoal da Consellería do Medio Rural, a ese Servizo de Incendios, que son uns heroes, aínda que a algúns lles moleste. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Eu hoxe, señor Fernández, non viña aquí falar nin de Guntín nin de min. Igual pensou que me ía ofender por dicirme que era de Guntín. ¡Ai, non!, síntome moi orgullosa, moito; síntome moi orgullosa de que máis do oitenta e tres por cento dos veciños e veciñas de Guntín confiasen en min para ser alcaldesa. *(Aplausos.)* Non sei se vostede pode dicir o mesmo, páreceme que non. *(Aplausos.)*

E padriño eu na miña vida tiven o do bautismo, que xa non está con nós por desgraza, pero hame de ver dende aló arriba. E mire: eu padriño non lle tiven ningún, tiven o exemplo de meus pais, do seu traballo e do seu esforzo día a día a pé do campo e a pé das vacas, coidándooas, como digo aquí. E dígoo con moitísima honra: padriño, ningún. Non sei se é padriño sacar un 9,355 na oposición que me permitiu ser funcionaria da Xunta de Galicia, pero padriño ningún. *(Aplausos.)*

En canto ao tema que veño aquí tratar hoxe, que é a tramitación das axudas dos fondos europeos, que son unha parte moi importante da Consellería do Medio Rural, da nosa dilixencia depende que o sector agrogandeiro poida cobrar as axudas solicitadas —son consciente diso—, ben para seguir desenvolvendo a súa actividade dunha forma cada vez máis profesional e competitiva, ben para incorporarse por primeira vez a unha explotación. Somos moi conscientes de que estas axudas teñen unha gran repercusión no medio rural en varias vertentes: por unha banda, están os beneficios económicos que resultan da mellora das explotacións ao facelas máis produtivas e viables; por outra, anima os agricultores mozos e a xente nova a incorporarse á actividade agraria, e tamén moi importante: contribúen ao rexuvenecemento da poboación activa no rural e frean o despoboamento. E porque recoñecemos o valiosas que son estas axudas, nesta nova convocatoria á que vostedes se refiren incrementamos un 21 por cento o orzamento con respecto a outras anteriores, ata acadar os 47 millóns de euros, repartidos da seguinte maneira: para os plans de mellora, 27 millóns de euros; para os agricultores mozos e persoas entre 41 e 55 anos, 19 millóns de euros; para o desenvolvemento de pequenas explotacións, 1 millón de euros.



Voulles dicir máis: non só queremos que cheguen a máis agricultores e gandeiros, senón tamén que sexa do xeito máis sinxelo e operativo. Sabemos que ás veces os procesos da administración poden resultar lentos para as necesidades do día a día; por iso, no afán por axilizar e facilitar o acceso ás axudas, seguimos eximindo os beneficiarios da obriga de presentar avais como garantía da cantidade anticipada. Non só non teñen que presentar unha fianza polo cento por cento do pagamento anticipado á conta, senón que a única obriga que teñen é a de verificar a conformidade do seu plan empresarial. Neste sentido, o que facemos é outorgar o 60 por cento do importe concedido directamente sen necesidade de presentar esa solicitude de pagamento, e o 40 por cento restante cando se consignan os obxectivos do plan de mellora e se xustifica a súa correcta execución.

Quero centrarme de novo nesas achegas e lembrarlles, como vostede fixo, que estamos a falar do novo PEPAC, do 2023 ao 2027, e si están cofinanciadas un 60 por cento de fondos europeos —ben o dixo vostede—, un 12 por cento polo Goberno central e un 28 por cento por parte da Xunta de Galicia. No caso dos plans de mellora, apóianse os investimentos materiais e inmateriais que supoñan unha mellora no rendemento global da competitividade ou da viabilidade das explotacións e cunha axuda máxima que pode chegar aos 250.000 euros.

En canto ao establecemento de agricultores mozos, estamos a falar deses novos agricultores que aínda non cumprisen os corenta e un anos de idade que se establezan por primeira vez nunha explotación agraria, ben creándoa de novo ou incorporándose a unha existente, e teñen unha axuda básica de 30.000 euros que pode chegar ata os 70.000 euros, dependendo de diversas variables. Desta forma, os mozos que se incorporan crean o seu propio posto de traballo, asumindo responsabilidades de xestión e dirección nas explotacións ás que se incorporan. E, finalmente, para o establecemento deses novos agricultores —esa liña nova de 41 a 55 anos— igualmente contan cunha axuda básica de 25.000 euros, que poderá incrementarse ata os 55.000 euros dependendo das circunstancias.

Seguindo nesta liña, non hai que esquecer o labor que vimos desenvolvendo dende a Concellería do Medio Rural ao longo dos últimos anos, cuns resultados moi satisfactorios, aínda que a vostedes non llelo pareza. A xestión que agora facemos destes novos fondos vén avalada pola experiencia en administrar os anteriores, coñecidos, como vostede sabe, como PDR. Estas axudas convocáronse por primeira vez no ano 2016, por un período de seis anos, e, posteriormente, ampliouse con outras convocatorias anuais ata o 2023, salvo no ano 2021, que non se convocaron. En total, lévanse aprobadas entre o 2016 e o 2023 por importe de 323,49 millóns de euros, dos que 199,56 millóns foron para plans de mellora, 106,33 millóns para a incorporación de mozos e 17,6 millóns para pequenas explotacións.

En canto ao número de beneficiarios, as cifras falan por si soas: 4.314 receptores de plans de mellora, 2.705 incorporacións de mozos e mozas e 1.176 pequenas explotacións. Se miramos o destino das axudas, vemos que o vacún de leite é o sector que sobresa; concretamente, o 60 por cento foron para plans de mellora e un 35 por cento para a incorporación de mozos e mozas. E no caso da liña de pequenas explotacións, destaca o vacún de carne co 70 por cento dos expedientes. E por territorios, a provincia de Lugo encabeza os expedientes aprobados, seguida da Coruña, aglutinando entrambas preto do setenta por cento dos ex-



pedientes aprobados neste período. Así, as convocatorias do PDR supuxeron un gasto público de preto de trescentos vinte e cinco millóns de euros, e esas axudas beneficiaron 8.195 persoas ata o 2023.

Con todo isto o que lles quero dicir é que a experiencia na tramitación das axudas dos fondos europeos non nos resulta allea. Estamos en disposición de aprobar e xestionar as axudas para o ano 2024, e os galegos e as galegas sábeno, e por iso confían en nós para gobernar. *(Aplausos.)*

Cabe lembrar que son as primeiras que se realizan, as do ano 2024, con fondos PEPAC, un programa que introduciu importantes cambios con respecto ao PDR. Os máis relevantes teñen que ver coas liñas de axudas e as novas condicións para a súa concesión, e isto supuxo que tivésemos que deseñar novos procedementos, adaptar os que xa existían e crear unha nova aplicación informática ou adaptala para poder xestionar as novas liñas de axudas, a Melles; non o descoñezo, señor Fernández. Non obstante, grazas ao esforzo de todos os axentes implicados, pouco a pouco foi gañando en operatividade, de tal forma que no día de hoxe é cada vez máis resolutiva á hora de xestionar o proceso de solicitude das axudas.

Neste sentido, quero salientar o labor tan importante que fan todos os funcionarios e técnicos do Servizo de Explotacións das catro provincias e tamén todas as oficinas agrarias; gran parte do éxito deste programa de axudas radica na súa profesionalidade á hora de xestionalas. *(Aplausos.)* Confío plenamente no traballo e na eficacia de todos e cada un deles, e quero agradecerlles a súa implicación. Por ese motivo imos seguir investindo nas oficinas agrarias, claro que si; precisamente no orzamento do 2025 van 4 millóns de euros para elas.

E vou rematar lembrando o que dixen ao principio: sabemos da repercusión que teñen estas axudas. A través delas conséguense aumentar a competitividade e o rendemento global das explotacións agropecuarias mediante a súa modernización, e así asegurar a continuidade no tecido agrario. Ademais, teñen efectos moi positivos, non só para o sector agrogandeiro, senón tamén para todas as oficinas técnicas que elaboran os proxectos, os colexios oficiais, os concellos que aproban esas licenzas e as medianas e pequenas empresas de construción que se dedican a executalos. Polo tanto, é un efecto multiplicador. Seguiremos a traballar como ata o de agora para que este ano, coma nos vindeiros, estas axudas cheguen onde teñen que chegar, aos nosos gandeiros e agricultores, sempre coa mirada posta en seguir mellorando un sector que xa é referente en España e en Europa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Para a réplica, o señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente, señorías.

Señora conselleira, pregunteille se sabía que era a Melles. Esta pregunta é un exemplo práctico da desidia, da desgana, da ineptitude da Consellería do Medio Rural e da Xunta do Par-



tido Popular. Como seguro que sabe e como dixoo, a Melles é o programa informático no que se tramitan obrigatoriamente todos estes expedientes. É o programa no que os titulares das explotacións, as mozas e mozos que desexan solicitar estas axudas, teñen que gravar os seus expedientes, e digo «gravar» porque o teñen que facer eles ou elas, e, como non lles é posible, teñen que ir ás asesorías técnicas para facelo. Esa aplicación informática Melles é obrigatoria para estas axudas dende que se puxo en marcha pola Xunta do Partido Popular alá no ano 2020, e xa estamos no 2024. Son catro anos dun programa que non funciona; van catro anos de problemas, erros, de insuficiencias e tamén cabreos por parte das e dos que teñen que usar ese programa. Eu mesmo coñezo de primeira man ese programa, porque tiven que facelo no meu traballo de enxeñeiro na Oficina Agraria de Viana do Bolo.

Os problemas da Melles non son, polo tanto, novos, e boa parte destes atrasos acumulados débense ao mal funcionamento desta aplicación. O funcionamento deste programa imprescindible motivou que funcionarios do Servizo de Explotacións de Lugo presentasen xa un escrito á consellería advertindo destes problemas detectados que facían inviable poder gravar estes expedientes. Uns problemas na aplicación informática que causaban inseguridade xurídica aos solicitantes e mesmo cambios na puntuación final dos expedientes. Debido a isto, os funcionarios encargados da tramitación tomaron incluso unha decisión de non gravar no sistema ningunha solicitude do 2024 ata que se solucionasen estes problemas, e dalgunha forma fixeron unha folga de tramitación. Este problema do programa non o sofren só os enxeñeiros agrarios funcionarios da consellería, tamén o sofren os propios solicitantes e as asesorías.

Conselleira, supoño que vostede sabe que a Xunta do Partido Popular lles prohibiu comunicarse de forma presencial ás persoas do sector agrario, seguro que si que o sabe. Seguro que tamén coñece que o Partido Popular, que a sustenta no posto, votou en contra da proposta do Bloque Nacionalista Galego para que se puidesen tramitar de forma presencial estes expedientes nas oficinas agrarias. Seguro que tamén coñece que as mozas e os mozos que se pretenden instalar nunha explotación, por esa actitude do seu goberno, do Goberno do Partido Popular, teñen que facer este trámite a través deste programa informático chamado Melles. E seguro que tamén sabe que, dada a complexidade deste programa, pois vense na obriga de pagar para que lles fagan a tramitación. E todo isto, nunha linguaxe así moi chá e moi de andar pola rúa, chámase «privatización da administración». (Aplausos.) Iso é o que están a facer.

E despois falan dunha palabra que lles enche a boca, que se chama «titorización». Hai que ter cara para falar de que as enxeñeiras e os enxeñeiros agrarios van titorizar, asesorar esas mozas e mozos que se pretenden incorporar, cando vostedes os obrigan a ir a unha asesoría tramitar os expedientes, obríganos. Señora conselleira, as técnicas e os técnicos agrarios non coñecen, non coñecemos as mozas e os mozos ata despois de faceren a solicitude, non pasan polas oficinas agrarias. Vostedes, o Goberno da Xunta do Partido Popular, vostedes, os señores do Partido Popular, expulsastes os mozos e as mozas das oficinas administrativas; si, expulsástelos das oficinas administrativas coas vosas normas.

Conselleira, ¿coñece o artigo 6.3 da orde de axudas feita polo Goberno da Xunta? Voulle ler dúas liñas: «A persoa titular da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroa-



limentarias, por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural, ditará a correspondente resolución no prazo de seis meses, contado dende o día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes». ¿Sabe que significa este artigo? ¿Sabe cando se acabou o prazo da dita resolución? Pois segundo a norma que aprobaron vostedes, o prazo de solicitude de axudas acabou o 22 de abril. Bótelle seis meses, ¿e que nos dá? O 22 de outubro, data tope para ditar resolucións de aprobación de axudas, tal e como di a orde que elaboraron vostedes. É dicir, xa están fóra de prazo, porque supoño que saberá que hoxe é 7 de novembro, e estamos dezaseis días fóra de prazo.

¿Tamén coñece as últimas liñas do artigo 6.3 desta orde de axudas? «Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, a persoa solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude». Iso dio a mesma norma que promulgaron vostedes. ¿Saben que queren dicir estas liñas? Pois se nos atemos á literalidade da orde que vostedes publicaron, o que di o artigo é que neste momento todas as solicitudes presentadas están denegadas. E iso é moi grave, señora conselleira.

O Bloque Nacionalista Galego, as mulleres e os homes titulares das explotacións, as mozas e os mozos que se queren incorporar ao agro, queremos saber, necesitamos saber: ¿quedan desestimados todos os expedientes de mozas e mozos que solicitaron axudas de incorporación ao ano ao abeiro desta orde?,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...¿quedan desestimados todos os expedientes de mellora de explotacións agrarias que solicitaron axudas ao abeiro desta orde?, ¿vai ser vostede, señora conselleira, responsable de tamaña negligencia?

Déixese de escudar en Guntín, nas orixes, no seu domicilio, no rural, e póñanse a traballar, por favor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Por desgraza, no rural tamén hai ineptos e badulaques.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Presidente, deputadas e deputados.

Señoras e señores do BNG, hai que recoñecer que teñen no señor Secundino Fernández un virtuoso da ironía. Demostrouno o outro día, por desgraza, na presentación dos orzamentos, que ironía —eu son lingüista— moita non lle era, e hoxe no descualificativo cara aos gun-



tinenses ou cara á miña persoa, cando non era o tema, porque séguelle gustando moito esa figura retórica que consiste en facer preguntas para as que non esperamos unha resposta, que se pretende reafirmar un punto de vista. Todos podemos entrar nese xogo.

¿De verdade están interesados en coñecer se se van aprobar as axudas dos plans de mellora e incorporación de mozos e novos, ou na conselleira do Medio Rural? ¿Non están esgotados de vivir permanentemente nese catastrofismo? ¿Van deixar algunha vez de meterlles o medo no corpo aos galegos e ás galegas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E podería seguir, porque preguntar tendo xa preconcebida a resposta, podemos facelo todos, pero eu non lle estou para perder o tempo.

Xa lles expliquei moitas veces que o meu estilo de goberno é o do diálogo, o de gobernar cos pés na terra; así que lles vou responder sen problema, porque é bastante sinxelo.

Si, señores do BNG, claro que imos aprobar as axudas de 2024, porque, como lles dixen antes, sabemos da importancia que teñen para os gandeiros e agricultores, porque é o que levamos facendo nos últimos dez anos sen que houbese ningún tipo de problema. Pero, como vostedes se empeñan en poñer a Galicia ao borde da histeria coas súas mensaxes catastrofistas, vou ser o máis clara posible.

É verdade que a nosa intención inicial era que as axudas estivesen aprobadas no mes de outubro, pero no seu día, e a petición das propias organizacións agrarias, publicouse unha modificación da orde de convocatoria pola que se ampliaba o prazo de presentación das solicitudes, pasando dos dous meses previstos a tres, e isto fixo que se alongase o trámite do procedemento. Por outra banda, esta convocatoria é a primeira que se realiza con fondos PEPAC, que ben saben vostedes que presenta cambios importantes con respecto ao PDR, e tamén pasamos de xestionar catro liñas de axudas a seis. De entrada, isto supuxo o deseño de novos procedementos e a adaptación dos existentes, ademais do redeseño desa aplicación informática para adaptala ás novas axudas.

A todo isto hai que sumarlle o gran volume de solicitudes nesta convocatoria, preto de dúas mil.

Todas estas circunstancias fixeron que se atrasase a tramitación e que a adaptación da que lles falaba non está a resultar todo o sinxela que nos gustaría. Pero tamén lles podo asegurar aos gandeiros e ás gandeiras que a aprobación das axudas, por suposto, non lles caiba ningunha dúbida, será unha realidade. (*Aplausos.*)

E ese espírito de servizo aos cidadáns é co que imos continuar. De feito, no ano 2025 seguiremos a traballar para ter un agro máis moderno e máis tecnificado, mal que lles pese a vostedes. Seguiremos a traballar como viñemos a facer ata o de agora, dialogando e escoitando os técnicos e o persoal do Servizo de Explotacións e das oficinas agrarias, cos que falo, señor Fernández, aos que quero reiterarlles o meu agradecemento polo esforzo e polo excelente traballo que veñen facendo sempre e especialmente neste ano. Cónstame o seu compromiso e a súa profesionalidade, confío plenamente no seu bo facer e estarei sempre disposta a escoitar o seu parecer. (*Aplausos.*)



Ese é o meu compromiso, señor Fernández, co obxecto e, por suposto, cos funcionarios desta consellería, con todos e cada un deles. Precisamente neste sentido insinúan vostedes que as oficinas non dispoñen de suficiente dotación, coma sempre están vostedes no catastrofismo e na negatividade. Non só se convocaron procesos selectivos de estabilización de enxeñeiro —sábeo vostede— no 2021 e no 2022, que suman un total de 155 prazas, senón que, ademais, a maioría dos opositores tomaron posesión desas prazas. Pero, ademais, tanto os servizos de explotacións agrarias coma as oficinas rurais teñen unha media de ocupación do 92 por cento, e nalgúns casos do cento por cento. E eu sempre que fun a unha oficina agraria, o persoal atendeume do mellor, sen ser conselleira nin ser nada. Un cidadán calquera que vaia á oficina agraria ten o mellor trato posible, iso téñoo completamente seguro. (Aplausos.)

E, para rematar, si que se van tramitar as axudas, e tamén hai persoal cualificado para atender esas tramitacións.

Deixen de meter medo no corpo e ser constantemente eses homes do saco. Miren: os gandeiros e as gandeiras non lle son meniños; non lles son meniños e non lles teñen medo, e saben da profesionalidade desta consellería.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D^a Rosana Pérez Fernández e catro deputados e deputadas máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o grao de eficiencia do actual modelo de xestión marisqueira

O señor PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todas e a todos.

Señor conselleiro, moi bo día.

Vostede, señor conselleiro, non estivo aquí o martes do último pleno de outubro. Supoño que llo contaron, pero neste hemiciclo aquel martes houbo aquí case dezaoto mil persoas, case dezaoto mil galegos e galegas do sector do mar que viñan solicitarlle a esta cámara a toma en consideración da súa proposta. Unha iniciativa lexislativa popular que pretendía introducir dous artigos na vixente Lei de pesca de Galiza, do 2008.

Un para que se declaren —leo textualmente— «para todos os efectos de interese xeral as actividades de pesca, marisqueo e acuicultura de bivalvos realizadas no ámbito xeográfico competencial da Xunta de Galiza». Señor conselleiro, ¡«no ámbito xeográfico competencial da Xunta de Galiza»!, non de Castela-A Mancha ou de Extremadura, de Galiza.



«Non existe», señor conselleiro, «ningún país europeo no que as actividades primarias do sector pesqueiro e a súa capacidade de indución de actividade industrial teñan un peso tan relevante no PIB: 2 por cento o sector extractivo e 4,8 por cento o complexo mar-industria, e onde se engloban a nivel laboral máis de cincuenta mil persoas». Este último parágrafo que acabo de ler é copiado textualmente da memoria que vostedes escribiron nos orzamentos para o ano 2025.

Vostede é a máxima autoridade da Consellería do Mar deste «país único», segundo vostedes. No pleno de outubro, cando viñeron aquí esas dezaioito mil persoas reclamar que a actividade fose considerada de interese xeral, unha petición que, ademais de xusta, é totalmente lóxica nun país altísimamente dependente da pesca como é o noso, vostede —como dixen— non estaba, non tivo a decencia nin a delicadeza de estar presente, nin vostede nin ningún membro do Goberno galego, cando todo un sector desa importancia que vostedes describen na memoria dos orzamentos reclamaba aquí literalmente que non deixen morrer o mar.

Pero si que estivo, señor conselleiro, o pasado mes de xullo na reunión da Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galiza. Alí, en primeira fila, escoitando de primeira man que diante da perda de produtividade das rías galegas «é necesario abordar as deficiencias» —cito textualmente— «que presenta o sistema de xestión e extracción de bivalvos nas rías». Toda unha Confederación de Empresarios de Galiza dicíndolle ao propio conselleiro que o sistema de xestión da explotación de bivalvos actual é deficiente, ao mesmo conselleiro que é responsable desa xestión. E dixerónlle tamén que hai que traballar na mellora da xestión de parques de cultivo e definir un plan que contribúa á consecución dun sistema de xestión eficiente dos parques. Sen cortarse un pelo —que diríamos coloquialmente—, tacharon a súa xestión diante da súa propia cara de deficiente e ineficiente.

E o primeiro que lle queremos preguntar, señor conselleiro, é se vostede fai a mesma valoración que fixo pública a Confederación de Empresarios de Galiza do actual modelo de xestión marisqueira do noso país. Querémoslle preguntar se coincide coa Confederación de Empresarios de Galiza en que é deficiente e ineficiente. E, o máis importante, se coincide con eles no que está facendo e no que vai facer para que o actual modelo de xestión marisqueira no noso país deixe de ser deficiente e ineficiente. E xa llo digo eu: á vista dos orzamentos que presentan para o ano 2025, non van facer nada, absolutamente nada.

Señorías, ¿lembran vostedes ese famosísimo plan que día si e día tamén foi publicitado pola Consellería do Mar dende o mes de decembro pasado para capear o temporal das eleccións de febreiro? Era o Plan de competitividade e sostibilidade 2024-2025 para o marisqueo, de 123 millóns de euros. O plan que este grupo parlamentario solicitou polo artigo 9 no mes de abril e que no día de hoxe, 6 de novembro, aínda non lle foi entregado. Ese plan, tal como dixoo o BNG en varias ocasións, non existe; díxoo o BNG e confirmánnolo os orzamentos da Xunta de Galiza, onde non existe nin un só euro para ese plan. Fíxense se era importante ese plan, se nos ía salvar a todos de todos os problemas que temos no sector do mar, que o propio conselleiro na súa comparecencia de orzamentos non o nomeou sequera, tivemos que preguntarlle onde estaba, e foi na súa réplica cando dixoo que si que estaba; pouco máis.



Señorías, o Goberno galego leva moitos anos traballando para lles entregar o mar ás empresas de acuicultura, de engorde de peixes, literalmente. E unha vez que preparou o terreiro, unha vez que trouxo o sector marisqueiro ata onde está hoxe, ata esta situación terminal, tal e como a definiu o poñente da ILP no último pleno, no que vostede non estaba, é xustamente cando as empresas da Confederación de Empresarios de Galiza xa non teñen ningún pudor en manifestaren diante do propio conselleiro que hai que tomar decisións, que hai que dispoñer de recursos orzamentarios para evitar que continúe esta debacle. Non é nada distinto ao que lle leva pedindo precisamente o sector marisqueiro, pesqueiro, mexilloeiro e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego durante, cando menos, a última década, e non é nada distinto ao que lle piden dende a Confederación de Empresarios, claro, cun obxectivo moi diferente. Pero os orzamentos amosan claramente a quen ten decidido facer caso a Consellería, e non é nin ao sector pesqueiro nin ao sector marisqueiro nin ao sector mexilloeiro nin tampouco a este Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Primeiro, levan a unha situación extrema o sector, fan imposíbel a súa actividade e logo, cando a auga chega ao pescozo das empresas da cadea, entréganllela directamente. É de libro, señor conselleiro; un manual do ultraliberalismo brutal do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, a estas alturas, vostede xa sabe, porque llo dixemos moitas veces, que ten as competencias exclusivas na xestión do marisqueo. O Decreto 153/2009, que regula precisamente o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros, di claramente que é a Administración autonómica a responsábel da xestión sostíbel dos recursos e que é ela, ou sexa, vostede, señor conselleiro, quen ten que adoptar as medidas unha vez oído o sector, para que esta xestión, que é da súa competencia, funcione.

E estas son as nosas preguntas, á parte das que lle fixen antes, a respecto da súa valoración sobre as declaracións da Confederación de Empresarios, diante de vostede mesmo: ¿que vai facer vostede para que funcione no exercicio das súas competencias exclusivas esa xestión precisamente do sector marisqueiro? ¿Está vostede do lado do sector marisqueiro ou das empresas que dende hai moitísimo tempo queren facerse cos bancos marisqueiros? ¿Vai vostede, señor conselleiro, actuar para mellorar a xestión actual ou directamente, tal e como reflicten os orzamentos para o ano 2025, vai culminar o plan de remate final do sector para levar a cabo un cambio de modelo de xestión do marisqueo encuberto? Porque despois de que todo o sector se levantase e lle dixese no ano 2016 non a aquela lei privatizadora dos nosos bancos marisqueiros, do noso mar, aquela de Lei de acuicultura, vostedes seguen exactamente a mesma folla de ruta desa lei, só que sen lei. Estano facendo de xeito encuberto.

Agradeceríámoslle que contestase as preguntas que lle acabamos de facer.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.



O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moi bos días a todos, señor presidente, señorías.

Señora Pérez, a verdade é que ao final son moitas máis cuestións as que aquí vostede comenta, á parte das preguntas que vostede fai, e quería, aínda que non tiña esa intención, empezar a contestar algo do que vostede tamén mencionou cando empezou a intervención.

Falaba vostede de que eu non estivera nese pleno no que dixó vostede que dezaeito mil persoas viñeran aquí falar dunha ILP. Eu, ante iso, o que lle teño que dicir é o seguinte: como ben vostede sabe, como ben todas as señorías saben, aquí neste Parlamento de Galicia aprobouse a Lei do litoral de Galicia; unha Lei do litoral de Galicia que non sei se todas as súas señorías a leron ou non. Eu espero que moitos non a leran. E explico estas palabras, porque na Lei do litoral de Galicia, no seu articulado —eran moitas follas e igual non a leron toda— falaba claramente en moitos puntos e dicía que o sector do mar, a pesca, o marisqueo, a acuicultura e a miticultura eran e se decretaban esenciais para a Xunta de Galicia, para Galicia. O articulado a Lei do litoral mencionaba eses aspectos, os mesmos aspectos nos que incidían eses dous puntos da ILP.

Esa Lei do litoral de Galicia, como vostede ben sabe, é unha lei que nós consideramos unha lei novidosa. Esta lei foi aprobada por este Parlamento, pero non por todos, señoría; foi aprobada polos parlamentarios do Partido Popular de Galicia. (*Aplausos.*) Esa lei non foi aprobada polos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, cando moitos artigos desa lei dicían —como lle acabo de comentar— o mesmo que dicían eses dous puntos de ILP.

Vostede fala de que dezaeito mil persoas estiveron o outro día aquí no Parlamento, e eu dígolle que foron máis de setecentas mil persoas as que votaron o Partido Popular de Galicia nestas eleccións, (*Aplausos.*) que foron as que estiveron no Parlamento para aprobar a Lei do litoral de Galicia; unha lei que vostedes non aprobaron. Polo tanto, eu creo que claramente se sabe quen e cantos aprobamos a Lei do litoral de Galicia e claramente dixemos nese momento o que era para nós importante, como era o sector do mar, e vostedes dixeron que non.

É unha lei que, vostedes ben o saben, foi aprobada polo Parlamento, que foi obxecto de recurso polo Goberno central, do que vostedes forman parte, e que foi avalada polo Constitucional. Porque poden formar parte ou por activa ou por pasiva, pero ou por activa ou por pasiva é o seu goberno, o Goberno que vostedes votaron, e que non aprobaron a Lei do litoral de Galicia, que decretaba a importancia do sector do mar para todos nós.

Polo tanto, aclarado ese punto, eu teño que dicir con respecto á interpelación que vostedes me fan que ninguén dubida da importancia da actividade marisqueira para Galicia, que é un sector estratéxico pola súa relevancia socioeconómica e ambiental, e que por este motivo estamos a falar dun sector onde son máis de tres mil seiscentos permisos de explotación de marisqueo a pé, con máis de dúas mil quiñentas embarcacións na modalidade de marisqueo a flote, con setecentos permisos, con algunha modalidade de recursos específicos, que é unha actividade que é desenvolta por máis de setenta entidades asociativas e que, ademais, no último exercicio, alcanzou unha produción que foi superior a cinco mil cen toneladas, alcanzando un valor de máis de sesenta e dous millóns de euros. Datos estes que fan de Galicia todo un referente.



E, señorías, somos a única rexión ademais en ofrecer un sistema real de cogobernanza, que iso é importante, a través de plans de xestión elaborados polo propio sector, que incorporan obxectivos tanto biolóxicos e ecolóxicos como de carácter socioeconómico. Son plans que, ademais, se aproban trianualmente e que inclúen, entre outros aspectos, a xestión da explotación dos recursos en canto á organización do traballo, e tamén conteñen a organización de traballos non-extractivos, que se refiren neste caso a labores de conservación das condicións das poboacións explotadas. Este é o caso dos traslados ou das sementeiras, por citar algún exemplo. Pero tamén se fala da conservación das condicións dos hábitats, tanto no que respecta ás condicións do substrato como ás especies competidoras, depredadoras, limpeza de algas e mesmo a retirada de lixo mariño. Son traballos que se fan de xeito rutineiro no marisqueo e que teñen os mesmos fundamentos que os realizados para recuperar a produción e o hábitat nos bancos marisqueiros.

En definitiva, señorías, que os traballos que se realizan no marisqueo no marco dos plans de xestión, máis aló dos extractivos e que melloran a produción e os hábitats, contribúen a unha recuperación rápida dos bancos marisqueiros. Estamos a falar dunha xestión que, ademais, non é soamente considerada como un procedemento axeitado pola Consellería do Mar, senón que tamén a rede de seguimento, avaliación e apoio local da pesca e acuicultura da Comisión Europea e da Pesca e tamén do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura a recoñecen así, así como doutras medidas que se realizan sobre eles a través de distintas axudas de rexeneración e conservación da biodiversidade que a Xunta puxo á disposición das entidades que xestionan estes bancos en aplicación do artigo 37 do FEMP, de apoio e deseño á aplicación de medidas de conservación e cooperación rexional.

Neste recoñecemento indícase que o Plan xeral 2024-2025 de Galicia, que inclúe noventa e dous plans de explotación de marisco e de algas, é o resultado dun estudo continuado da evolución dos recursos e dos hábitats, e que inclúe, a tres anos vista, distintos obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e sociais, que abordan o uso sustentable a longo prazo dos recursos marisqueiros, a mellora das rendas, a creación de postos de traballo e o mantemento dos existentes.

Por tanto, non é só que na consellería consideremos positivo este modelo de coxestión dos bancos marisqueiros, senón tamén que temos o recoñecemento da Comisión Europea. E se me permite un apuntamento, señora Pérez: ter o aval deste órgano europeo non é un tema menor. Paréceme que tamén vostede pensa o mesmo. Outra cousa é que existen factores que afectan o marisqueo independentes do sistema de xestión utilizado, como poden ser os acontecementos climáticos, excepcionais e recentes, dos que xa falamos en moitas ocasións.

Menciona vostede a reunión mantida coa Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galicia. E alégrome de que o faga porque, evidentemente, esta Consellería do Mar vaise reunir con todo o sector, con todo o sector do mar; evidentemente, son moitas as persoas que traballan de xeito directo ou indirecto vinculadas ao sector do mar.

E faláballe antes do noso potencial e falamos moitas veces do potencial e da cantidade de empregos que hai no mundo do mar, tamén no mundo da empresa. Hai traballadores e traballadoras que é necesario que teñan os seus traballos e que, polo tanto, lles preocupa e nos



preocupa a todos a situación do mar, e tamén a eles. Cando fala vostede da empresa parece que fala dun ente abstracto; non, na empresa hai traballadores e traballadoras e tamén hai xestores desa empresa. Polo tanto, eu creo que tamén hai galegos e galegas que hai que respectar no mesmo nivel que a outros, neste caso, sectores da nosa economía.

Polo tanto, nós nesa reunións falamos de moitas cousas. Ademais, foi un encontro moi produtivo, porque, sobre todo, foi útil para esas empresas que traballan nos nosos peiraos e, polo tanto, para os postos de traballo que están vinculados a eles. Porque a raíz de aí acabamos de modificar a Lei de portos para ampliar os prazos de vixencia das concesións asentadas en terreos portuarios de titularidade autonómica, chegando ata os setenta e cinco anos no caso daquelas empresas das que sexa declarada a súa actividade como estratéxica. E, ademais, é un cambio normativo artellado a través da Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañan os orzamentos para o 2025, que, como trasladei tamén na comisión correspondente, ascenden a cerca de dosucientos vinte e un millóns de euros. Este cambio normativo vai entrar en vigor a partir do 1 de xaneiro.

¿E que pretendemos con isto? Pois reforzar a actividade económica dos nosos portos e asegurar a seguridade xurídica dos concesionarios, así como tamén dos postos de traballo vinculados a eses concesionarios.

En conclusión, nosoutros con este cambio normativo queremos incentivar a actividade económica desenvolta nos portos, achegar maiores garantías para os investimentos das empresas e evitar que a nosa lei sexa máis restritiva que a española.

Polo tanto, falamos de moitas cousas. Falamos tamén do consumo de pescado, que realmente nos preocupa, pois cada vez consómese menos pescado. Polo tanto, tamén hai que abordar distintas situacións e solucións para que ese consumo aumente. Temos temas de promoción que estamos a levar adiante, tanto desde a Consellería do Mar como tamén desde o propio sector. E tamén falamos e tocamos o tema, que o tocamos moitas veces neste Parlamento, de plantexarlle ao Goberno central que baixe o IVE do pescado, para que así tamén haxa máis consumo.

Evidentemente, son medidas e temas que abordamos nesa reunión, e onde tamén se expuxo que nós desde a Xunta de Galicia estamos a artellar un plan de marisqueo, de competitividade, para estes anos 2024-2026, do que falamos moitas veces neste Parlamento, aínda que vostede diga que non. E xa van dezasete reunións cos distintos presidentes e patróns das confrarías galegas nas que falamos deste plan, que é un plan vivo, un plan no que estamos traballando, no que imos artellar máis de cento vinte e tres millóns de euros.

Polo tanto, para nós, para a Conselleira do Mar, é fundamental que o sector do mar estea unido, que o sector do mar saibamos e coñezamos cales son todas as súas inquiredanzas, e entre todos buscar unha solución para que realmente o noso sector vaia a mellor e que para as familias, moitísimas vinculadas a estes traballos, tamén lles vai mellor.

Se así é, Galicia vai crecer, e se é así, pois desde esta Consellería do Mar atoparémonos satisfeitos.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, insisto: vostede non estivo aquí o martes no pleno da semana pasada, onde había dezaoto mil persoas representadas solicitándolle que aceptasen que o sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro fose considerado de interese xeral. Cuestión, señor conselleiro, que non está recollida na Lei do litoral, por máis que vostedes o repitan quíntas mil veces. (*Aplausos.*)

Fíxese, señor conselleiro, que eu creo que quen non leu a Lei do litoral foi precisamente vostede. ¿Sabe por que? Porque vostede acaba de nomear aquí unha serie de conceptos como que o sector pesqueiro, no seu conxunto, foi declarado nesa lei como esencial, e busque por favor. Dígalles, por favor, aos membros do seu gabinete que lle busquen en que artigo figura declarado o sector pesqueiro como esencial. ¡En ningún!

E fíxese se no Bloque Nacionalista Galego a lemos, señor conselleiro, que fixemos unha chea de alegacións; fixemos unha chea alegacións que, evidentemente, vostedes non tiveron en conta. E precisamente grazas a algunha alegación nosa e tamén do propio sector pesqueiro, hoxe a Lei do litoral inclúe que a actividade estea considerada como estratéxica, porque vostedes o que facían era considerar unicamente o uso como estratéxico, non a actividade. E foi grazas precisamente a unha alegación do BNG e de gran parte do sector pola que vostedes consideraron a actividade como estratéxica.

Pero non ten nada que ver ese concepto xurídico co de declaración de interese xeral, que é o que viñan aquí pedirles as dezaoto mil persoas que asistiron ao pleno pasado. ¿Sabe por que? Porque a declaración de interese xeral suporía, efectivamente, que cando se ordene o espazo marítimo das nosas costas, realmente se protexa —o que nós cremos que hai que protexer por riba de calquera outro sector— o sector pesqueiro, marisqueiro e mexilloeiro.

E, señor conselleiro, di vostede que foron máis de setecentas mil persoas as que votaron o Partido Popular; exactamente foron 700.491. ¿Quere que lle digamos nós cantas non votaron o Partido Popular? Unhas 765.724, señor conselleiro. (*Aplausos.*) Polo tanto, vostede, con maioría absoluta, pero non coa maioría absoluta dos votos que se produciron nas eleccións de febreiro, ten que vir dar conta aquí e responder á interpelación que lle facemos os grupos parlamentarios. (*Aplausos.*)

E di vostede que se reuniu coa Confederación de Empresarios de Galiza. Xa o sabemos, iso xa llo dixemos nós, saíu publicado na prensa; vostede non veu dar conta aquí, evidentemente, pero saíu publicado nos medios de comunicación. E, curiosamente, vostedes, que publican absolutamente todo, ata cando o señor conselleiro cambia de cadeira para sentarse,



na súa páxina web, resulta que nesa mesma páxina web non había nin unha palabra desa reunión. (*Aplausos.*)

¿E por que será, señor conselleiro? ¿Será polo que lle dixeran ao principio? ¿Será porque a propia Confederación de Empresarios de Galiza lle dixo con toda claridade que a xestión do marisqueo neste país pola súa parte era —e utilizou estas palabras— «deficiente e ineficiente»? ¿Será por iso que non aparece na súa páxina web da consellería?

En todo caso, a nós o que nos interesa saber, xa sabemos que faláron de moitas cousas, xa sabemos que agora van levar a cabo unha modificación da Lei de portos, que habería que ver —e de feito nós estámolo tamén contemplando para as alegacións— a que responde, aínda que nolo podemos imaxinar.

Ben, en todo caso, a nós o que nos interesa aquí hoxe —e preguntámosllo antes— é saber, primeiro, se vostede, igual que a Confederación de Empresarios de Galiza, considera que a súa xestión, a súa, señor conselleiro, é deficiente e é ineficiente en canto á xestión dos recursos marisqueiros.

En todo caso, se é así, se vostede coincide coa Confederación de Empresarios, está coincidindo tamén co que levamos dicindo dende o Bloque Nacionalista Galego e dende o propio sector, e xa llo dixeran antes dende hai máis de dez anos: a súa xestión non só é deficiente e ineficiente, baixo o noso punto de vista é absolutamente nefasta para o sector marisqueiro, e por iso estamos onde estamos.

Entón, iso é o que nos interesa saber. ¿Vostede que opina? ¿Como valora a xestión que está a levar a cabo? ¿É vostede responsable ou corresponsable na parte que lle toca da situación que padece hoxe o sector marisqueiro no noso país? Nós, dende logo, cremos que si, directamente.

E, entón, a seguinte pregunta é: ¿vai vostede cambiar o modelo, que é o que lle está dicindo claramente a Confederación de Empresarios de Galiza, para pólo aínda máis ao servizo das industrias da cadea e non do propio sector extractivo?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: —Remato—. A última pregunta, señor conselleiro, que non lla fixen antes pero aproveito, xa que vostede o citou. —E remato, presidente—. Falou vostede de comercialización, que tamén falara coa Confederación de Empresarios de Galiza de comercialización. Non nos cabe ningunha dúbida, pois son as partidas máis importantes do orzamento da Consellería do Mar para o ano 2025. (*Aplausos.*) Pero o plan de competitividade para o sector extractivo non existe. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da interpelación, conselleiro do Mar.



O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moitas grazas, presidente.

A verdade é que, logo de escoitar a señora Pérez, aquí hai un problema moi grande de interpretación lectora das distintas leis que se aproban neste Parlamento, porque a Lei do litoral pasou por este Parlamento máis dunha vez, foi ademais redactada por quen foi redactada, que foi redactada polo propio sector, que sempre o di e o recoñece, conxuntamente con profesores das universidades públicas galegas, desas das que nosoutros, desde logo, sempre valoramos moi positivamente o seu traballo... Pero repito: unha lei que foi traballada e consensuada conxuntamente co sector e que pasou moitas veces por este Parlamento, e nunca co seu voto a favor. E nesa lei dicía claramente en moitos puntos do seu articulado que os sectores da pesca, o marisqueo, a acuicultura e a miticultura eran esenciais e estratéxicos para Galicia.

Iso díxeno non unha vez senón varias veces, e incluso tamén mencionaba a necesariedade de facer e de levar informes que había que presentar e que tiña que presentar a Consellería do Mar para calquera outro tipo de proxecto que se quixera levar adiante, neste caso, no noso litoral.

Esa lei que eu remito e comento, e que tampouco me vou alporizar máis diante de vostedes, que vostedes non votaron a favor, e que contaba o que contaba, é o mesmo que plantexaban esas dúas follas que traían con dous puntos da ILP. Unha Lei do litoral de Galicia, un documento completo, totalmente validado, consolidado, un documento que pasou por este Parlamento dicía moito máis que eses dous puntos da ILP.

Evidentemente, cando unha lei como a nosa xa estaba referendada, non ten ningún sentido incluír na lei neste caso de pesca de Galicia eses dous puntos, que xa estaban incluídos e que xa estaban superados absolutamente pola Lei do litoral de Galicia. Entón, unha de dúas: ou vostedes cambian de asesores, ou creo que algo teñen que mirar e interpretar mellor do que len, e neste caso do que interpretaron e do que votaron, e non a favor da Lei do litoral de Galicia.

E outra cousa: evidentemente, foron máis de setecentos mil os que votaron o Partido Popular de Galicia. Vostede refírese aos que os votaron a vostede, que, desde logo, foron bastantes menos que os que nos votaron a nosoutros. E neste sentido o intentar dar aquí e establecer unha nova lei electoral onde a suma de todos os que... Faltoulle incluír os que non foron votar; tamén se inclúe os que non foron votar, xa son moitos máis. (*Murmurios.*)

O Partido Popular tivo máis de setecentos mil votos, que eu creo que foron máis de douscentos mil dos que obtivo o Bloque Nacionalista Galego (*Aplausos.*) Polo tanto, con ese dereito e esa interpretación da democracia, dunha democracia que entendemos todos, e que todos estamos de acordo, e por iso estamos neste Parlamento, nosoutros aprobamos a Lei do litoral de Galicia. Polo tanto, estamos máis que referendados para defender o que defendemos e para defender o sector máis que ninguén, máis ca vostedes, aínda que vostedes intenten outra vez reinventar as leis electorais e reinventar a democracia. Polo tanto, nese sentido, leccións ningunha.



Por outro lado, vostede ben o sabe, nós —e comenteino anteriormente— falamos dun plan do marisqueo para os anos 2024-2026. Nese plan son máis de dezasete as reunións que tivemos cos presidentes das federacións; son máis de cento vinte e tres millóns de euros os que temos incluídos para ese plan. É un plan onde a importancia, sobre todo, a radicamos nos nosos investigadores, investigadores que temos nos nosos centros de investigación propios, tanto do Cima como do Intecmar e do Cetmar, como daqueles biólogos que tamén están contratados polas sesenta e tres confrarías galegas, que tamén están sufragados eses cartos con investimentos da Consellería do Mar. Entre todos estamos traballando para mirar de reflotar confraría por confraría e traballar co sector.

Para nós é importantísimo o sector do mar, é importantísimo que as producións volvan outra vez a niveis que había hai anos pasados. E para iso estamos a contar coa ciencia, —non me vou cansar de repetilo— a quen agradezo o seu traballo, un traballo continuo pero un traballo do que, evidentemente, ese resultado non é dun día para outro. (*Aplausos.*) E con ese traballo imos garantir que os nosos mariscadores e as nosas mariscadoras poidan seguir vivindo dun medio do que levan vivindo moitos anos, e que nós estamos orgullosos e queremos que sigan vivindo del. E por iso aprobamos a Lei do litoral de Galicia, para defender a nosa xente do mar, os mariscadores, os pescadores e toda a xente vinculada a este sector, que tamén hai xente —e díxenllo, señora Pérez— das distintas empresas que hai en Galicia —que son moitas e moi potentes—, hai moitísimos postos de traballo que tamén temos que defender.

Evidentemente, cando hai unha baixa de consumo de pescado temos que facer o posible entre todos, entre todo o sector, para estar unidos para intentar facer o posible e reflotar unha situación, pero onde o protagonismo do marisqueo, das confrarías e de todo o sector do mar é fundamental para esta Consellería do Mar.

Polo tanto, non intente vostede confundir a ninguén porque nós imos mirar por todos os homes e mulleres que vivan do mar, sexan autónomos ou estean traballando nas distintas empresas que ten Galicia, dos que nos atopamos moi satisfeitos, dos autónomos e das nosas empresas.

Moitísima grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Alteración da orde do día

Pregunta de D. Carlos López Font e D. Julio Ernesto Abalde Alonso, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de implicación do Goberno galego no proceso de reversión aos concellos dos terreos portuarios non utilizados para tal fin

O señor PRESIDENTE: Comezamos cunha alteración da orde do día, que consiste en formular a pregunta que figuraba no noveno lugar e que se substancia agora.



É unha pregunta de don Carlos López Font, do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

Traemos, conselleiro, unha pregunta sobre peticións de moitos concellos de Galicia de todas as formacións políticas. Espero que coincidamos, conselleiro, en algo tan elemental como que se debe producir a reversión dos terreos non utilizados polo sistema portuario aos concellos onde se atopan situados. É unha cuestión que forma parte de acordos unánimes deste Parlamento, que instaban a Xunta de Galicia a axilizar os trámites necesarios, en concreto, para facilitar a reversión aos concellos dos terreos de titularidade portuaria autonómica do uso portuario actual, residual ou inexistente. Como queira que estes acordos son de hai catro anos, e a realidade é que a Xunta non moveu un papel, e que no 2021 a presidenta de Portos de Galicia afirmaba que non se celebrou ningunha reunión desde o 2019 coa Fegamp, é evidente que estamos ante unha falta de vontade política do seu goberno.

Por iso, preguntámoslle por que a Xunta non avanza en establecer un mecanismo de reversión no ámbito da xestión autonómica dos terreos portuarios que hoxe —como dicía— non se utilizan e que serían de grande utilidade para os concellos pero tamén para numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos que os demandan para as súas actividades.

E como estamos ante unha oportunidade única coa apertura da Comisión Bilateral co Goberno de España para acordar avances na xestión do litoral, estimamos os socialistas que é o momento e queremos preguntarlle se a Xunta vai introducir esta cuestión tan importante para os concellos e as asociacións, se a vai incluír nos asuntos para tratar nesa Comisión Bilateral, porque entendemos que é a vía máis natural para avanzar en protocolos comúns e acordos entre administracións.

Son dúas vías complementarias, conselleiro, para conseguir o obxectivo; obxectivo que entendemos que é común. E está na súa man, conselleiro, tomar dúas decisións importantes: primeira, avanzar dunha vez por todas desde a Xunta, establecendo un mecanismo de reversión aos concellos, e, segunda, dar o paso de incluír este tema na reunión da Comisión Bilateral co Goberno.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor presidente, señorías, señor Font, o Goberno galego está a avanzar no proceso de desafectación das zonas e instalacións portuarias que sexan declaradas innecesarias. Cómpre recordar que a maior parte destas zonas ou instalacións xa foron transferidas nos anos 1982-1984, sendo unha característica común a todas elas que se atopan conectadas á trama urbana, formando parte desta sen



existir unha separación física, o que provoca moitas veces esas interaccións entre o porto e a vila que sexan moi importantes.

En aras a adoptar o proceso dunha maior axilidade administrativa, este proceso ímolo realizar por fases, de xeito que sexa así máis operativo e rápido que abordalo dunha soa vez, dado o número elevado de portos afectados. O proceso é longo e a aprobación final correspóndelle á Administración xeral do Estado en consello de ministros; polo tanto, os prazos dependerán tamén da súa axilidade na tramitación. Non en van procesos como o do porto de Bares xa levan máis dunha década pendentes da resolución pola súa lentitude.

Temos que recordar tamén que a declaración de innecesiedade se está a consensuar cos propios concellos; é unha tarefa na que se traballa desde hai meses. Eu, ademais, formei parte cando estaba na Fegamp dunha reunión —á que vostede igual fixo mención— e, evidentemente, aí tivemos unha primeira posta en común dunha serie de aspectos de portos e de terreos, neste caso, xa para desafectar. Pero houbo unhas eleccións municipais, e a partir de aí o que decidimos era poñernos en contacto cos novos gobernos municipais para ver se realmente coincidían as opinións dos anteriores gobernos cos gobernos actuais. Polo tanto, nesta liña o que imos facer nos vindeiros días é ter unha reunión xa coa Fegamp para darlles traslado a eles das fases previstas e solicitar a súa colaboración no proceso. Polo tanto, vai ser con eles, na reunión cos representantes do municipalismo, onde —se me permite— falemos e lles establezamos os prazos neste caso que hai que executar para levar adiante estas desafectacións.

As derivadas da reversión serán que estes terreos van deixar de ter a consideración de portuarios, polo que non lles vai ser aplicable a lexislación portuaria, pasando ser a competencia directa da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa do Mar, do Miteco, sendo de aplicación para todos os efectos a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas. Tamén cómpre recordar que legalmente non cabe a cesión de Portos de Galicia aos concellos, senón que a Xunta de Galicia só pode devolverlles os terreos transferidos adscritos neste caso á Administración xeral, pasando a rexerse pola lexislación de costas.

En resumo, que a Xunta de Galicia mantén o firme compromiso de avanzar no proceso de reversión dos terreos e ímolo a facer por fases, que é un trámite que, ademais, agardamos que poida ser facilitado grazas á Lei de ordenación e xestión integral do litoral de Galicia, paralizada nos últimos meses polo recurso que fixo o Goberno central e que acaba de ser anulado este polo Tribunal Constitucional.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Unha lei que contempla un cambio no marco xurídico...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten outra rolda despois, conselleiro.

Moitas grazas.



O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): ...do dominio público portuario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Para a réplica, o señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas.

Era de esperar: excusas e máis excusas e lexislación. Di: avanzando; non se avanzou absolutamente nada en catro anos; iso é o que din os concellos. (*Aplausos.*)

Polo tanto, no relativo a portos de Galicia, señor conselleiro, resulta indignante que en catro anos non se fixese absolutamente nada. E agora vaise celebrar unha reunión coa Fegamp. ¡Bienvenida sea!, pero, evidentemente, non se fixo nada durante catro anos.

E preocúpame especialmente que non conteste á pregunta que lle realicei, en concreto, sobre se van incluír este asunto nos temas para tratar na Comisión Bilateral co Goberno de España cando se trate iso que tanto queren vostedes da xestión do litoral; porque cando aquí o PP aprobou instar o Ministerio de Transición Ecolóxica a esa reversión dos terreos foi por posta do PP.

Polo tanto, estamos ante unha ocasión única, unha ocasión sobre a que vostede ten que contestarnos aquí, ten que contestar aos concellos cunha resposta sinxela, e é se se van dar pasos e avanzar nesa reversión dos terreos desde a xestión autonómica. Pero tamén e en concreto o que vostedes aprobaron aquí no Parlamento de Galicia, no sentido de que se trate este tema na Comisión Bilateral.

Como queira que desta segunda parte non me contestou, gustárame que me contestase porque os concellos tamén están esperando a súa resposta.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor presidente, señorías.

Señor Font, a verdade é que non me esperaba ese cambio de ton tan brusco que tivo nesta segunda intervención despois de escoitalo con ese ton máis amable na primeira, onde eu despois lle contestei e díxenlle que claramente estamos traballando para levar adiante este trámite cos concellos, porque neste caso así o queren eles e así tamén é a nosa idea. O que imos facer é unha reunión coa Fegamp na que imos plantexarlle cales son xa os expedientes que están rematados, e neste caso tamén que eles sexan coñecedores de primeira man; porque neste caso tamén entendemos que temos que ter respecto ao municipalismo, e por iso van ser eles os coñecedores do traballo que imos facer nós.



E despois, evidentemente, cando vostede me fala de se a proposta se pode trasladar neste caso a esa reunión bilateral que vostede comenta e que nosoutros estamos agardando tantísimo tempo, pois non temos ningún problema porque o que queremos facer realmente é o que nos piden os concellos. Polo tanto, non hai ningún problema, pero xa llo trasladei na primeira pregunta. Por iso eu non entendo ese ton tan enfadado e un pouco tan crispado que tivo na segunda intervención que acabo de comentar.

Nós queremos levar adiante neste caso os traballos que nos está a pedir o municipalismo, pero desde logo que os trámites son complicados e tamén agora gustaríame mencionalos: por un lado, hai que realizar a proposta de declaración de innecesariedade con base nos criterios técnicos fixados, remitíndollela aos concellos, neste caso á Fegamp, para a súa consideración; despois, imos elevar esta proposta ao Consello Reitor de Portos de Galicia; despois imos remitirla á Consellería de Facenda, para a súa análise e tramitación oportuna, que, no caso de ser positiva, vai ser elevada ao Consello da Xunta para remitila á Administración xeral do Estado; imos despois tramitar a proposta con base no disposto na lexislación de patrimonio do Estado, e ten que ser aprobada en consello de ministros, e, por último, formalizar a reversión mediante o levantamento da correspondente acta.

Polo tanto, como comentaba, é un proceso longo; é tan longo que —como tamén xa lle mencionaba na primeira intervención— o porto de Bares xa hai máis de dez anos e seguimos no mesmo estado sen estar concluído ese proceso de reversión. Pero é que nosoutros, desde logo, abrímonos a falar co Estado para que esa reversión sexa o máis áxil posible, non hai ningún problema nin ningún tipo de obstáculo. Nosoutros estamos a falar —como lle comentaba tamén, e entendo que é moi lóxico— cos novos gobernos municipais que houbo a partir das eleccións de maio do ano pasado, porque anteriormente había outros gobernos que igual pensaban doutra maneira distinta. E, evidentemente, agora os novos gobernos son cos que estamos falando, cos que estamos a levar estes traballos. Comentáremolo coa Fegamp, que é o primeiro punto que dicíamos de levar adiante e estar de acordo con todos eles, pero se a vía esa que vostede comenta, que estamos esperando —repítolle—, a ver se pode vostede acelerar neste caso o Ministerio para que teña esa reunión bilateral con nós, para falar destes asuntos e mais con respecto á Lei do litoral, evidentemente, tamén llo trasladaremos. Non hai ningún problema, pero xa llo dixen na primeira intervención.

Polo tanto, señor Font, non se enfade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e doce deputados e deputadas máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do compromiso que ten o Goberno central co impulso do AVE entre Galicia e a fronteira portuguesa

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Julio García Comesaña, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidente.



Señor conselleiro, existe un amplo consenso á hora de considerar que o tren de alta velocidade de Galicia e norte de Portugal é unha infraestrutura prioritaria e de vital importancia tamén para mellorar esa mobilidade entre os cidadáns que viven nos dous lados da fronteira. Tamén hai un amplo consenso en que para facelo realidade é imprescindible intensificar o compromiso coa posta en marcha desta infraestrutura, dende, por suposto, unha mellor planificación, orzamentos e co establecemento de prazos realistas e concretos. Baixo esta filosofía, o presidente do Goberno da Xunta, Alfonso Rueda, asinou co presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, Antonio Cunha, un convenio en Valença do Minho para exixir ante os seus respectivos gobernos eses investimentos e ese compromiso, ese calendario realista con esta infraestrutura.

A esta petición sumáronse a Confederación de Empresarios de Galicia, as das catro provincias, as tres deputacións, a Fegamp, as axencias e agrupacións europeas de cooperación territorial, as universidades, cos seus tres consellos, e tamén este Parlamento, cando o pasado 9 de outubro votamos, por unanimidade, unha PNL do Grupo Parlamentario Popular, na que se exixía precisamente esa intensificación do compromiso coa posta en marcha do tren de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal, e, por suposto, que se puxeran eses investimentos precisos.

E todo iso facíase nun contexto de manifestarse claramente así ante a cimeira que ía celebrarse o 23 de outubro pasado en Portugal. Tamén unha reunión de parlamentarios luso-españóis que tivo lugar uns días antes foi nesta mesma liña, e, por unanimidade, os parlamentarios portugueses e españois pedíanlles aos dous gobernos tamén ese compromiso da liña, neste caso, A Coruña-Lisboa.

Pois ben, nesa cimeira do pasado 23 de outubro o Goberno de España fixo oídos xordos a esa petición unánime do Parlamento de Galicia, a esa petición unánime dos parlamentarios dos dous parlamentos español e portugués, e, como xa adiantara, por outra banda, o secretario de Estado portugués nos medios de comunicación galegos, o que fixo foi apostar claramente pola liña Madrid-Lisboa en contra desa aposta clara que lle pediamos todos pola liña A Coruña-Lisboa.

Isto non fai máis que arroxar dúbidas sobre se esa liña que se está facendo agora mesmo entre Vigo e O Porriño, que ten que complementarse ata a fronteira, realmente vai estar cumprida cos investimentos e cos prazos que xa teñen anunciados.

Polo tanto, o que queremos preguntarlle, señor conselleiro, é: ¿que valoración fai a Xunta de Galicia desa falta de compromiso do Goberno de España co impulso do AVE entre Galicia e a fronteira portuguesa?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.



O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señorías, a verdade é que os incumprimentos e os enganados do Goberno central sobre a conexión de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal o que fan é incrementar a preocupación da Xunta de Galicia, unha preocupación que levamos anos trasladando por unha infraestrutura que consideramos vital.

E a verdade é que estamos, como lles dicía, perplexos ante os reiterados boicots do Goberno central a unha lexítima e xusta aspiración de Galicia; unha aspiración que é lóxica dadas sobre todo as relacións culturais, xeográficas e económicas que nos unen co norte de Portugal. E resulta asombroso, porque non se pode cualificar doutro xeito, que sexa o Goberno portugués o principal aliado de Galicia para que esta conexión sexa unha realidade, e que entenda que a continuidade do eixo de comunicación entre A Coruña —como dicía vostede— e Lisboa ten que contar coa saída sur de Vigo.

Portugal apostou dende o principio por unha conexión de alta velocidade con España a través de Galicia, e fíxoo público hai poucos días, como vostede dicía, no Cumio ibérico. Paso a paso vai cumprindo ao que se compromete, e hai dúas semanas adxudicou un importante treito do AVE entre O Porto e Oiã a Comboios de Portugal, co cal se demostra que está cumprindo e que está traballando nesa conexión.

Pero como dicía vostede, nese cumio de Faro, o Goberno portugués dixo que era prioritaria a conexión a través de Vigo e, sen embargo, o Goberno español, ¿que é o que fixo? Pois fixo o de sempre, o que levamos advertindo dende hai bastante tempo: incumplir sistematicamente os seus compromisos, alongar os prazos, incluír partidas pírricas, porque no orzamento que está vixente hai unha partida de 30.000 euros para un investimento como este, que, como comprenderá vostede, o que causa é sorriso, e dar a calada por resposta.

Encargou varios informes sobre a saída sur de Vigo, o último din que vai estar para o ano 2025, pero segue sen incluír a conexión co porto de Bouzas. Polo tanto, é que non ten ningún sentido do que estamos a falar. Nada se sabe dese treito ata a fronteira portuguesa dende O Porriño e nada se sabe da nova conexión sobre o río Miño. Polo tanto, o que nos fai pensar é que o Goberno de España non está a pensar nisto.

Isto faino tamén co plan director do corredor Atlántico, que tiña que estar listo no ano 2019, pero aínda non o temos, pese a que se comprometeran a iso.

Dende o ano 2020 pedimos un grupo de traballo para ver os investimentos e poder ver como van avanzando os compromisos e os investimentos, e está sen concretar.

E escoitamos como o Goberno de España saca peito dos 7.000 millóns de euros que inviste no corredor Mediterráneo e, sen embargo, no corredor Atlántico déixanos aí.

¿Que fixo a Xunta? Pois a Xunta buscou aliados; a Xunta buscou aliados dende o principio e sumou esforzos. Sabemos que un futuro mellor pasa por ter unhas infraestruturas e uns



servizos ferroviarios acordes ao tempo e ás necesidades da poboación. Por iso, no 2017, reunímonos con Asturias e con Castela e León, que permitiu incluír Galicia nese corredor Atlántico; no 2023 fixemos ese encontro cos tres presidentes autonómicos. En xullo do 2024 fomos a Valença do Miño e xunto coa Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal firmamos unha declaración, que firmaron moitas entidades, na que se lles reclamaba aos dous gobernos, ao portugués e ao español, que, por favor, fixesen realidade a conexión...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...no ano 2032. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten unha segunda rolda.

Réplica do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Grazas, presidenta.

Ben, ante esa aposta prioritaria do Goberno de España por esa liña Madrid-Lisboa, claramente en contra do Goberno portugués, que priorizou a liña A Coruña-Lisboa, tocaba ver agora o papel do Concello de Vigo; eu máis ben diría o papelón. O alcalde dixo non ocultar a súa contrariedade porque nesa cimeira do 23 de outubro se tirara por terra todo o traballo das cimeiras anteriores. Tamén dixo que o feito de que o tramo Vigo-O Porto se pospuxese agora supoñía un xerro de auga fría a todas as previsións que sempre defenderon desde as cidades do seu contorno. Isto dicíase nos medios locais neses días.

Dicía o alcalde en referencia a Sánchez e Puente: «*Yo sé que son proclives a que sea una prioridad y seguiré en diálogo permanente con ellos*». Pois menos mal que saben eles que é unha prioridade. Pero, ao mesmo tempo, enfatizaba que para Vigo era un tema irrenunciable —dicía el— que ese tren estivera circulando no ano 2030. «*Yo antepongo Vigo y lo quiero seguir haciendo, estoy seguro de que el presidente y él mismo lo compartirán*».

A min como vigués dáme vergoña o que pasou o ano pasado cando o señor Puente dixo nun medio de comunicación que a variante do tren por Cerdedo era unha carta aos Reis Magos. Ben, iso é comprensible que o dixera. O que non é comprensible é que despois se subise a un tren, chegase a Vigo o día da cabalgata da man do alcalde e ao baixarse do tren lle dese aquel famoso bico. Ben, probablemente estarán preparando algo parecido este ano; espero que esta vez o alcalde o bote do tren antes de entrar en Vigo.

Eu creo que aquí hai dúas situacións: ou ben o alcalde non sabía desta intención de Pedro Sánchez e Óscar Puente e, polo tanto, non ten ningún peso político en materia de planifica-



ción desta infraestrutura, opción A, ou, opción B, que o sabía e non dixo nada, non dixo nada para facerse o ofendidiño. E, probablemente, o que estamos vendo estes días coa información que sae, por exemplo, da variante de Cerdedo, confirme esta liña. Agora soubemos que a variante de Cerdedo xa se sabía que non ía vir e que había alternativas diferentes.

En definitiva, señor conselleiro, ¿que pensa vostede do papel do Concello de Vigo nesta situación?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

Señoría, a verdade é que son dúas cousas. En primeiro lugar, quero dicirlle que desta reivindicación de Galicia e do norte de Portugal é coñecedor o presidente do Goberno, porque foi un dos asuntos que tratou o presidente Rueda co presidente Sánchez cando tivo ocasión de falar con el despois de varios meses, e tamén é coñecedor o ministro de Infraestruturas, que llo comentamos cando veu aquí presentar a chegada dos trens, que despois chegan tarde sempre, e, ademais, téñollo comentado eu mesmo a través de diferentes misivas, das que non temos ningunha contestación.

Pero dicíamos que o que vemos e o que detectamos é unha falta de implicación e compromiso do Goberno que é clara en todas e cada unha das manifestacións. E o que nós facemos é buscar alianzas. Díciallo na primeira intervención cando remataba. A nós gustaríanos, e estamos a propoñer dentro deste seguramente mesmo mes, facer un acto con todas as forzas vivas, coa sociedade civil en Vigo, para reclamar todos xuntos o que cremos que é de xustiza.

Está claro que hai que deixar atrás o que se dixo. A min doeume tamén cando fomos a Valença do Minho firmar esa declaración, na que buscábamos única e exclusivamente o apoio de todo o mundo, con independencia da cor, e atoparme declaracións deste tipo: *«Algunos llevamos cuatro años con la salida sur pidiendo prioridad. Llega tarde Rueda. Estuve con Pedro Sánchez hace cuatro años y dos años después en Viana donde se acordó la prioridad. Está bien, que firmen lo que quieran, aunque ya tiene prioridad. La prioridad está garantizada. Le dije a Rueda que ya hablé con el ministro para que se hiciera el estudio informativo. Si me hubiera llamado el señor Rueda se lo hubiera contado y no tendría que ir a Oporto»*. Isto foi o 2 de xullo, hai escasamente un par de meses. E despois de escoitar aquilo, resulta que nos demos conta no cumio de Faro que non era certo. Eu non sei se lle mentiron ao señor Caballero; dá igual. O caso é que temos que traballar xuntos cara a adiante.

Está claro que o prometido ou o dito ata agora é todo papel mollado, que non existe ese compromiso. Levabámolo dicindo dende hai moito tempo. Creo que é o noso labor reclamar e advertir que eses compromisos son baleiros. Algúns non nos crían. Eu alégrome sincera-



mente de que agora nos crean. Non lle imos pedir que pida perdón, non. O que lle pedimos é que traballe por Galicia, por Vigo, por toda a comarca; (*Aplausos.*) que entre todos sexamos capaces de dicirlle ao Goberno de España que hai que poñerse mans á obra, que non hai un minuto que perder; que Portugal vai ser capaz de chegar no ano 2032 a Valença, e en España non imos ter feito nada. Porque hai que sacar ese estudo da saída sur de Vigo, hai que conectar o porto de Bouzas, non pode quedar sen conexión, e hai que chegar á fronteira. E hai que facer unha nova ponte sobre o río Miño.

E iso non se fai en tres, catro ou cinco anos; necesita un traballo e necesita que todos empurremos na mesma dirección e que nos deixemos de meter o dedo no ollo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/das máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación do IES Agra de Leborís, da Laracha, no que concirne ao cumprimento dos acordos sindicais e á súa dotación docente

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, vicepresidenta.

Bos días, conselleiro.

Como lle dixen na pasada sesión plenaria, na que lle preguntei sobre os recortes dos centros educativos da Costa da Morte, son das que penso por convicción de que hai unha forma diferente de facer política que practica o Goberno galego cunha mirada de empatía; atributo que non pode ser visto como un sinal de debilidade, como lle dixen, senón todo o contrario. A sensibilidade social na política é unha gran fortaleza, señor conselleiro, fóra dos discursos baleiros, desas estatísticas e cheos de altivez que consideramos os socialistas galegos cando se fala da educación pública. Porque só así se pode facer unha política en transformación educativa poñéndose na pel das nais e pais do centro do IES Agra Leborís, da Laracha, que, como sabe, se puxeron en pé con gran dignidade para defenderen eses principios e os valores como é a educación pública de calidade e na atención á diversidade. Claro, sabe tamén, señor conselleiro, que é unha cuestión de ideoloxía, evidentemente, apostar ou non apostar, como fan vostedes, pola calidade da educación pública en Galicia.

No centro IES Agra de Leborís, da Laracha, que dispón de tres liñas de ESO, estase a incumprir o acordo sindical asinado entre a Consellería e as centrais sindicais nas *ratios* asignadas pola Consellería de Educación. Nos cursos de primeiro da ESO alcánzase nalgún grupo o número de trinta e tres alumnos por aula, que non cumpre as *ratios* acordadas por ese acordo cos representantes dos traballadores. Asemade, a redución das horas lectivas do profesorado non se compensa con novo profesorado, o que afecta os apoios educativos e as gardas e provoca a sobrecarga do profesorado.



Ademais, non hai espazo, as crianzas están hacinadas. A ANPA denuncia que o tamaño das clases non cumpre coa normativa, o que afecta a calidade da docencia. E o efecto máis significativo no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, case cen neste IES, é que este curso só teñen un especialista en Pedagogía Terapéutica, unha PT, menos que o curso pasado, e ademais forma parte da dirección.

Pero as reducións e a falta de profesorado son causa tamén de que materias troncais e optativas, como pode ser Latín, Grego e Física, son impartidas, señor conselleiro, por modalidades *online* na biblioteca do colexio, por falta de profesorado, por falta de espazo, señor conselleiro.

Esta situación é moi grave e ten consecuencias directas na calidade da formación recibida por estes alumnos e alumnas e no seu futuro académico, o futuro dos nosos fillos e fillas, señor conselleiro.

Evidentemente que se incumpre este acordo sindical, que vostede aquí neste hemiciclo dixo que era un paso de xigante cara á educación do futuro, cunha maior atención personalizada do alumnado e vencellado á calidade propia do ensino coa igualdade de oportunidades. A realidade, señor conselleiro, é ben distinta; as familias asegúranos que a situación é insos-
tible.

Polo exposto, pregúntolle moi directamente : ¿vai a Consellería de Educación dar cumprimento inmediato no IES Agra de Leborís, da Laracha, do acordo sindical en todos os cursos e unidades do centro e mais cubrir a praza de PT necesaria?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Como diría o señor Santalices, aplausos. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Para darlle resposta ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

Efectivamente, señora deputada, hai dúas formas de facer política: unha coa verdade e outra coa mentira; unha que fai funcionar o sistema e outra que manipula o sistema; unha cun rigor e outra cun descoñecemento, se se me permite, absoluto do que se está dicindo. E dígoo con certa tristeza porque, realmente, o traballo parlamentario merece moito máis do que lemos e do que está escrito na iniciativa e tamén do que escoitamos aquí.

A vostede creo que lle deron mal a información, e estou seguro pois non é a súa especialidade. Eu tamén agardo que o profesor e deputado Abalde teña unha pronta recuperación. Supoño que esta é unha pregunta del, pero, realmente, ou ben hai un descoñecemento absoluto, que se ve, ou unha auténtica mala fe no que se di. E dígoo polo seguinte:



En primeiro lugar, vostedes din que se están a incumprir as *ratios*. Falso. Falso por dúas cuestións. Primeiro, o acordo sindical non fai referencia á secundaria, e vostede fala de secundaria, fai referencia á primaria e infantil, e a partir do 2026-2027 entrará en secundaria. Segundo, falso porque vostede fala de que se incumpren as *ratios* tamén en secundaria, pois é absolutamente falso tamén o que vostede di, porque está perfectamente dentro das marxes que están no marco legal da LOMLOE, incluso máis para vostedes, para o Partido Socialista, en bacharelato pode haber trinta e cinco alumnos, neste caso o Partido Popular, para a Xunta de Galicia, só trinta e tres, e cúmprense as *ratios*, co cal é falso de toda falsidade.

En segundo lugar, vostede di que a redución de horas lectivas do profesorado por apoios educativos. Tamén falso. É dicir, o acordo sindical afecta os profesores de infantil e primaria e non os de secundaria, como se está dicindo aquí.

En terceiro lugar, vostede di que a falta de profesorado impide que haxa clases e ten que haber clases *online* para certas materias e que é por falta de profesorado. Falso, é por falta de alumnos, xa pasaba o ano pasado. Cando en secundaria hai optativas con moi poucos alumnos, faise unha atención virtual. O ano pasado, por exemplo, neste centro había Bioloxía, un alumno e dáselle a oportunidade de cursala *online*. Neste caso concreto hai dous en Física e tres en Latín, e dáselles a oportunidade de facelo *online*. O ano pasado non era un problema, hoxe é problema. Pero é falsa absolutamente a súa argumentación.

Tamén é falsa cando vostede di que o centro non ten o profesorado adecuado para dar clases ou que dan máis clases das que deben, absolutamente falso. Cada profesor dá as horas que ten que dar. Existe unha *ratio* de profesorado moi bo, a *ratio* é de doce rapaces por profesor. E tamén é falso cando fala de que a atención á diversidade non se reduce, senón que se mantén e se incrementa, hai un PT e un PT a media xornada, hai dous profesionais, non un como di vostede, e non hai cen alumnos con necesidades educativas especiais, hai trinta e dous...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): ...E os servizos de educación din que é perfectamente factible dar unha boa calidade co profesorado existente, co cal, señoría, ou é un enorme descoñecemento ou é unha enorme mala fe. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: O primeiro, señor conselleiro, non me está respondendo á pregunta que lle fixen. O segundo, estalles mentindo á cara dos pais e nais do alumnado do IES Agra de Leborís. Como lle dixen moitas veces, fronte á súa resposta carente de empatía e que, por favor, solicito que se responda, non volveu falar do Plan Mega, que se afasta da realidade do día a día dos pais e nais. E xa lle dixen que saia máis do seu despacho de San Caetano, no que se está moi quentiño, e tamén dos actos e refuxio, e observe e escoite con empatía as concentracións e as folgas dos pais e nais dos moitos concellos da Costa da Morte e do IES



Agra Leborís, da Laracha. Dígallo á cara e míntalles á cara, señor conselleiro, porque estes datos son certos e trasladados da ANPA do colexio.

A realidade —voullo dicir, señor conselleiro— é que os sindicatos e as ANPA galegas —que ao mellor tamén cuestiona a información, dígame se cuestiona esa información— aseguran que se reduciu en oitenta o número de docentes de Pedagogía Terapéutica, PT, Audición e Linguaxe, con destino provisional respecto do curso pasado, ao tempo que se decidiu non responder ás necesidades de atención preferente de máis de trinta centros en Galicia, que así o demandan, señor conselleiro. Fronte a esta realidade que distorsiona —porque é branco ou negro, evidentemente vostede distorsiona—, queremos solucións xa, e comprométase a dar solucións ao IES Agra de Leborís, da Laracha, cuxas nais e pais, que nos estarán vendo e escoitando, berran por unha atención á diversidade efectiva de cara a unha educación pública de calidade dos seus fillos e fillas, con independencia dos recursos e do lugar no que nazan, señor conselleiro.

Pídlle, por favor, que conteste a pregunta que non contestou e que nos diga se vai dotar o IES Agra de Leborís dos medios suficientes que se lle piden e se solicitan na pregunta moi clara; diga si ou non.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Eu pensei que despois do meu ton serio e contundente e de información da Inspección vostede modificaría o seu discurso, pero vexo que non, pois persevera absolutamente na manipulación, na falsidade ou no autoengano. Porque eu, se quere, repítolle os datos que acabo de dicir: señoría, o acordo sindical non afecta os institutos ata secundaria; cúmprense todas as *ratios*; as clases que vostede di que serán *online* non é por falta de profesores, é por falta de alumnos, cun grupo moi minoritario dun ou dous alumnos. E vostede dálle a cabeza e di: non, non pasa nada.

É realmente un exercicio redondo de valentía política e tamén, se se me permite, de cegueira política, porque non se pode entender cando se lle dan os datos que sigan perseverando en intentar que hai unha mentira pola miña parte. ¡Home!, eu se minto terei que falar co Servizo de Inspección, que son os que nos informan de todo isto; poderán ter erros, somos humanos. Pero, ¡por favor!, ¡por favor, señoría!, non diga na sede parlamentaria o que está dicindo, porque a contundencia da información deixa moi clara a manipulación que houbo neste centro, que creo que é clarísima. É verdade que neste centro traballa un destacado líder sindical, que fai o seu traballo o mellor que sabe e o mellor que pode, pero, obviamente, a partir de aí, coa forza que lle digo a vostede destes datos... Claro, vostede di que hai cen alumnos con necesidades educativas especiais, pois hai trinta; dálle igual, obviamente, mente o conselleiro. A vostede díselo que non hai un profesor de especialista que hai dous; dá igual, mente o conselleiro. A vostede díselo que a redución de horas lectivas do profesorado non é en se-



cundaria ata o 2026-2027 ou 2027-2028 en función de negociacións, e non neste curso, porque é en primaria e infantil, é igual, mente o conselleiro.

Mire: así é moi difícil que haxa un debate político cun mínimo de sentido común. Porque insisto: cando na sede parlamentaria se di o que vostede está dicindo, o que o Partido Socialista está dicindo, por favor, fágano mirar, porque realmente hai que dignificar o traballo parlamentario. E no traballo parlamentario un pode ter erros, como en calquera cuestión da vida, pero o que non se pode é soportar a mentira, soportar a manipulación, soportar a falta de rigor, soportar o descoñecemento, como vostedes o están facendo aquí, e aínda por encima ser reincidentes en todos os seus plantexamentos. En todo caso, isto é moi clarificador co que pasou neste centro e noutros centros, porque cando realmente ías á información de base, vías que detrás había intereses para xerar unha certa situación, que, obviamente, nalgúns casos se produciu, e que unha vez que se poñen os datos encima da mesa, como é o caso, señoría, o prudente e o recomendable é repregar velas e dicir: equivoqueime.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Iria Taibo Corsanego e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a calidade da atención da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, e por un tempo de tres minutos, ten a palabra dona Iria Taibo.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidenta.

Hai agora xusto un mes produciuse un accidente, un incidente na residencia asistida de maiores de Oleiros, que tivo como consecuencia unha traballadora ferida. E lembremos que a residencia asistida de maiores de Oleiros é a segunda maior residencia por número de residentes das públicas da Xunta de Galiza. Só neste ano, a partir do mes de febreiro, recibimos queixas dos traballadores e das traballadoras referidas á infraestrutura. É certo que agora nos últimos días, xusto despois deste accidente, comezaron unhas obras de reparación das que estaremos pendentes, mais o persoal tamén se queixa dunha preocupante saturación. Pensen vostedes que na quenda de noite unha soa auxiliar ten que atender un AA con corenta e catro residentes. E os traballadores e as traballadoras tamén reclaman, como noutras residencias da Xunta de Galiza, a entrada de novos perfís de residentes, que, como saben, se fixo sen suficientes protocolos e sen suficiente formación para os traballadores e as traballadoras.

Hai unhas semanas, os traballadores dirixíronse á Valedora do Pobo para pedir amparo precisamente por esta situación de saturación, e hai unhas semanas tamén soubemos, tanto por boca de familiares destes residentes como dos propios traballadores, tamén da grave situación da atención sanitaria que se está a producir na residencia de Oleiros, en moitas ocasións sen protocolos suficientes ou con protocolos e deficiencias para a atención axeitada destas persoas, e mesmo en situacións tan graves como cando as persoas residentes se ven



obrigadas a acudir a cuidados paliativos. Vemos tamén que a alimentación, a pesar de que a residencia dispón de cociña propia, se está facendo dun xeito bastante deficiente, que non corresponde en absoluto co que deberíamos agardar dunha residencia pública.

Sabemos que se trata dunha residencia pública da Xunta de Galiza, mais ten unha traxectoria de queixas e reclamacións de todo tipo no que se refire tanto ás infraestruturas como á situación do persoal, como á situación das residentes, mesmo ás veces tamén temos escoitado problemas relacionados coa seguridade, que nos parece que non se corresponde en absoluto co que debería ser un servizo público dirixido pola Consellería de Política Social e Igualdade.

Polo tanto, preguntámoslle, señora conselleira, se é consciente —como xa lle transmitimos— destas queixas das persoas traballadoras, se é consciente ou se coñece a situación da residencia asistida de maiores de Oleiros, se fixo ou vai facer algunha inspección desta situación e que ten previsto facer para resolver estas graves deficiencias e mellorar a situación das persoas residentes e dos traballadores e das traballadoras, como é o seu deber.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Deputadas e deputados, moi bos días ou tardes a todos.

Señora Taibo, o apoio e a atención por parte do Goberno galego a todas as persoas maiores en Galicia eu penso que está fóra de toda dúbida, porque levamos moitísimos anos demostrándoo. Demostrámolo ao triplicar dende o ano 2009 o número de prazas sostidas con fondos públicos, que xa son nestes momentos máis de dezaseis mil prazas sostidas con fondos públicos por parte da Xunta de Galicia, fronte ás cinco mil cincocentas que había aquí na nosa comunidade cando vostedes gobernaban. Demostrámolo cada día cun orzamento máis alto da historia de Galicia destinado ás persoas maiores, máis de seiscentos millóns de euros neste ano próximo 2025, que é un 12 por cento máis que este ano 2024 e case douscentos millóns de euros máis que o que destinaba o Goberno bipartito a toda a área de política social no ano 2009. Pero, ademais, é que tamén o demostramos con ese amplo programa de medidas que están axustadas ás necesidades e ás demandas de todas as persoas maiores, tanto para todas as persoas maiores que deciden libremente que queren seguir vivindo na súa propia casa, que, por certo, son a maioría, como para todas esas persoas maiores que xa necesitan un coidado vinte e catro horas nun centro residencial da nosa comunidade.

Pero precisamente para garantir esa correcta prestación de todos os servizos, todos os centros residenciais de Galicia, absolutamente todos, dispoñen deses controis periódicos por parte da Consellería de Política Social e Igualdade.



En canto ao funcionamento da residencia asistida de Oleiros de que vostede me pregunta, xa lle informo que este centro está sendo obxecto dun seguimento e dun control todos os anos por parte dos técnicos —como lle dicía— da Consellería de Política Social e Igualdade. Uns controis nos que, por certo, non se detectou ningún tipo de anomalía, senón que todo o contrario. Constatouse o correcto funcionamento do centro, pero tamén se detectou esa excelente calidade de todos os servizos que se prestan nese centro. Algo que é posible tamén, por suposto, grazas aos 277 traballadores públicos que forman parte desta residencia de Oleiros e que atenden cada día a todas as persoas maiores, e a todos eles hoxe tamén lles quero dar as grazas por ese coidado, por ese mimo e por ese cariño que lles prestan cada día.

A realidade é a que é e dispoñemos de todos os datos. Miren: a residencia de Oleiros conta cunha das *ratios* máis elevadas de persoal sanitario de Galicia, moi por riba da *ratio* exixida pola normativa vixente. O que nos permite prestar en todo momento esa correcta asistencia sanitaria a todos os usuarios vinte e catro horas ao día e os trescentos sesenta e cinco días do ano, pero, ademais, continuar dándolles ese apoio médico, que é o equipo médico o que toma todas as decisións sobre eses posibles traslados ou a aplicación de coidados paliativos en función das necesidades de cada persoa usuaria.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten unha segunda rolda, moitas grazas.

Para a réplica, a señora Taibo.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidenta.

Grazas, señora conselleira, pola súa resposta.

Eu recoméndolle que fale vostede cos traballadores e coas familias das persoas residentes. Hoxe temos aquí tres representantes das traballadoras da residencia de Oleiros, que, dende logo, non concordan en absoluto con esa visión tan idílica que ten vostede sobre a asistencia e sobre as *ratios* de persoal que ten esta residencia.

E vostede fala de que o Goberno galego está comprometido cunha atención digna ás persoas maiores, mais nós o que estamos a observar é que no proxecto de orzamentos para o ano 2025 que presentou o Goberno galego non se pode constatar ningunha mellora en canto ao aumento de número de prazas públicas; lembrámoslle que o 22 por cento das residencias son públicas. Sen embargo, si que constatamos un aumento moi claro de fondos para a privada. Non vemos que haxa unha mellora dos servizos das residencias actuais, e tampouco se reforza de ningún xeito a rede pública.

Vostede falaba da normativa actual. Efectivamente, a normativa actual leva trinta anos sen actualizarse; se cadra é o momento de que revisemos esas normas, precisamente para iso. Lémbrolle que hai unha auxiliar na quenda de noite que atende corenta e catro persoas. En definitiva, gustaríanos que revisasen o número máximo de prazas que se poden acoller en



cada unha destas residencias públicas e que revisasen esas *ratios* de persoal a partir desa revisión normativa.

Polo tanto, señora conselleira, consideramos que as persoas residentes, as familias e as traballadoras da Residencia Asistida de Maiores de Oleiros non teñen por que sufrir as consecuencias desta política privatizadora deste goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Taibo, como xa lle indiquei, garantir o benestar e a correctísima atención de todas as persoas maiores de Galicia é algo primordial para o Goberno galego, e respondemos a todas estas demandas con máis de seiscentos millóns de euros que imos investir neste próximo ano 2025, destinados integramente ao coidado das persoas maiores.

E facémolo precisamente mentres seguimos esperando todos eses fondos por parte do Goberno central. Por certo, o Goberno tamén que vostedes apoian, que non cumpre esa Lei de dependencia, que exige un financiamento do 50 por cento Estado e 50 por cento comunidade autónoma.

Pero mentres seguimos esperando imos seguir achegando cada vez máis fondos destinados ao coidado, máis fondos destinados á dependencia e tamén imos seguir mellorando esta residencia pública de Oleiros. Por certo, unha residencia pública que, como lles dicía, conta cunha das *ratios* máis elevadas de persoal sanitario de toda Galicia, dispón dun equipamento axeitado ás necesidades de todos os usuarios e ofrece unha alimentación equilibrada e adaptada ás necesidades de cada persoa maior. Ademais, nestes momentos, imos acometer esa reforma, ese acondicionamento das instalacións, con máis dun millón de euros para a transformación e a renovación da cuberta deste centro residencial.

Por último, eu tamén quero lembrar o persoal deste centro, que tamén se beneficiou das melloras condicións de traballo dos empregados públicos que levamos hai pouco a cabo. Concretamente, en Oleiros, na última RPT aprobada en decembro do ano 2023, creáronse catorce novos postos de traballo, o que permitiu reforzar o servizo e mellorar a atención dos usuarios deste centro residencial.

Polo tanto, en resumo, trátase trata dunha residencia pública que funciona de xeito excelente e que lles presta ese servizo magnífico a todos os usuarios.

O que deberían facer vostedes dende o BNG é aclararse dunha vez, porque vostedes hoxe están criticando como funciona un centro público de titularidade pública, como empregados



públicos, pero ao mesmo tempo vostedes tamén cuestionan e tamén critican cando é un centro de xestión externa. Polo tanto, eu penso que hai que aclararse dende o BNG e deixar de facer ese sensacionalismo que tanto lles gusta. Pero facelo cun tema tan delicado, tan sensible como é o coidado das persoas maiores non creo que sexa o mellor xeito.

Mentres vostedes continúan criticando a xestión dos centros, mentres vostedes contiñen con este sensacionalismo, nós dende a Xunta de Galicia imos responder sempre con traballo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pregunta de D. José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que desenvolve ou vai desenvolver a Xunta de Galicia respecto do nó de transición xusta das Pontes

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten a palabra don José Manuel Golpe.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señora conselleira.

As Pontes é un concello de transición xusta, canto menos isto é o que está sobre o papel. E digo isto porque dende que a propietaria da central térmica solicitou o seu peche alá polo 27 de decembro de 2019, o único que podemos constatar hoxe en día é que este peche se materializou, levando consigo destrución e traslado do emprego a outras partes do Estado, convertendo o concello das Pontes nun páramo industrial.

Non é alarmismo cualificar a situación deste concello de caótica. Se tiramos de datos, podemos ver a perda de poboación nos catro últimos anos, onde aló van máis de trescentos setenta habitantes, e moito máis rechamante é a perda da afiliación á Seguridade Social, onde en decembro de 2019 había 4.095 persoas afiliadas, número que caeu ata as 3.525 persoas de xullo deste ano. Isto representa unha perda da afiliación de 570 persoas.

Nestes catro anos nin o Goberno central nin a Xunta de Galicia materializaron ningún proxecto para poder paliar esta situación. En catro anos, nin unha soa iniciativa.

Proxectos hai moitos, anunciados e en tramitación. Algúns van dando pasos na súa conta administrativa, e outros amosan certas feblezas ou debilidades que fan dúbida de que vaian ver a luz. Podemos citar algún deles, como a bioplanta de Ence, a planta de hidróxeno verde de H2Pole, a fábrica de amoníaco verde de Universal H2 ou a fábrica de pneumáticos de Century, pola que xa lle preguntei neste mesmo pleno. Por certo, todos estes proxectos foron declarados de interese estratéxico pola Xunta.



Para que estes proxectos se convertan en realidade necesitan cando menos unha subministración de electricidade fiable en tempo e forma, e non parece difícil acadala cando hai 1.400 megawatts vacantes que acaba de deixar a central térmica. Pero existen varias dúbidas a respecto disto:

Primeiro, pola xestión que Red Eléctrica de España fixo sobre os nós de transición xusta dos 400 quilowatts das Pontes e a súa capacidade cos bandazos sobre o que se podía conectar, ou pola autorización que este mesmo xestor da rede deu sobre catro parques eólicos sen mediar concurso ningún.

Segundo, pola falta dun concurso de transición xusta, a diferenza doutras partes do Estado.

E, por último, e non menos rechamante, está o caso da nova subestación de Maciñeira, que nun principio, tal e como figuraba na planificación de rede do xestor de Red Eléctrica de España, estaba destinada aos consumos destes proxectos que lle acabo de citar, pero agora aparece asignada á transición xusta. Non entendemos nada.

Por todo isto, señora conselleira, temos dúbidas e gustaríanos que nos explicase cales son as medidas que a Xunta desenvolve ou vai desenvolver respecto deste nó de transición xusta das Pontes, que información dispón del e cales son as xestións que está facendo diante de Red Eléctrica para garantir que estes proxectos industriais das Pontes van ver a luz algún día.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle a resposta ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señor Golpe.

Se me permite, eu teño exactamente a mesma dúbida ca vostede: ¿onde están os 1.400 megawatts que tiña a central térmica das Pontes?

Eu creo que non é a primeira vez que falo neste Parlamento desta cuestión e, en xeral, da preocupación que ten o Goberno da Xunta polo reforzo da rede de transporte, tanto para a evacuación da enerxía renovable como, por suposto, para os consumos dos proxectos industriais, e As Pontes, por suposto, é un deles.

Tras o peche das Pontes, a capacidade que inicialmente nos dicía —e agora dareille conta da cantidade de reunións que se fixeron co Goberno— que tiña esta zona era cero megawatts. Os propios técnicos de Red Eléctrica cos que eu persoalmente falei, así como coa presidenta de Red Eléctrica, tiñan auténticas dificultades —e non me estraña— para explicar que de



1.400 megawatts, dende o punto de vista técnico, parece ser que desapareceron no sistema eléctrico e quedaron en cero megawatts. Esas foron as primeiras respostas que obtivemos do Goberno central.

A partir de aí, e despois de varias reclamacións que se fixeron, sei que vostedes xa preguntaron isto no Goberno de Madrid, ¡eh!; sei perfectamente que isto xa está máis que respondido e sen ningún tipo de explicación.

Ben, aparece esa subestación de Maciñeira. Efectivamente, aquí hai dúas cuestións:

En primeiro lugar, perdemos megawatts. Imos supoñer que a subestación de Maciñeira vai dar servizo aos proxectos industriais e á evacuación das Pontes. Pero pasamos de 1.400 megawatts a 945 megawatts; faltan 455 megawatts que perdeu a comunidade autónoma de Galicia, en concreto esta zona, e que aínda non son quen de saber o porqué. Ninguén mo explica. Pregunteille á propia ministra na conferencia sectorial.

E, segundo, cando van estar dispoñibles, que di ben. Efectivamente, estamos no 2025, e o decreto é do ano 2023, onde se pecha formalmente a central térmica das Pontes. Naquel momento isto xa se tiña que ter axilizado, pero esta transición —e dicímolo continuamente— ten todo menos xusta.

Vostede fala dos proxectos. Os proxectos non poden ir ata que non estea desmantelada a central térmica e, evidentemente, ata que non exista unha subestación que dea saída ás renovables para evacuar e que dea capacidade de consumo enerxético aos novos proxectos, co cal isto é fundamental. E calculamos que antes do ano 2028 a subestación de Maciñeira non vai estar dispoñible.

Nós enviamos modificacións, como sabe, ás propostas de modificación da Rede de transporte eléctrico, e dígolle as datas nas que o propio presidente e mais eu estivemos reunidos desde outubro do 2023 solicitándolle ao exministro de Industria esta cuestión. Enviei unha carta monográfica o 6 de novembro do 2023 ao señor Héctor Gómez; o 24 de novembro do 2023, ao ministro Jordi Hereu; o 26 de xaneiro do 2024 na conferencia sectorial dígollo á ministra; o 20 de setembro deste ano o propio presidente Rueda reúne co presidente do Goberno de España e trasládalle esta cuestión, e o 24 de setembro envío eu unha carta ao ministro Jordi Hereu, na que lle recordo este mesmo asunto.

Polo de agora nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Ten unha segunda rolda.

Para a réplica, o señor Golpe.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, señora presidenta.



Cero megawatts dicíalle, señora conselleira. Ben, eu entendo a sorpresa da xente de Red Eléctrica de non podelo explicar cando a enerxética Greenalia acaba de gañar un preito na Audiencia Nacional por non lle deixar conectar 250 megawatts en catro parques dese mesmo nó, onde a Endesa si se lle permitiu. Son estas incongruencias ás que xa estamos afeitos por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica.

Pero eu tamén lle citaba na miña primeira intervención a falta de proxectos tanxibles, de proxectos reais, a falta de investimento tanto do Goberno central como da Xunta de Galiza no concello das Pontes; un concello con múltiples posibilidades, como queda claro, pois á parte do nó de conexión, temos a dispoñibilidade de auga ou a proximidade ao porto exterior de Ferrol. Pero se repasamos os orzamentos da Xunta, vemos cero euros de investimento, e como di o refrán español «*Obras son amores y no buenas razones*».

E se afondamos moito máis, vemos que destinar os fondos de transición xusta fóra dos concellos o obxectivo non é un compromiso con estas zonas de transición xusta. Podemos ver a Resolución do 7 de outubro do 2024, pola que se dá a publicidade ao acordo do consello de dirección que aproba as bases reguladoras —do Igape estou falando— dos préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego nas zonas de transición xusta. Vostedes non teñen en conta a singularidade destes concellos; non priman que estes proxectos industriais se asenten nos concellos de transición xusta. Son concellos que están declarados no Ministerio, e non puntúan favorablemente.

Pola contra, dedican os fondos de transición xusta —e aquí que non se me cabreen os da Coruña— a crear algún centro de formación, conxuntamente coa universidade, na Cidade das TIC, con algo máis de catro millóns de euros.

Recoméndolle que fale co seu compañeiro Diego Calvo para que poñan unha liña de autobús entre As Pontes e A Coruña porque, se non, non van ter alumnos na zona de transición xusta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Sobre esta cuestión de destinar, en concreto aos concellos —aquí falamos das Pontes e de transición xusta—, eu expliqueino —pero non estaba vostede— na comparecencia de orzamentos. Isto non é un criterio... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¡Ah!, pois, perdón. É que entón non sei porque mo pregunta; non me daba conta—. (*Risos.*) Expliquei claramente que isto non é unha cuestión da Xunta de Galicia; entón, ¿por que o volve preguntar? É o ITJ o que está prevendo que a zona de transición xusta sexa toda a provincia da Coruña.

De todas maneiras, o que vostede me dixo da totalidade dos fondos de transición xusta, de que o noventa e tanto por cento se xestiona por esta consellería, por Inega e por Igape fun-



damentalmente, o que si acordamos —porque o podemos facer— é que nos procedementos de concorrência competitiva exista máis puntuación nos casos en que o proxecto se instale nos concellos concretos. A partir de aí, vostede falaba especificamente dos préstamos parcialmente reembolsables para pemes e sairá outro para grandes empresas. Neste caso, non existe concorrência competitiva se se cumpren os requisitos —que son os que fixou o ITJ e os que se pactaron con el—, pois non podemos priorizar evidentemente estes concellos.

Polo demais, evidentemente, temos que seguir traballando en proxectos que se instalen mentres se produce o desmantelamento, pero reitero un pouco o que dicía na interpelación a señora Iglesias. Creo que temos que ser coherentes todos. O primeiro, por suposto, o Partido Socialista; non pode estar cambiando as regras de xogo do PNIEC, cando resulta que, por outra banda, non está poñendo os mecanismos para que se acade a electrificación e a descarbonización da economía. O que dicía claramente antes, o que a señora Teresa Ribera fixo, antes de facer as maletas, é un conto de ciencia ficción e ela sábeo perfectamente, e con ela leva a responsabilidade dos datos ou das persoas que deixou marcadas. E tamén llelo reclamo a vostedes. Está moi ben —e moi ben—; estou absolutamente de acordo e levamos moito tempo dicindo que é absolutamente indispensable que a Rede de transporte eléctrica en Galicia sexa reforzada porque, se non, non vai haber nin un só proxecto. Pero tamén hai que loitar polos proxectos e tamén hai que loitar polas renovables, porque está moi ben pedir o nó de evacuación das Pontes para os proxectos renovables. Pídeno aquí, pero logo, coa boca pequena, están intentando paralizar os proxectos eólicos. ¿Para que queremos 1.400 megawatts (*A señora conselleira de Economía e Industria, Lorenzana Somoza, ri.*) nas Pontes, se resulta que estamos intentando paralizar os proxectos eólicos? Entón, eu píddolle por favor, hai que ter un pouco máis de coherencia.

¿Hai que reclamar a Rede de transporte? ¡Sen dúbida algunha, é esencial! É que, se non temos Rede de transporte... Isto asegúrolles que llelo trasladei á ministra Ribera na Conferencia Sectorial, é dicir, que para Galicia era esencial para o seu desenvolvemento industrial. E a estas cuestións me refiro cando dicía antes, na interpelación, que non falan entre o Ministerio de Industria e o Ministerio de Transición Ecolóxica.

E vostedes, por favor, teñan máis coherencia. Efectivamente, máis megavatts; pero máis megavatts, ¿para que? Para que evacúen os proxectos eólicos tamén.

Nada máis e grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Seguinte pregunta.

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante o mantemento ou a retirada da acreditación obrigatoria do nivel de coñecemento da lingua galega para optar á contratación laboral temporal na súa propia administración

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten tres minutos, don Daniel Castro.



O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Boa tarde xa, señor Corgos —creo—.

Boa tarde tamén, señor Campos, pois —creo— vai un pouco con vostede esta cousa tamén.

Ben, hoxe traemos aquí esta pregunta porque a vostedes dálles moito por evitar os debates, e, claro, teñen a Lei de acompañamento, que xa non dá máis de si; e como a empregan para todo, os dereitos lingüísticos non ían ser menos, e tamén os queren diminuír.

Entón, sacaron a campaña «Saca a lingua que levas dentro», que nos parece moi positiva, evidentemente, pero, mentres fan isto pola porta de atrás, van prohibir que os galegos e as galegas se poidan comunicar en galego coa Administración pública do noso país. ¿Pódenos explicar como se pode buscar un pacto polo galego, polas mañás, e sacalo moito en notas de prensa e, polas noites, como se pode permitir traballar na Administración pública do noso país sen coñecer unha soa palabra do noso idioma? ¿Onde queda entón a súa defensa da Lei de normalización lingüística de 1983? Que, por certo, nunca cumpriron, pero a cal enarboran moitas veces. Ademais, non fai falta nin que a lean enteira porque neste tema só teñen que ir á primeira páxina e aí xa vén no artigo 6; un artigo que deixa claro que o que están a facer, ou o que queren facer, non se pode facer. «Os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma». «Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns». ¿Cren de verdade que están a cumprir isto cando unha persoa que se vai comunicar coa Administración pública non vai poder facelo en galego porque a outra persoa non o sabe falar nin o sabe escribir? É obvio que non. ¿Cren que promoven o uso —que agora o problema é só de uso— do galego cando non o podemos usar coa Administración pública?; ¿non se dan conta, neste caso, que están a restar dereitos a todos os galegos e as galegas, non soamente aos galegofalantes, que o empregan sempre, senón aos que o empregan ás veces ou aos que nunca o empregan porque non teñen o dereito de facelo en galego, se quixesen dar ese paso?; ¿como se promove así o uso para esas persoas que queren empregar o galego, e chegan á Administración pública e non o poden usar?

E até o momento dixeron unha soa cousa —eu estiven buscando así algunha declaración a respecto do tema— que e eu creo que ten bastantes arestas. Viñeron dicir que isto xa se viña facendo, que na sanidade xa se viña facendo —que, para min, aínda é máis grave ¡pero bueno!—... E eu creo —como lles dixen— que ten bastantes arestas, pero aínda están en tempo de frear este sen sentido que, nin promove o uso, nin promove o coñecemento, nin, moito menos, promove o prestixio da nosa lingua.

Lendo, ademais, nos xornais, e buscando, ademais, no máis lido no noso país, a escritora María Canosa —creo— resumíao moi ben nun dos seus artigos, que poñía literalmente: «¿Protexer o galego sen coñecelo?; soa incongruente, ¿non?».

Pois iso lle pregunto, señor conselleiro: ¿non lle soa tamén incongruente?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Para darlle a resposta, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Si. Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señor Castro.

Na súa pregunta vostede o que está facendo é elevar a excepción, unha excepción, á categoría de regra. A regra —como ben sabe— esta recollida no artigo 51 da Lei do emprego público de Galicia, a Lei 2/2015, que regula os principios —tamén os lingüísticos— para o acceso ao emprego público. En concreto, establece esta lei que as administracións públicas garantirán os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas, tanto respecto da nosa lingua propia e oficial, o galego, como da outra lingua oficial, o castelán, en Galicia. E por iso, para cumprir coa normativa de normalización do idioma galego, para garantir o dereito do uso do galego nas relacións coas administracións públicas e para garantir a promoción do uso normal do galego polos poderes públicos, por iso, a regra é que no acceso ao emprego público resulta indispensable acreditar o coñecemento do galego.

E así é como ocorre e está recollido nas diferentes bases de convocatorias. En todas as convocatorias para ocupar postos de emprego público na comunidade autónoma que saca a Consellería de Facenda e Administración Pública —onde agora radica a Dirección de Emprego Público— fíxase como requisito para ser admitido acreditar o coñecemento do galego co correspondente certificado Celga ou co homologado equivalente, ou pasar unha proba eliminatoria e obrigatoria. En todas as convocatorias.

En canto ás listas de contratación para o persoal temporal, reguladas no Decreto 37/2006, o que acontece é que para o nomeamento de persoal interino e para o nomeamento de persoal temporal laboral se debe estar inscrito nunha destas listas; e tamén, para estar inscrito nestas listas, o criterio xeral e único é que se acredite tamén posuír un certificado que acredite o nivel de coñecemento do idioma galego —e sábeo perfectamente—. O que se inclúe no proxecto de lei de medidas deste ano e do anterior —e do anterior, e do anterior e do anterior— é unha excepción para tres categorías, nas cales temos unha importante escaseza de persoal —que é o persoal sanitario dos centros de política social, os facultativos, as enfermeiras e os auxiliares de enfermaría—. Neses tres casos unicamente cando se esgoten as listas de contratación —que volvo lembrar, deben acreditar o coñecemento do galego— e se recorra ao procedemento especial do artigo 7.5.b) do Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, é dicir, pedir candidatos a unha oficina pública de emprego, o primeiro que se fai é pedir os mesmos requisitos que aos anteriores das listas, é dicir, que coñezan o galego. E cando non se atope ninguén, e antes de que quede baleiro ese posto para substituír, entón se poida recorrer a alguén que non sexa quen de acreditar o coñecemento do idioma galego. Polo tanto, a carta derivada para cubrir un posto é a excepción da excepción. *(Aplausos.)*



O único que tentamos aquí é garantir a prestación dos servizos públicos esenciais cubrindo as prazas de persoal médico... *(O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, Corgos López-Prado, pronuncia palabras que non se perciben.)* (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten un segundo turno despois. Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Mire, conselleiro, eu non sei como fan, pero sempre garanten os dereitos do castelán pero os do galego non. Eu sinceramente non sei como o fan porque, ¿onde está a liberdade dunha persoa de comunicarse en galego e de ser atendida en galego pola Administración pública deste país, se a outra persoa non é capaz de comunicarse en galego?; ¿onde está a liberdade para falar galego aí?

E, de novo, a resposta foi que xa se viña facendo. Eu creo que iso acrecenta a gravidade. Se xa se viña facendo en anos pasados noutros sectores e agora ampliase a máis categorías, pois —eu creo— iso aumenta a gravidade, porque, ademais, vostedes puxeron aquí tamén crear unha consellería para defender precisamente estas cousas, é dicir, crear unha consellería para acurtar as diferenzas entre o galego e o castelán. Imos ver, no día de hoxe non hai un só eido na vida, nun sector, nun momento, no cal a presenza do galego estea ao mesmo nivel que a presenza do castelán. E vostedes, polo Goberno, polo Estatuto, porque crearon unha consellería, pola Lei de normalización lingüística..., teñen que acurtar esas diferenzas. E parece que —bueno, parece non— traballan para agrandalas; e, entón, ¿para que crearon esa consellería? Miren, o BNG vai estar sempre traballando para que haxa liberdade para poder falar galego, sen dúbida ningunha; pero o que non pode ser é que teñamos un Goberno que traballe só para que haxa liberdade para falar en castelán, pero non en galego.

Se, polo día, o único que fan é sacar notas de prensa de que queren o gran pacto polo galego e de que están abertos ao diálogo e, pola noite, o que fan é lexislar para que non se poida empregar o galego coas administracións públicas, pois queda niso, é dicir, en notas de prensa, pero en nada máis.

Eu non sei se é que seguen aínda detrás da pancarta do galego, se se ven obrigados, se hai tiras e apuxas, se hai críticas internas ou o que poida haber, pero xa lles dicimos que no BNG non nos imos levantar nunca —nunca, nunca— das negociacións até que os saquemos desa pancarta, porque, como —eu ben creo— queda ben claro, no Bloque nunca damos, pero nunca —nunca, nunca—, unha batalla por perdida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor Corgos.



O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):
Si.

Señoría, reitírolle que esta medida é excepcional e totalmente lóxica para preservar a prestación dos servizos públicos fundamentais. E lamento que vostede e o seu grupo, unha vez máis, poñan a súa ideoloxía por diante da garantía de ter persoal sanitario nas residencias públicas autonómicas, ou, o que é peor, lamento que sigan a usar a lingua como un elemento de confrontación entre os galegos e para facer política da mala. (*Aplausos.*)

Reitírolle que é unha medida excepcional á cal só se recorre cando non existe outra alternativa. ¿Cal é a súa proposta?; ¿cal é a súa proposta cando se esgoten as listas de persoal temporal de facultativos para atender substitución en residencias? ¡Diga cal é a súa proposta! ¿Deixamos sen cubrir a praza? (*Murmurios.*) ¡Deixamos sen cubrir a praza! (*Murmurios.*) Pois non se preocupe que esa non vai ser nunca a proposta do Goberno porque, afortunadamente, (*Aplausos.*) o que ten a responsabilidade de gobernar son eu e non vos-tes. (*Aplausos.*)

Por unha vez, deberían deixar estes plantexamentos radicais e asumir, con normalidade, que haxa que habilitar procedementos extraordinarios porque, no procedemento xeral, é obrigatorio o coñecemento do noso idioma para garantir a prestación dos servizos públicos. É máis, aínda cando estas substitucións son moi excepcionais, xa sabemos, hoxe en día —dous anos despois de que se leve aplicando—, que o 99 por cento das contratacións acreditou o coñecemento do idioma galego mediante a aportación do Celga, e que este procedemento só é extraordinario e aplicable ao 2 por cento das listas de contratación; o 98 por cento ten que acreditar o coñecemento do galego en todos os casos. Por tanto, indico unha vez máis, é totalmente extraordinario.

A Xunta de Galicia traballa para favorecer que este persoal sanitario, cando chega e non domina o idioma galego, adquiera o coñecemento e que empregue a nosa lingua, que é no que estamos a traballar tamén, pero non deixando baleiras as prazas de substitución. Onte mesmo reuníronse as consellerías de Sanidade e de Cultura, Lingua e Xuventude para impulsar cursos de galego para o persoal dos centros sanitarios. A esta medida sumaranse outras máis enfocadas a estender e transmitir o noso —a lingua e a cultura— a todos eses novos galegos que chegan a Galicia porque a intención do Goberno galego é ofrecer a todos, en especial ás persoas inmigrantes ou aos retornados, todos os recursos precisos para que se integren na nosa terra e para que Galicia sexa o seu fogar, onde desenvolvan o seu proxecto vital. Cómpre empregar a lingua para unir os galegos e non para polarizar e para separar, señoría.

Reitírolle e lémbrolle, unha vez máis: o criterio xeral é o requisito indispensable de coñecemento do galego ou de proba obligatoria eliminatoria. Nas listas tamén se exige o coñecemento do galego. E, como excepción, cando non haxa ninguén nas listas que acredite tal coñecemento, recórrase a esta excepcionalidade, que só se aplicou nos dous últimos anos no un por cento dos contratos temporais. (*Un señor deputado: ¡muy bien!*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas.

Pregunta de D^a Ethel María Vázquez Mourelle e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as novas campañas impulsadas pola Xunta de Galicia para a vacinación fronte ao virus respiratorio sincitial e ao virus do papiloma, así como respecto da vacina intranasal contra a gripe

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten tres minutos a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidenta.

Señor conselleiro, estamos, nestes días, presentando os presupostos para o próximo ano.

A sanidade pública galega é unha prioridade para o presidente Rueda que, nesta mesma mañá, deu datos do que supón ter presupostos para poder executar. Contamos cos presupostos máis elevados da historia de Galicia, que medraron un 2,6 por cento ata acadar preto de catorce mil millóns de euros. Novamente, a Consellería de Sanidade é a que conta cun orzamento máis elevado, 5.448 millóns de euros, incrementándose para este ano nun 5,1 por cento; isto é, 266 millóns de euros máis que no exercicio pasado. O 40 por cento deses preto de catorce mil millóns de euros do presuposto da Xunta de Galicia van para coidar a saúde dos galegos, con incrementos en todas as partidas.

Vostede, na presentación dos presupostos, dixo que non hai mellor xeito de traballar polos galegos que desde a prevención e o control das enfermidades. Para isto a Dirección Xeral de Saúde Pública xestionará, no ano 2025, un presuposto que supón un 4,6 por cento máis, é dicir, 88,5 millóns de euros.

Galicia pode presumir de prevención en todos os eidos, tanto en cribados como en vacinación; de feito, temos o calendario de vacinación para toda a vida máis completo do mundo que, ademais, neste próximo ano, se vai incrementar nun 3,27 por cento; estamos falando de 41 millóns de euros. É novamente o investimento máis elevado dedicado ao Programa de vacinación en Galicia. E, evidentemente, isto dá moita tranquilidade ás familias, sobre todo ás que teñen nenos pequenos.

Sabemos que a primeira causa de ingreso hospitalario por infección respiratoria en nenos e nenas no primeiro ano de vida é o virus respiratorio sincitial, sendo a causa principal tanto de bronquiolite como de pneumonías. O pasado inverno, xa se incorporou o anticorpo monoclonal nirsevimab ao calendario de inmunización de Galicia, o que situou a nosa comunidade como referente e pioneira, sendo os nenos e as nenas galegas os primeiros do mundo en vacinarse contra este patóxeno, evitando a enfermidade grave en moitos centos de lactantes. A aposta da Xunta de Galicia pola protección da saúde dos galegos non é cuestionable.



Señor conselleiro, queriamos preguntarlle: ¿como afronta a Xunta de Galicia as novas campañas de vacinación fronte ao virus respiratorio sincitial?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Moitas grazas, presidenta.

Señoría.

É imprescindible, nun sistema sanitario público de vangarda como no noso, a aposta definitiva e contundente pola prevención. Fundamentalmente por dous motivos: en primeiro lugar, polo benestar das persoas, xa que se protexe fronte ás enfermidades; e, en segundo lugar, polo aforro económico que supón, xa que evita as especificacións e evita tratamentos innecesarios. A prevención e as vacinas non son nunca un gasto superfluo e non son nunca un despilfarro; son un investimento, un investimento na saúde das galegas e dos galegos.

Galicia —xa foi dito aquí— ten o calendario de vacinación máis completo do mundo, e estamos constantemente incorporando vacinas innovadoras para cumprir co noso compromiso definitivo pola prevención; de feito, o ano próximo, imos seguir incrementando o investimento en vacinas: destinaremos 41 millóns de euros, un tres por cento máis ca este ano. Exemplos da nosa aposta pola inmunización son as novas campañas de vacinación fronte ao virus respiratorio sincitial, a inmunización fronte ao virus do papiloma humano, tamén en varóns, e a nova maneira de administración intranasal contra a gripe. Son tres exemplos de innovación e da importancia de manterse na vangarda sanitaria.

En relación co VRS, o virus respiratorio sincitial, estímase que case o cento por cento dos nenos contraerán este virus antes de cumprir os dous anos de vida. Na nosa comunidade adoitaban producirse entre oitocentas e mil hospitalizacións anuais por esta doenza, e esas hospitalizacións non só afectaban nenos de risco, senón que o 98 por cento ocorría en lactantes sans. Por iso consideramos importante poñer en marcha unha campaña de vacinación para chegar a todos os nenos posibles. Con ese obxectivo, en setembro do pasado ano, iniciamos a primeira campaña de vacinación fronte ao VRS. En tan só catro semanas logramos inmunizar toda a poboación candidata e os nenos recentemente nados en tan só 24 horas tras o nacemento, con grandes beneficios e eficacia probada; a eficacia acadada foi dun 82 por cento fronte ás hospitalizacións por infeccións das vías respiratorias. Co bos resultados conseguidos, puxemos en marcha, por segundo ano, a campaña de vacinación. Comezou o 23 de setembro e xa se inmunizaron 7.260 nenos; iso representa que temos inmunizados case o 90 por cento nenos nados nesta campaña de vacinación. Este mesmo luns, iniciamos a inmunización fronte ao VRS nos centros de saúde para facilitar a vacina e para chegar aínda a máis nenos e nenas. Ofrecemos aos nenos nados desde o 1 de abril, que aínda non se inmunizaron nos hospitais, a posibilidade de vacinarse agora no seu centro de saúde.



Queremos dar o noso agradecemento ás familias porque, grazas á súa implicación e colaboración, as campañas de vacinación da Xunta son un éxito.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro, pola información que nos acaba de transmitir.

Sabemos que a sanidade en Galicia está en boas mans e que se consolidou como referente no ámbito da prevención, contando co Programa de vacinación máis completo do mundo ao incorporar a vacina 20-valente fronte ao pneumococo e a vacina do herpes zóster no calendario de adultos, ao cal se suma un calendario completo para a prevención da meningite, as vacinas contra o rotavirus, contra o virus do papiloma humano e contra a gripe, e o que antes lle preguntabamos contra o virus respiratorio sincitial en lactantes, no calendario infantil.

Ademais das infeccións derivadas do virus sincitial, existen outros virus que poden ocasionar infeccións respiratorias complicadas, tanto en maiores como en nenos, como é o caso da gripe e, precisamente, neste outono, estamos afrontando ese problema. Coñecemos que Galicia incorporou ao seu calendario a vacina da gripe intranasal, desde os 24 ata os 59 meses.

O presidente Rueda, esta mesma mañá, tamén nos transmitiu aquí, no Parlamento, que se vai ampliar a protección fronte ao virus do papiloma humano en varóns, desde os 17 anos —idade en que estamos agora— ata os 21 anos, no próximo 2025.

Por iso tamén queríamos preguntarlle: ¿como afronta a Consellería para o próximo ano a vacina fronte ao virus do papiloma humano e a vacina intranasal contra a gripe?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Señora deputada, Galicia foi pioneira en anunciar a vacinación fronte á gripe en nenos de entre seis meses e cinco anos durante a campaña 2022-2023, e obtivo a cobertura máis alta entre as comunidades que a introduciron no calendario: un 54,76 por cento, en Galicia, fronte ao 45,8 por cento, en Andalucía ou o 45,1 por cento, en Murcia.

Tamén na temporada 2023-2024, cando máis comunidades introduciron a vacina, seguimos á fronte da inmunización. Cos datos na man e analizando que unha das posibles causas para



non vacinar podería ser o reparo pola dificultade para a administración intramuscular, decidimos, nesta campaña 2024-2025, introducir unha novidade e apostar pola vacina intranasal fronte á gripe para nenos entre dous e cinco anos. Trátase dun aerosol nasal, polo cal a técnica de administración é menos invasiva e ten unha maior aceptación. Tamén se agarda que a efectividade sexa maior, pois a vacina atenuada activa o sistema inmunitario a nivel local e iso aumenta a neutralización do virus na mucosa nasal; deste xeito, case o corenta por cento dos menores de cinco anos está inmunizado fronte á gripe, sendo o obxectivo chegar ao sesenta por cento e restando, aínda, dous meses para rematar a campaña.

En canto á vacinación fronte ao virus do papiloma humano, desde o ano 2008 vimos inmunizando a poboación infantil feminina, as mulleres nadas a partir do 1 de xaneiro de 1994. En setembro de 2022 introducimos tamén esa inmunización para a poboación infantil masculina. Esta inclusión está xustificada, xa que nunha porcentaxe importante da enfermidade afecta os homes, asociándose co desenvolvemento de cancro orofarínxeo e de cancro de ano. Ademais, o feito de vacinar os rapaces tamén xera protección bidireccional, incrementando a protección das mulleres.

Este ano comezaremos unha nova estratexia de vacinación fronte ao virus do papiloma humano para inmunizar 27.000 varóns nados entre 2006 e 2009. Tendo en conta a evidencia científica, pasamos, ademais, de dúas a unha dose única da vacina, tanto para nenas como para nenos. A pauta única resulta altamente efectiva e iso nos permite tamén racionalizar o uso dos recursos para proporcionar unha maior cobertura. A porcentaxe da cobertura vacinal en nenas, desde que se incluíu o novo calendario de inmunización ata os doce anos, ronda o cento por cento. A vacinación en nenos vén sendo lixeiramente inferior, mais cabe esperar que, co cambio de pauta e coa súa maior practicidade, se acaden maiores coberturas de vacinación completa. Imos seguir traballando nesta liña, e o vindeiro ano incrementaremos a protección fronte ao virus do papiloma humano nos mozos varóns.

A aposta pola prevención é moi importante, por iso quero aproveitar a miña intervención para facer un chamamento á poboación para a vacinación. É importante que a xente se vacine fronte á covid e á gripe porque os patróns da enfermidade fan prever que este ano o pico de incidencia se deterá e terá unha sintomatoloxía máis complicada. Este chamamento inclúe, como non podía ser doutro xeito, todos os integrantes desta Cámara.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Como di o refraneiro: «máis vale previr que curar».

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a previsión que ten o Goberno galego respecto do cumprimento do Plan funcional do Hospital Gran Montecelo, aprobado o 23 de xuño de 2017

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Castro.



A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleiro.

Hoxe gustaríanos que vostede nos aclarase unha dúbida que nos xorde a raíz das últimas informacións publicadas en relación co traslado dos servizos do Hospital Provincial ao novo Montecelo.

Mire —e non vou imputarullo a vostede porque acaba de chegar—, gustaríame salientar aquí que a Área Sanitaria de Pontevedra leva anos sufrindo unha gran lacra que impediu poder prestar un servizo de calidade polo capricho do Goberno do Partido Popular que, no seu día, no ano 2011, se emperrou en non continuar cun proxecto do hospital que previra o Goberno de Touriño, e quixo facer unha obra faraónica nun lugar que —como o tempo demostrou— non tiña nin pés nin cabeza. Pois ben, deses pos, estes lodos, e agora inauguraremos o Gran Montecelo con catorce anos de atraso.

Aínda coa obra sen rematar, xa comezan a aparecer voces que fan arestas, insinuacións, portas abertas a quen non se cumpra ese plan de usos aprobado; un plan de usos, o de Montecelo, que o Goberno galego sempre presumiu de ser un plan consensuado cos profesionais —aínda que moitos profesionais non digan o mesmo—, pero que agora parece que tampouco se vai cumprir. E a iso súmanse tamén os bandazos que leva dando o Goberno galego nos dous últimos anos en relación co futuro do Hospital Provincial, é dicir, un edificio senlleiro que leva vinculado a un uso sanitario dende o século XV —dende 1400 e pico—, e que vostedes pretendían convertelo nunha residencia universitaria; unha escusa perfecta para seguir desmantelando a asistencia sociosanitaria pública.

Por iso o Partido Popular votou en contra dunha iniciativa lexislativa popular traída no ano 2017 pola Asociación SOS Sanidade Pública, que pedía un uso sociosanitario para este edificio, pero é que agora parece que tampouco vai ter ese uso, é dicir, ese uso residencial do cal falaban vostedes, porque a última noticia do xornal dicía, en boca dunha representante do Sergas, que, polo menos cinco servizos hospitalarios permanecerían no Hospital Provincial mentres non se reformase o vello Montecelo. E falaba de hospitalización de oncoloxía, psiquiatría, medicina interna, coidados paliativos e varias unidades de cirurxía ambulatoria.

Pero o peor é que José Flórez, o xerente da área sanitaria, dixo que o óptimo sería que os recursos estivesen concentrados no Novo Montecelo tras a reforma, pero, para o caso de que esta infraestrutura quedase pequena e non fose capaz de asumir todos estes servizos, sería o Hospital Provincial a alternativa posible.

Preocúpanos moito, preocúpanos sobre todo a situación de psiquiatría; unha área que leva padecendo unha evidente discriminación dende hai anos e que se atopa nunha situación terrible de persoal e de medios materiais. E son datos obxectivos. O xefe de psiquiatría do CHOP dixo hai pouco nunha mensaxe desesperada que levaban os nove primeiros meses de 2024 unicamente co 50 por cento da plantilla —unha plantilla que xa é insuficiente—, ou co 40 por cento das camas dispoñibles. E, ante iso, temos na área sanitaria 10.000 peticións de consulta máis ao ano, o triplo que hai unha década, e 24.000 persoas diagnosticadas cunha patoloxía mental.

¿Que vai facer vostede, señor conselleiro? (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señoría, vou responder a súa pregunta directa e rapidamente: Si, a Xunta vai cumprir integramente o Plan funcional do Novo Montecelo. Pero voulle dicir máis, as súas sospeitas son completamente infundadas. As palabras do xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e do Salnés non son novidosas, reflicten o que sempre se dixo. A construción do novo Montecelo consta de dúas fases.

A primeira fase é a que vostedes pensan que é a definitiva, a construción dos novos edificios nos que a Xunta está a investir 170 millóns de euros e que afrontan a última fase da súa execución. E é nestes edificios onde se situarán os primeiros servizos que veñen dende o Hospital Provincial. Entre eses servizos estarían as Urgencias Pediátricas, Pediatría, Obstetricia, Xinecoloxía, Neuroloxía, Medicina Interna e Oncoloxía. Pero os investimentos e a transición cara ao Novo Montecelo non rematarán aí.

Despois virá a fase dúas. Nesta fase procederase á reforma do actual Montecelo co obxectivo de adecuar as instalacións para outras especialidades, que unicamente ata entón permanecerán no Hospital Provincial.

Non é ningún drama, señora Castro, nin ningunha sorpresa; todo o contrario. Trátase de facer as cousas ben, conforme o planificado e pensado, e non con présas. Eu entendo que cando un non ten responsabilidades de goberno pensa que as cousas se fan á lixeira, por iso veñen aquí montar unha polémica absurda e cuestionar o cumprimento do Plan funcional, sen molestarse en coñecer realmente o que é ese Plan funcional.

Eu podo dicir orgulloso que o Goberno da Xunta de Galicia cumpre; cumpre porque a Xunta é quen de aprobar en tempo e forma os orzamentos que fan posible facer realidade aquilo que comprometemos. Para cumprir co Novo Montecelo contamos nos orzamentos do próximo ano con máis de 41 millóns de euros destinados a rematar as obras e a avanzar nas actuacións do aparcadoiro e da nova cafetería. E contamos, ademais, con 30 millóns de euros para destinar ao equipamento do novo hospital.

O Goberno galego cumpre o que promete e cumprirá o Plan funcional do Novo Montecelo.

Moitas grazas pola súa atención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.



Señor conselleiro, coñecemos de sobra o Plan de usos do hospital Novo Montecelo e estas dúas fases; a primeira, da ampliación do novo hospital, e a segunda, de reforma do antigo. Pero creo que non ten vostede moita coordinación co xerente da Área Sanitaria de Pontevedra, porque, mire, vou reproducirlle o que dixó literalmente: «O óptimo sería que os recursos quedasen concentrados no novo hospital e na reforma do antigo Montecelo, pero, para o caso de que estas infraestruturas» —en plural— «non sexan capaces de satisfacer toda a demanda de prestacións sanitarias, o ideal sería manter con pulso o Hospital Provincial». Polo tanto, aclárense vostedes.

En relación ao Hospital Provincial, nós insistimos na necesidade de manter o uso sociosanitario, unha vez sexan trasladadas todas estas áreas sanitarias a Montecelo, a Mourente. E queremos porque é necesario garantir unha atención de calidade en servizos como o Servizo de Urxencias Extrahospitalarias, a Unidade de Saúde Mental Comunitaria, un novo centro de atención primaria, o Servizo de Rehabilitación Extrahospitalario, o Centro de Orientación Familiar ou o Centro de Atención aos Drogodependentes, que vostedes seguen sen asumir e ao que hoxe mesmo votaron en contra. Todos son servizos dos que carecemos na nosa área sanitaria.

O Servizo de Saúde Mental, que está moi mermado tanto de medios materiais como de medios persoais, fai que algunhas asociacións como a Asociación Alba —que hoxe nos acompaña neste hemiciclo e aos que quero saudar dende aquí— teña que suplir unha obriga que ten que facer a Administración e teña que dar saída a todos eses enfermos mentais que non están debidamente asistidos na nosa área sanitaria, porque temos un plan de saúde mental que non dá chegado, porque Galicia está á cabeza no consumo de psicofármacos e ten unha media dun suicidio ao día, fronte á media de España, que é máis inferior, e porque temos unha carencia total de profesionais de saúde mental por habitante, tanto en psiquiatría e psicoloxía, e moitos problemas de saúde mental infantojuvenil.

Señor conselleiro, os pontevedreses esperamos que a obra do Gran Montecelo non sexa só unha obra faraónica, senón que tamén...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora CASTRO REY: ...dea uns servizos sanitarios de calidade. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor Gómez Caamaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas.

Señora deputada, a pregunta sobre o Plan funcional creo que a respondín na primeira intervención, e nesta segunda intervención vou aproveitar para contarlle o equipamento —para facilitar esas prestacións que exige— adquirido pola Xunta de Galicia para este hospital.



O Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra, o Novo Montecelo, será o primeiro de Galicia en contar na súa totalidade con quirófanos dixitais. Para iso investiremos unha partida de case un millón e medio de euros na tecnoloxía precisa. Isto permitirá a interconexión dos diferentes equipos xeradores de imaxe no quirófano, a transferencia desas imaxes fóra do quirófano e a integración dos datos tanto na historia clínica IANUS como noutros sistemas corporativos.

En total, a Xunta vai investir máis de 7,2 millóns na área cirúrxica do Novo Montecelo. Por outra banda, destinaremos 5 millóns para os novos equipos de ecografía para o hospital, case 1,6 millóns no equipamento dos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear, que evitarán o desprazamento a Vigo de máis de 500 pacientes cada ano; 1,1 millóns irán ao equipamento para realizar estudos de cabeza, tórax, abdome-pelve, estudos musculoesqueléticos, estudos neurolóxicos e estudos cardiolóxicos; e tamén, no eido da farmacia hospitalaria, haberá unha forte innovación, dedicando máis de 2,5 millóns de euros á robotización e á automatización do almacenamento.

Miren, podería aburrilos con moitas máis cifras de investimento, material de laboratorios, camas, cadeiras, respiradores, sistemas de monitorización..., pero, coido que xa lle debería ir quedando claro que estamos facendo todo o necesario para que o Novo Hospital Montecelo sexa un hospital de vangarda, un orgullo para a sanidade pública galega.

E iremos máis alá do estritamente sanitario coa execución dun novo aparcadoiro en Montecelo. Este mesmo luns publicábase no *DOG* a memoria xustificativa da proposta necesaria para comezar a materializar esta infraestrutura. Falamos de 892 prazas, de tarifas accesibles; falamos dun primeiro tramo de balde e falamos de bonos para os traballadores.

Agardo que con todos estes investimentos que lles narrei ás señorías do PSOE lles quedase claro o compromiso que temos co Novo Hospital Montecelo, coa Área Sanitaria de Pontevedra e con todo o Sistema sanitario público de saúde galego, para que sempre, sempre, sempre sexa punteiro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Imos coa última pregunta da orde do día.

Pregunta de D. José Luis Ferro Iglesias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a posibilidade de materializar un pacto pola lingua entre todas as forzas políticas parlamentarias

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Señorías.



Señor conselleiro, fagamos un exercicio de memoria. Os gobernos do Partido Popular foron os promotores de todo o marco normativo no que respecta á lingua galega; desde a Lei de normalización do ano 1983, pasando polo Plan xeral de normalización lingüística do 2004, ata o Decreto do plurilingüismo no ano 2010, e, por suposto, tamén poderíamos citar a coñecida como Lei Paz Andrade do ano 2014.

Todo isto deixa claro que o Partido Popular en Galicia sempre liderou o impulso pola lingua, tamén nesta lexislatura, onde quero poñer en valor o feito de que, por primeira vez, apareza a palabra «lingua» explicitamente no nome da Consellería de Cultura. Isto, lonxe dunha anécdota, é toda unha declaración de intencións do Goberno galego a favor do impulso que se lle quere dar á nosa lingua.

O noso obxectivo é trasladar a cordialidade lingüística, que xa existe entre os galegos na rúa, porque, señorías, nós non detectamos ningún enfrontamento, e trasladar esa cordialidade, como dicía, aos despachos políticos e ao Parlamento. De feito, é un acerto que sexa esta casa quen acolla as distintas reunións que xa se iniciaron por parte da Consellería cos distintos grupos parlamentarios para tratar de achegar posturas de cara a conseguir un pacto pola nosa lingua, un diálogo con todas as forzas políticas, para tratar de procurar os consensos necesarios que permitan seguir impulsando e prestixiando o uso do galego en todos os ámbitos. Este primeiro contacto con vostede nesa primeira reunión foi, a xuízo do Grupo Popular e a xuízo de quen lle fala, moi satisfactoria.

Pola nosa parte, amosamos a máxima disposición para chegar a acordos sen liñas vermellas, tendo en conta que dende o noso grupo entendemos que o gran reto que temos agora mesmo encima da mesa relacionado coa nosa lingua está no seu uso e non no ensino nin nas capacidades lingüísticas dos que a falan.

Necesitamos chegar a acordos para, desde a unión, afrontar os desafíos que supoñen a emigración, os neofalantes e as áreas da nosa terra con menor uso da nosa lingua.

Señor conselleiro, pode contar co noso compromiso de diálogo. Dende o noso grupo pensamos que a nosa lingua é algo de vital importancia para Galicia. Conte con toda a nosa disposición para chegar a acordos.

E por iso hoxe, señor conselleiro, quixeramos formularlle a seguinte pregunta: ¿que valoración fai o Goberno galego en relación coa posibilidade de facer realidade un pacto pola lingua entre todas as forzas políticas parlamentarias?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, o señor López Campos.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moi ben. Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor Ferro, creo que é moi acaída esta pregunta, ademais para rematar este pleno, porque, efectivamente, foi este goberno, aos poucos días de tomar posesión e comezar esta lexislatura, o que trasladou a firme convicción, a firme vontade de diálogo, para poder chegar a un acordo de país nunha materia tan importante como é a nosa lingua. Esa foi a proposta que fixemos. Aproveitamos para facela nesta Cámara a petición propia, e esa é a firme vontade do Goberno galego, e vexo —tamén con moito agrado— que tamén a do Grupo Parlamentario Popular. Porque todos coincidimos en que é necesario seguir prestixiando a nosa lingua, porque cremos que, ademais, debemos de adaptarnos sen ningún tipo de temor e de medo aos cambios da nosa sociedade, algo ao que a lingua, por suposto, non é allea, e estou totalmente convencido, non me cabe ningunha dúbida, de que podemos chegar a un novo acordo.

Vostede fixo referencia a eses acordos do ano 1983, do ano 2004 ou do ano 2014, coa Lei Valentín Paz Andrade. Este novo acordo ten que ser con base no moito que nos segue unindo e non naquilo que nos divide polas poucas cuestións que nos separan.

Por iso, nestas últimas semanas, iniciamos esas conversas coas distintas formacións políticas con representación parlamentaria, e teño que dicir que o clima foi especialmente bo. Nelas puidemos comprobar a importancia que para todos ten o uso da lingua, para todas as forzas políticas representadas neste Parlamento. E, ademais, creo que compartimos todos a mesma diagnose. Estamos realmente sensibilizados coa situación do galego, creo que somos realmente conscientes de que o noso idioma é un dos nosos maiores tesouros como sociedade e, ademais, cremos todos firmemente que é a maior herdanza que recibimos; polo tanto, é o noso compromiso e a nosa responsabilidade podela transmitir e, polo tanto, temos que seguir, sen ningún tipo de dúbidas, avanzando nese diálogo aberto para tomar as medidas que permitan poñer e, desde logo avanzar, no futuro e na evolución da nosa lingua.

Con ese propósito este goberno xa puxo en marcha medidas concretas de forma inmediata, como pode ser o incremento nos orzamentos para a promoción de campañas do uso da lingua galega, a promoción tamén do voluntariado lingüístico ou o impulso do neofalantismo. Pero tamén dende aquí, dende o Parlamento galego, temos que seguir traballando e, sobre todo, transmitindo á sociedade galega unha mensaxe clara: que estamos todos unidos na defensa do galego e que as posibles discrepancias non nos van impedir establecer un marco negociador que nos permita chegar a acordos.

Estou convencido e estou totalmente persuadido de que isto vai ser así, e valoro, de feito, moi positivamente a actitude das tres formacións políticas, ou das catro formacións políticas, que tomaron parte nese proceso negociador.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Para a réplica, o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Sabemos do traballo por parte da súa consellería a prol do impulso do galego. Este traballo fixo que en Galicia teñamos un modelo propio, integrador e de bilingüismo cordial, ademais de que promovamos a aprendizaxe de linguas estranxeiras e de que aproveitemos os vínculos co mundo da lusofonía. A política do Goberno galego é un exemplo de convivencia lingüística. Grazas a este modelo, Galicia é a primeira comunidade de España onde o alumnado fala dúas linguas con máis facilidade. Por iso, somos optimistas ante o Pacto da lingua, pois observamos que cada vez somos máis os que entendemos que co monolingüismo non se pode ir moi lonxe. Xa estamos vendo brotes verdes noutros lugares, e alegrámonos diso.

Xa citou vostede novas medidas que irán implementando o máis pronto posible, sempre procurando o consenso e a escoita de todas as partes. Non as vou eu volver enumerar. Esa é a folla de ruta da Consellería que vostede preside. Son importantes medidas e estratexias que de seguro serán máis coas aportacións que lle faremos nós, os distintos grupos políticos.

Pola nosa parte, conte coa nosa colaboración, xa que somos conscientes de que a nosa lingua é un tesouro, como vostede dicía, que entre todos debemos coidar e compartir. Non é un tesouro propiedade de ninguén, é de todos, e só así seguirá sendo un símbolo de unidade entre todos os galegos.

Señor conselleiro, o Grupo Popular non quere que a nosa lingua se converta nun símbolo de división, por iso —reitero—, conte con nós para tratar de chegar a un pacto pola lingua, pois somos conscientes do moito que nos xogamos co futuro da nosa lingua.

E para rematar, e tendo en conta que precisamente onte se anunciou a creación da Cátedra Castelao, a ver se me pode aclarar unha última cuestión: ¿pode adiantarnos algunha das iniciativas que van propoñer a este respecto desde a súa consellería?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra o señor López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señor Ferro, unha vez máis, moitas grazas e en hora boa pola súa intervención. Creo que nos deixa un escenario de posible acordo, de pacto, de normalidade, de cordialidade lingüística. Creo que é o que buscan e o que esperan de nós os galegos.



Quero agradecer esa vontade e ese compromiso de diálogo, e anunciarlle que xa nas vindeiras semanas seguiremos afondando, a través dese proceso iniciado de diálogo, nese pacto, nese ansiado Pacto pola lingua, que ademais tivo tan boa acollida na sociedade galega. E farémolo, por suposto, dende aquí, con base no Parlamento de Galicia, pero está aberto tamén ao resto de institucións, que teñen que afondar nese pacto. Farémolo con novas reunións, que convocaremos xa nos vindeiros días, farémolo con máis propostas, que tamén iremos anunciando, e algunha farémola hoxe, e tamén con máis acordos, que eu creo que é a base fundamental da nosa proposta, os acordos en materia de lingua.

E dígollo porque estou convencido de que así vai ser. Discutimos no día de hoxe, por exemplo, por unha cuestión excepcional, que pode permitir que menos do 1 por cento dos funcionarios interinos de Galicia poidan acceder á función pública, para non desabastecer, para que non teñamos vacantes nunhas prazas de prestación de servizos fundamentais. Discutimos porque ese 1 por cento, de maneira excepcional, poida acceder desta maneira. Creo que é moitísimo máis —e cada vez estou máis convencido— o que nos une que o que nos separa, e é moito máis o que poidamos pensar sobre a lingua de forma común que o que poidamos —entendo eu— discrepar en cuestións que son relativamente menores, ou en cuestións que son relativamente excepcionais.

Por iso, como lle dixen antes, nós propuxemos —e xa o trasladamos— os acordos para poñer en marcha un plan con máis de cincuenta medidas, unha renovación do Plan xeral de normalización lingüística, maior compromiso orzamentario e tamén o marco negociador no ámbito da Carta europea das linguas, que creo que nos abre un escenario interesante para poder chegar a acordos.

Pero, ademais, gustaríame anunciarlles hoxe que o Goberno galego propón ás forzas políticas con representación parlamentaria a dotación dun acordo, que despois se trasladará en medidas executivas por parte do Goberno, para que o vindeiro ano 2025 sexa declarado Ano Castelao, coincidindo co 75 aniversario do pasamento deste insigne persoeiro, referente do galeguismo de onte e do galeguismo de hoxe.

Arredor da figura de Castelao, arredor da súa figura, debemos acadar eses consensos, eses acordos políticos, que permitan construír unha Galicia máis próspera, na que a nosa lingua siga sendo referencia e sinal de identidade, non só aquí, senón tamén alén das nosas fronteiras.

Espero que así sexa e que agarden por parte do Goberno galego a resposta para poñer en marcha as medidas e as políticas necesarias para que ese Ano Castelao sexa o ano de Galicia e da lingua galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematamos a sesión desexándolles a todos que disfruten do que queda de día.

Moitas grazas.

Remata a sesión ás tres e cinco minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

